



Valedor do Cidadán / Actuacións de Oficio

Percepción social do fenómeno do botellón

Aplicación ao municipio de Vigo

EDITAN

Valedor do Cidadán
Concello de Vigo

DIRECCIÓN

Luis Espada Recarey

COORDENADOR XERAL

Víctor Manuel Martínez Cacharrón

COORDENADOR INFORMÁTICO

Guillermo Rey González

COLABORADOR SOCIÓLOGO

José Antonio López Rey

COLABORADOR ESTATÍSTICO

José María Matías Fernández

**COLABORADORES NA
REALIZACIÓN DE ENQUISAS**

Enrique Bautista Díaz
Natalia Costas Alonso
Damián Cuadrado Rodríguez
María del Pilar Fernández Pérez
Iván González Rodríguez
Mercedes Herrero Padín
Daniel Ledo Martínez
José Morales Pérez
Adrián Rodríguez Bravo
Sara Rodríguez Durán
Cristina Rodríguez Soalleiro
Raquel Santamaría Rodríguez
Roberto Santamaría Rodríguez
Carlos Ulloa Sande

DESEÑO, MAQUETACIÓN E CAPA

Diego Durán

IMPRIME

Gráficas Roel

DEPÓSITO LEGAL

XXXXXXXXXXXXX

ISBN

XXXXXXXXXXXXX

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

Entre o lecer e a convivencia	7
-------------------------------------	---

PARTE I: O BOTELLÓN COMO FENÓMENO SOCIAL

1. Definición	9
2. Orixe	9
3. Elementos. Características	9
4. Problemas asociados	11
5. Causas	12
6. Tratamento legal	14
7. Tratamento do botellón nos medios de comunicación	19

PARTE II: O CASO PARTICULAR DE VIGO

1. Formulación específica	21
2. Obxectivos	22
3. Metodoloxía.	
3.1. Método de recompilación de datos e fontes	22
3.2. Ficha técnica	23
4. Información complementaria	24
5. Cuestionario	25

PARTE III: RESULTADOS OBTIDOS

ENQUISA A XOVENS ENTRE 14-26 ANOS

1. Resultados globais	31
2. Resultados por zonas	43
3. Resultados por distritos	57

PARTE IV: RESULTADOS OBTIDOS

ENQUISA A MAIORES DE 26 ANOS

1. Resultados globais	77
2. Resultados por zonas	89
3. Resultados por distritos	103

PARTE V: TENDENCIAS OBSERVADAS

1. Enquisa realizada a xovens de idades comprendidas entre os 14 e os 26 anos	125
2. Enquisa realizada á poboación comprendida entres os 27 e os 80 anos	149
3. Maiores de 26 anos vs. Xovens de 14 a 26 anos	175

PARTE VI: DATOS A TENER EN CONTA PARA UNHA FUTURA ORDENANZA SOBRE O LECER E A CONVIVENCIA

1. Xovens entre 14-26 anos.....	187
2. Maiores de 26 anos	190
3. Global.....	194
4. Maiores de 26 anos vs. Xovens	195

EPÍLOGO	199
----------------------	-----

BIBLIOGRAFÍA	203
---------------------------	-----

ANEXO I

Resultados das enquisas.....	205
------------------------------	-----

ANEXO II

Peculiaridades dos distritos	217
------------------------------------	-----

PRESENTACIÓN

ENTRE O LECER E A CONVIVENCIA

Apesar dos esforzos legislativos dos últimos anos, e das fallidas tentativas de fomentar alternativas de lecer saudábeis, parece que a práctica do botellón continúa nos mesmos niveis que antes de estalar a polémica. Isto pode dar lugar ao desánimo, porén, hai un caso concreto que nos pode orientar sobre cal debe ser o camiño axeitado para topar a solución; é o de Estremadura, onde, apesar de ter unha lei restritiva, esta é asumida por todos os axentes xa que máis que produto do poder legislativo, esta lei é resultado dun profundo estudo demoscópico e debate social levado a cabo através do denominado Proxecto Futuro. Este proxecto foi realizado en diferentes fases e métodos, no que se levou a cabo unha diagnose precisa do fenómeno do botellón nesa comunidade autónoma, conseguindo implicar a toda a poboación na resolución do problema.

O consumo de bebidas alcohólicas na vía pública, botellón ou “garrafeo” constitúe un fenómeno complexo e poliédrico que ocasiona problemas de convivencia e de saúde pública co consumo abusivo de álcool por parte da mocidade, o coa gravidade do importante número de menores que o frecuentan (estímase que ao redor do 30% dos asistentes ao botellón son menores de idade).

Perante este fenómeno, está constatado que as medidas represivas, sen un debate social profundo previo, non son efectivas. Portanto, antes de abordar a regulamentación do mesmo sería preciso realizar un estudo profundo dos hábitos da cidadanía e das causas do fenómeno en Vigo así como fomentar o debate na sociedade no seu conxunto, resultando fundamental a implicación de todos os actores implicados na procura da solución ao problema.

Este é, pois, o obxectivo desta Monografía que se presenta

Convén lembrar que a convivencia, un concepto non fácil de definir, pode ser a arte de vivir socialmente, ao igual que tamén pode consistir nunha aprendizaxe continuada, a modo dunha facultade que modela e dá sentido ás nosas vidas como intermediaria indispensable entre as ideas, os desexos e a acción individual. Por todo isto, non é estraño que, en todos os grandes tempos, a historia dos grandes proxectos da humanidade e as aspiracións de mudanza social tentaran, primeiro, as transformacións do individuo mediante unha ensinanza integral e unha educación cívica, entendidas máis como prácticas cotiás e culturais que como ensinanza regulada.

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

Con estas formulacións, ínstase sinceramente á cidadanía de Vigo, através dos seus representantes municipais eleitos, á enxuciaren con mirada crítica o exercicio desta tarefa que estamos a realizar por delegación do Pleno. Así pois, debemos deixar constancia que foi factíbel levar a cabo as actuacións realizadas para entendermos o fenómeno do botellón grazas á confianza cos cidadáns de Vigo que acudiron a presentarnos os seus problemas, suxestións, dúbidas e queixas.

Temos a esperanza e o desexo de que esta Monografía que se presenta sexa de utilidade á cidadanía viguesa e facemos constar que foi realizada con total e absoluta independencia e autonomía, sen interferencia de nengún membro dos partidos políticos que compoñen o pleno municipal, coa única e exclusiva intervención dos colaboradores desta Oficina do Valedor do Cidadán, que actuaron en todo momento con total liberdade e, polo tanto, responsabilidade do seu contido.

Luis Espada Recarey

PARTE I

O BOTELLÓN COMO FENÓMENO SOCIAL

1.- DEFINICIÓN

O consumo de álcool fai parte da nosa cultura, presente en todos os actos e celebracións; por outra parte, a celebración na rúa e o consumo de álcool na mesma, tamén constitúe un hábito peculiar da cidadanía. Deste xeito, o botellón non é máis que unha adaptación á nova sociedade dos vellos costumes.

Podemos definir, seguindo a definición de A. Baigorri, o botellón como a *“reunión masiva de mozos de entre 16 e 24 anos fundamentalmente, en espazos abertos de libre acceso, para beber a bebida adquirida previamente en comercios, escoitar música e falar”*.

2.- ORIXE

Parece aceptado que o botellón orixinouse a principios da década dos 90 nas cidades de Cáceres e Salamanca onde, en resposta espontánea á suba de prezos das copas e á imposición de límites horarios aos bares, os estudantes universitarios comezan a practicar o botellón.

Na década dos 90 o fenómeno xeneralízase en practicamente todo o territorio estatal e comezan as protestas veciñais. Porén, non é até o 2000 cando se comeza a falar de problema ao referírmonos ao botellón, coincidindo coa suba de ton nas protestas veciñais en Madrid e a súa recollida por parte da prensa madrileña.

3.- ELEMENTOS. CARACTERÍSTICAS

Podemos comezar sinalando que o feito de reunirse multitude de persoas na rúa, con bebidas alcoólicas, coa finalidade de se divertir é o máis parecido ás romarías e festas populares que ocorre hoxe en día. E o certo é que comparten con estas ditas características; o botellón é un acto lúdico cuxa principal finalidade é a diversión dos asistentes

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

que consiste na reunión de persoas en espazos públicos, cun consumo abusivo de alcohol e con nocturnidade (se ben é certo que esta última característica non a reunían as festas populares até hai ben poucos anos).

E até aquí chegan as coincidencias, xa que o botellón presenta dúas características que o diferencian claramente: é un acto repetitivo e restrinxido. É repetitivo xa que se realiza todos os fins de semana (venres e sábado), estendéndose en ocasións aos xoves, nas vísperas de festivos e en determinadas datas sinaladas (festas locais, universitarias, etc.).

E por outro lado é un acto restrinxido, é dicir, se ás festas populares está “convidada” toda a sociedade, ao botellón só asisten adolescentes e mozos, o que converte ao botellón nun acto de reafirmación grupal, só a mocidade participa nel, establecendo unha fronteira co “mundo adulto”.

Deste xeito pódense establecer varios elementos que rematan de configurar o botellón. Por un lado, os mozos están aí porque queren estar, máis alá da ausencia ou non de alternativas reais á práctica do botellón, os mozos queren o botellón.

Outro dos elementos a sinalar é a grande tolerancia social perante o consumo de alcohol. Enténdese como “normal”, como un dos ritos que dan paso á idade adulta o consumo, incluso abusivo, de alcohol, de feito se os consellos paternos advertindo dos perigos ante o consumo doutras drogas chega até o 76% dos mozos, esta porcentaxe redúcese alarmantemente até o 16% no caso do alcohol.

Ademáis, o botellón entendido como forma de lecer xuvenil nocturno autoxestionado e baseado no consumo de alcohol en espazos non comerciais é un fenómeno de natureza global, e se ben con diferenzas culturais, dase en toda Europa, Estados Unidos e América Latina. De xeito que a forma de lecer máis común na sociedade global actual confórmana o trinomio mocidade-noite-alcohol.

Cumpre sinalar que o botellón constitúe un proceso de socialización. Como xa se remarcou, está restrinxido á xente moza e engloba os elementos necesarios para constituírse como un “rito” de transición á idade adulta: afirmación grupal, ausencia de normas sociais, pois no botellón o “mundo adulto” non ten capacidade de influencia, xa non é só o feito da non presenza de adultos, senón que tampouco hai normas de comportamento que respectar (poden falar, bailar... mais tamén saltar, berrar, fumar... comportamentos non tolerados dentro dos locais). E se ben é certo que isto lle abre as portas a determinadas accións de vandalismo, non é menos certo que estas constitúen a excepción. E, apesar da primeira impresión, o botellón é un fenómeno con pouca violencia; de feito, a maioría de pelexas e mortes acontecidas durante o lecer nocturno acostuman acontecer nas inmediacións de discotecas e bares, non nas zonas de botellón.

Por último sinalar que esta función socializadora maniféstase na necesidade de participar activamente na principal actividade do botellón, para ser considerado "membro do grupo" é imprescindible conversar.

4.- PROBLEMAS ASOCIADOS

En virtude das consecuencias indesexadas que o fenómeno do botellón conleva é polo que é considerado un problema social.

Podemos sinalar fundamentalmente tres problemas asociados co botellón:

- a) O consumo de álcool por menores
- b) Ruído
- c) A degradación do espazo público

a) O consumo de álcool por menores

No botellón bébese, bébese moito, e apesar da alta tolerancia social que existe ao respecto e de que non se poden establecer táboas comparativas con outras épocas non podemos obviar determinados datos.

Por un lado, segundo datos do INJUVE a idade de inicio ao consumo de álcool en España sitúase nos 13,5 anos, o inicio a asistencia ao botellón nos 14 anos, xusto antes do inicio ao consumo habitual de álcool (14,5 anos). Así mesmo, está constatado que canto máis se atrasa a idade de inicio no botellón máis se atrasa o inicio ao consumo habitual de álcool.

Por outro lado as últimas investigacións médicas sinalan que o consumo de álcool por parte dos menores leva consecuencias moito piores das agardadas, afectando non só ás capacidades físicas, senón que leva graves prexuízos para o desenvolvemento neuronal e das capacidades psíquicas.

Ademais, a diferenza das xeracións anteriores, a mocidade actual está adoptando prácticas de consumo tipicamente anglosaxonas; a coñecida como "borracheira de fin de semana". O consumo destínase a emborracharse, de xeito que a intoxicación etílica deixa de ser unha consecuencia e pasa a ser a finalidade do consumo. O álcool é empregado como as demais drogas, buscando os efectos que provoca.

b) O ruído

Este é un problema derivado da dimensión cuantitativa do fenómeno do botellón. A reunión de centos ou miles de mozos falando, berrando, etc. provoca niveis de ruído incompatíbeis xa non só co descanso, senón tamén coa realización de calquera outra actividade que non sexa a participación no botellón.

De tal xeito que o botellón “introdúcese” nas vidas dos veciños das zonas afectadas, producíndose unha clara confrontación de dereitos e liberdades, hai unha clara ruptura da convivencia social.

c) A degradación do espazo público

Despois da estancia de miles de persoas ataviadas con bolsas, botellas, etc. e das súas necesidades fisiolóxicas, os lugares de celebración do botellón convértese en auténticas lixeiras. É un problema claro de civismo, de educación social nun país que nunca puido presumir da súa limpeza, e isto fica reflectido en que o 47,3% dos participantes considera cívico o seu comportamento.

Ademais, aínda que non é a práctica habitual o certo é que nas zonas onde se realiza o botellón aumentan os casos de vandalismo con destrozos no mobiliario urbano, escapates, etc..

5.- CAUSAS

Neste tema cumpre diferenciar entre as razóns que sinalan os mozos para asistir ao botellón e as causas ou tendencias sinaladas nos diversos estudos sociolóxicos para explicar este fenómeno.

Pódese dicir que unanimemente a xuventude fala de motivos económicos para acudir ao botellón, e o certo é que co mesmo custe no botellón bébese moitísimo máis que nun local. Porén, non existe discriminación económica no botellón, a el asiste toda a mocidade con independencia do seu nivel de ingresos ou clase social. Ademais, outra das razóns sinaladas polos asistentes é a falta de alternativas. Os mozos láianse de non ter outras ofertas de lecer nocturno, sen embargo nen eles ofrecen nengunha (INJUVE 2004: o 30% non sinala nengunha), e o pouco suceso de todos os programas de lecer saudábel ofertados ao longo do Estado está máis que constatado.

Tendo todo isto presente, desde unha perspectiva sociolóxica téñense achegado as seguintes causas ou tendencias globais das que o fenómeno do botellón aparece como un sintoma:

1. O nacemento da “Sociedade de 24 horas”; é dicir, a fronteira entre o día e a noite difumínase, e a cidade debe estar disposta a ser empregada durante as 24 horas.
2. A aparición do lecer como sector fundamental da sociedade, como un sector produtivo propio e a economía do lecer e o álcool configúrase como un sector fundamental da economía.
3. A aparición da institución do “fin de semana”. A concepción dos tempos mudan radicalmente, se as xeracións anteriores concebían como tempo de descanso o domingo, agora o fin de semana aparece como un “longo domingo” coa posibilidade de estruturar tempos e planificar diversas actividades. Sen embargo, para as novas xeracións non hai consciencia dese alongamento, e de feito o fin de semana parece curto (daí a tendencia a dedicar as noites dos xoves tamén para o lecer). Ademais, e como consecuencia, o lecer é asimilado nas novas xeracións practicamente como un dereito fundamental.
4. A constitución do coñecido como “placenta social” que leva a falta de presa por incorporar ás novas xeracións no mercado de traballo, co alongamento dos periodos de formación. Este fenómeno que deu orixe ao que se deu en chamar a “adultescencia” tamén pode analizarse desde a perspectiva de que son as familias as que están asumindo os custos da precariedade laboral e da ausencia de políticas de vivenda.

Perante esta situación a mocidade áchase nun estado de frustración, de malestar, fronte o que reaxe dunha forma dual e non necesariamente incompatible; por un lado, considérase imposible avanzar na súa realización vital e persoal entrando de cheo na vida adulta, e por outro, adíase ao máximo posible esa mesma entrada porque é considerada como unha “castración” da propia vontade, como unha “claudicación” ante o sistema.

Este fenómeno ten unha relación directa co botellón, xa que é con ese paso á idade adulta, coa entrada de cheo no mundo laboral (entre os 25 e 30 anos) cando se abandona a práctica do botellón.

5. Outra tendencia que inflúe na aparición do botellón é a coñecida “dimisión parental”, o abandono por parte dos pais das funcións de control que tradicionalmente asumían até que o menor acadaba a maioría de idade (INJUVE 2004: 40% dos pais dos asistentes ao botellón menores de 19 anos non exerce ningún tipo de control sobre as actividades de lecer nocturno dos mesmos).

Estas tendencias, a dimisión parental, prodúcese en xeracións que ao mesmo tempo apoiaron a degradación do Estado do Benestar acaecida nos fins do Século XX, e que sen embargo reclaman do Estado que realice cos seus fillos as funcións de educar, dotar de valores e control (escola, televisión, policía).

6. TRATAMENTO LEGAL

Desde a Unión Europea tense manifestado a preocupación polo consumo abusivo de álcool en diversas ocasións, sinalando que apesar de que aproximadamente o 85% da poboación adulta dos países membros realizan un consumo responsábel, en torno ao 15% da poboación ten un comportamento potencialmente nocivo e abusivo con respecto ao álcool.

Atendendo ás grandes diferenzas culturais respecto ao álcool nos diferentes países da UE descártase a posibilidade de realizar unha produción lexislativa propia ou harmonizada desde as instancias europeas, daí que se teñan ditado as seguintes recomendacións:

- Consello da UE de 5 de Xuño de 2001 sobre recomendación sobre o consumo de bebidas alcoólicas por xente nova, en particular nenos e adolescentes.
- Consello da UE, de 18 de Xuño de 2003, relativa á prevención e redución dos danos para a saúde asociados á drogodependencia.
- Consello da UE, de 8 de Xuño de 2005, no que establece o Plano de Acción da UE en materia de loita contra a droga (2005-2008).
- Comisión Europea, de 24 de Outubro de 2006, sobre estratexia da UE para axudar aos Estados membros a reducir os danos relacionados co álcool.

Nesta última, a Comisión da UE manifesta que perante datos tan preocupantes como que máis do 10% da mortalidade feminina e ao redor do 25% da mortalidade masculina na categoría de idade de 15 a 29 anos, garda relación co consumo perigoso de alcohol. De modo que se establecen cinco temas de actuación prioritarios, e créanse mecanismos de cooperación entre os Estados membros así como a creación dunha base de datos común, unificando criterios e definicións para poder avaliar de forma obxectiva o suceso ou fracaso das medidas adoptadas nos diferentes Estados da UE.

A nivel do Estado español cumpre sinalar que desde a distribución competencial establecida pola Constitución de 1978, as Comunidades Autónomas poderán asumir compe-

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

tencias na promoción do deporte e da adecuada utilización do lecer, e na sanidade (Artigos 148.19 e 148.21, respectivamente).

Ademais sinalar que en relación co fenómeno do botellón só houbo unha tentativa lexislativa estatal coa presentación o 24 de Maio de 2002 do Anteproxecto de Lei de Prevención do Consumo Indevido de Bebidas Alcoólicas.

Deste xeito, para coñecer a regulamentación sobre o botellón debemos acudir ás leis emanadas das diferentes Comunidades Autónomas.

Ten tratamento legal o botellón en nove comunidades autónomas, de xeito que ten sido prohibido en Canarias, Cantabria, Castela e León, Estremadura, Comunidade de Madrid e País Valenciano. Está regulado en Andalucía, Aragón e na Rexión de Murcia.

A seguir ofrecemos unha relación dos diferentes textos legais:

COMUNIDADE	LEI	TEXTO
Andalucía (desde o 28/11/06)	Lei 7/2006 , de 24 de outubro, sobre potestades administrativas en materia de determinadas actividades de lecer nos espazos abertos dos municipios de Andalucía	Artículo 3. Limitacións Fica prohibido , ... : a) A permanencia e concentración de persoas que se encontren consumindo bebidas ou realizando outras actividades que poñan en perigo a pacífica convivencia cidadá fóra das zonas do termo municipal que o Concello tivese establecido como permitidas.
Aragón	Lei 3/2001 , de 4 de abril, de prevención, asistencia e reinserción social en materia de drogodependencias	Artículo 12. Prohibicións 7. As corporacións locais establecerán nas súas correspondentes ordenanzas municipais os criterios que regulen a localización, distancia e características que deberán reunir os establecementos de venda e subministro de bebidas alcoólicas, así como a súa venda e consumo na vía pública . Estas corporacións serán responsábeis do seu cumprimento dentro do seu ámbito territorial.

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

Canarias	Ley 9/1998 , de 22 de xullo, sobre prevención, asistencia e inserción social en materia de drogodependencias.	Artículo 20. Bebidas alcohólicas. 4. Non se permitirá a venda nen o consumo de bebidas alcohólicas en: g. A vía pública , salvo terrazas, veladores ou en días de festas regulados pola correspondente ordenanza municipal.
Cantabria	Lei 5/1997 , de 6 de outubro, de prevención, asistencia e incorporación social en materia de drogodependencias.	Artículo 23. Prohibicións. 4. Para contribuír á redución do abuso de bebidas alcohólicas, as Corporacións Locais establecerán os criterios que regulen a localización, distancia e características que deberán reunir os establecementos de subministro e venda deste tipo de bebidas, así como a venda e consumo das mesmas, na vía pública , restrinxíndoa ao máximo. 6. Non se permitirá a venda nen o consumo de bebidas alcohólicas en: g. A vía pública , salvo terrazas, veladores, ou en días de festas patronais regulados pola correspondente ordenanza municipal.
Castela e León	Lei 3/1994 , de 29 de marzo, de Prevención, Asistencia e Integración Social de Drogodependientes	Artículo 23. Prohibicións. 1. Para contribuír á redución do abuso de bebidas alcohólicas, as Corporacións Locais establecerán os criterios que regulen a localización, distancia e características que deberán reunir os establecementos de subministro e venda deste tipo de bebidas, así como a venda e consumo das mesmas, na vía pública . 5. Non se permitirá a venda nen o consumo de bebidas alcohólicas en: g. A vía pública , salvo terrazas, veladores, ou en días de festas patronais regulados pola correspondente ordenanza municipal.
Extremadura	Lei 2/2003 , de 13 de marzo, da convivencia e o lecer	Artículo 15.- Consumo de bebidas alcohólicas en vías e zonas públicas. 1. Non se permitirá o consumo de bebidas alcohólicas nas vías e zonas

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

públicas, salvo naqueles espazos dedicados ao lecer autorizados expresamente por cada Concello, sempre que se garante por estes o cumprimento de todas as previsións desta Lei, e, moi en particular, a prohibición establecida no artigo 9 e o dereito ao descanso e á convivencia cidadá.

2. O disposto no apartado anterior enténdese sen prexuízo do rexime de autorizacións de carácter extraordinario ao que están suxeitas determinadas actividades así como do que gozan manifestacións populares debidamente autorizadas, como as feiras e festas patronais ou locais.

Comunidade de Madrid

Lei 5/2002, de 27 de xuño, sobre Drogodependencias e outros Trastornos Adictivos.

Artículo 30. Prohibicións.

3. Non se permitirá a venda nen o **consumo** de bebidas alcohólicas **na vía pública**, salvo terrazas, veladores, ou en días de feira ou festas patronais ou semellantes regulados pola correspondente ordenanza municipal. As Entidades Locais, através das correspondentes ordenanzas municipais, poderán declarar determinadas zonas como de acción prioritaria aos efectos de garantir o cumprimento da prohibición de consumo de bebidas alcohólicas en determinados espazos públicos, fomentando, ao mesmo tempo, espazos de convivencia e actividades alternativas, contando para o establecemento destas limitacións cos diferentes colectivos afectados.

Rexión de Murcia

Lei 6/1997, de 22 de outubro, sobre drogas, para a prevención, asistencia e integración social.

Artículo 16. Limitacións e prohibicións.

1. Para contribuír á redución do abuso de bebidas alcohólicas, os Concellos establecerán os criterios que regulen a localización, distancia e características que deberán reunir os establecementos de subministro e venda deste tipo de bebidas, así como o **consumo** das mesmas **na vía pública**.

País
Valenciano

Lei 3/1997, de 16 de xuño,
sobre drogodependencias
e outros trastornos adictivos.

Artículo 18. Prohibicións.

4. Non se permitirá a venda, subministro
e **consumo** de bebidas alcohólicas nos
seguintes lugares:

e. Na vía pública, salvo nos lugares desta
nos que estea debidamente autorizado, ou
en días de festas patronais ou locais,
regulados pola correspondente
ordenanza municipal.

Ademais diversos concellos en virtude da Lei 57/2003 e da sentenza do Tribunal Supremo ditada o 29 de setembro de 2003 teñen regulado o botellón mediante Ordenanzas municipais; así o fixeron, por exemplo, cidades como Bilbao, Barcelona, Pontevedra ou Navalmoral de la Mata.

Indo máis alá da prohibición ou non do botellón cumpre sinalar que en Estremadura e en Andalucía dáse un tratamento específico ao fenómeno do botellón. No resto das comunidades autónomas que o teñen regulado fixérono através das leis encargadas de regular a prevención e tratamento de drogodependencias en xeral.

Anteproxecto galego de Lei Integral en materia de Drogodependencias e outros trastornos adictivos

A única referencia explícita que se atopa no Anteproxecto ao botellón está no Preámbulo sinalando o seguinte:

O Anteproxecto adica a Sección II do Capítulo II do Título II de "Limitacións da oferta de bebidas alcohólicas", onde fai unha pormenorizada regulación das limitacións na venda e subministración de bebidas alcohólicas, e elevando a prohibición da venda até os 18 anos.

Remata a regulación deste fenómeno coa referencia do artigo 57.1.b declarando da competencia da Administración Local "a declaración de determinadas zonas como de acción prioritaria aos efectos de garantir o cumprimento da prohibición de consumo de bebidas alcohólicas en determinados espazos públicos".

Deste xeito non podemos máis que amosar unha postura crítica perante este anteproxecto xa que só fai un tratamento parcial do fenómeno, descargando toda a responsabilidade nos concellos e sen establecer nengunha medida nova para atallar o problema de convivencia que supón a celebración do botellón en determinados espazos públicos nas diferentes cidades e vilas galegas.

7.- TRATAMENTO DO BOTELLÓN NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

As noticias aparecidas nos medios de comunicación sobre o botellón, as súas causas e consecuencias, aumentaron de forma espectacular nos últimos anos. Así, no ano 2007 os xornais que tratan de temas locais en Vigo publicaron cerca de 150 artigos sobre este fenómeno social que é o botellón. Por outra parte, nos seis primeiros meses do actual 2008, e como consecuencia da tramitación parlamentaria da nova lei galega integral en materia de drogodependencias e outros trastornos aditivos, xa se contabilizaron unhas cen noticias relacionadas tanto sobre o botellón en si propio como sobre o consumo abusivo do alcohol, independente de este se levar a cabo ou non por motivos da realización do botellón.

Obsérvase unha característica peculiar e diferenciadora nas informacións que a prensa local viguesa publica sobre este tema fronte ás que se recollen noutros medios de comunicación de ámbito estatal. Este feito refírese á clara vinculación que se establece en Vigo entre o botellón e os pubs ou bares de copas como centro de conflito fronte ao publicado noutros lugares, onde as protestas viciñais causadas polo ruído non se diferencian explicitamente, en xeral, na súa orixe, sexa esta debida ao botellón ou aos locais de lecer nocturno.

Por outra parte, en Vigo, os escasos actos violentos que se detectaron nas zonas do botellón (basicamente na Pr. da Estrela) son foco de atención nos debates xornalísticos pola súa relación coa seguranza cidadá. Porén, noutros medios de difusión estatal, estes datos son xeralmente producidos pola denominada movida nocturna e, portanto, máis próximas ás zonas de pubs que nas estritamente relacionadas coas do botellón.

Os protagonistas comúns en todas as noticias son fundamentalmente sempre os mesmos: viciños afectados, representantes políticos, xuntas directivas de asociacións afectadas polo ruído, asociacións de comerciantes (hostaleiros e propietarios de bares). Por outra parte, en Vigo, hai que engadir ademais a determinados pubs como núcleo do problema para a veciñanza.

En orde temática, as noticias publicadas distribúense principalmente, de maior a menor contido, en: 1. Ruídos producidos e conflitos viciñais; 2. Consumo abusivo de alcohol; 3. Residuos ocasionados; 4. Vandalismo (ruptura de contentores,...). Por outra parte, publicáronse como actualidade informativa cadernos especiais sobre drogas, lei de ruído, consumo de alcohol,... que, se ben, non se centraron directamente na temática do fenómeno do botellón, serviron a modo de complemento para a súa mellor comprensión.

PARTE II

O CASO PARTICULAR DE VIGO

1. FORMULACIÓN ESPECÍFICA

Como se constata, o Botellón é un fenómeno complexo e que supón alteracións na convivencia entre todos os cidadáns da cidade. Tendo isto presente desde a Oficina do Valedor do Cidadán de Vigo tense prestado atención a este fenómeno xa desde o ano 2006, atención que derivou no informe *“Botellón. Análisis de un nuevo fenómeno social. El caso de Vigo”* no que se analizaba o botellón na cidade nesa época.

Dese estudo cabe establecer varios elementos que rematan de configurar o botellón. Por un lado, a mocidade está aí porque quere estar, máis alá da ausencia ou non de alternativas reais á práctica do botellón, isto é, a mocidade quere o botellón, cando menos os mozos que o practican.

Por todo o sinalado, novamente desde esta Oficina realizouse un novo estudo, froito do cal podemos “definir” o botellón tal e como se celebra na nosa cidade, pois sabemos os hábitos dos mozos que asisten (a que hora van, cómo o fan, cando marchan do lugar de celebración e aonde se dirixen), coñecemos as idades dos asistentes e o seu consumo de álcool e outras sustancias, sabemos porque asisten, etc.. En definitiva, coñecemos o perfil do mozo ou adolescente que asiste aos botellóns que se celebran na cidade de Vigo.

Porén, ficaban moitas dúbidas pendentes. Que opinan os mozos que non practican o botellón do mesmo? E se non acoden ao botellón, cales son as súas actividades de lecer nocturno? Porque se sabemos que habitualmente practican o botellón arredor de 3.500-4.000 mozos; que pasa co resto da poboación (43.000 persoas) de entre 14 a 26 anos que hai na cidade?.

Por outro lado, tendo en conta que son os grandes ausentes nos medios de comunicación que informan sobre o botellón, que opinan os pais e nais dos asistentes ao botellón? Sobre todo se atendemos ao estudo levado a cabo no 2006 que reflicte que o 11% dos asistentes son menores de idade. Son coñecedores das actividades de lecer nocturno dos seus fillos?.

Así mesmo, para alén dos pais e nais, que opina a cidadanía en xeral sobre o botellón? É unha forma de lecer socialmente aceptada? Varía a opinión en función dos distritos da cidade, ou da distancia de celebración dun botellón ao domicilio dun cidadán calquera?

Todas estas cuestións motivaron a necesidade de realizar un estudo máis profundo sobre o botellón na cidade de Vigo, que é o que se presenta, co fin de garantir, na medida do posíbel, que as posíbeis medidas normativas que se adopten por parte das institucións municipais sexan efectivas, resolvan os problemas ocasionados pola práctica do botellón e consigan o maior consenso social posíbel.

2. OBXECTIVOS

- Coñecer a opinión da cidadanía viguesa sobre o botellón que se desenrola na súa cidade sobre:
 - as súas causas
 - os seus efectos
 - as súas posíbeis solucións.

- Coñecer a percepción elaborada a partir da problemática do botellón. En concreto sobre a visión que sobre esta temática teñen os seguintes colectivos:
 - pais e nais
 - xuventude
 - expertos
 - asociacións cívicas

- Propor medidas que solucionen, ou cando menos minimicen, o conflito nas súas dimensións de orde pública (ruído e deterioro do espazo público) e de saúde pública (consumo abusivo de álcool e en particular polos menores).

3. METODOLOXÍA

3.1 MÉTODO DE RECOMPILACIÓN DE DATOS E FONTES

Este estudo levouse a cabo através de diferentes métodos de recollida de información: enquisas e entrevistas.

Por un lado, mediante a realización dunha enquisa representativa sobre a poboación viguesa para coñecer a opinión sobre as causas, efectos e solucións do botellón de:

- Os mozos que practican (ou non) o botellón,

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

- Veciños afectados ou non polo fenómeno
- Colectivo de pais e nais

Así mesmo realizáronse entrevistas conxuntas a asociacións cívicas e colectivos sociais.

3.2 FICHA TÉCNICA

Enquisa realizada aos xovens entre 14 e 26 anos

Ámbito: local (Municipio de Vigo)

Universo: Xovens residentes no municipio de Vigo, de ambos sexos, comprendidos entre os 14 e 26 anos.

Procedemento de mostraxe: Estratificado aleatorio con afixación proporcional por distrito, xénero e grupo de idade.

Tamaño da mostra: 660 individuos.

Puntos de mostraxe: de forma aleatoria na vía pública mediante entrevista persoal con cuestionario.

Erro mostral: para un nivel de confianza do 95% con sucesos equiprobábeis, o erro é de $\pm 3,79\%$

Data de realización: Xuño-Xullo de 2008.

Enquisa realizada aos maiores de 26 anos

Ámbito: local (Municipio de Vigo)

Universo: Residentes no municipio de Vigo, de ambos sexos, comprendidos entre os 27 e 80 anos.

Procedemento de mostraxe: Estratificado aleatorio con afixación proporcional por distrito, xénero e grupo de idade.

Tamaño da mostra: 1.321 individuos.

Puntos de mostraxe: de forma aleatoria na vía pública mediante entrevista persoal con cuestionario.

Erro mostral: para un nivel de confianza do 95% con sucesos equiprobábeis, o erro é de $\pm 2,69\%$.

Data de realización: Xuño-Xullo de 2008.

Para completar o estudo e contar cunha mostra representativa foi preciso identificar o grupo constituído constituído polas persoas con fillos en idade entre os 14 e 26 anos.

Neste sentido detectouse que o 24,4% das persoas entrevistadas nesta enquisa ten fillos comprendidos nese tramo de idade. Por zonas, na semiurbana é onde se produce a maior taxa de persoas nesta circunstancia (26,4%), seguido da zona rural (24,6%) e urbana (23,0%). Por distritos destacan os índices producidos no distrito 8 (35,2%), 6 (32,6%) e 3 (25,5%) fronte aos producidos no distrito 9 (14,7%), 2 (19,1%) e 5 (20,9%).

Ademais, realizáronse outras 150 entrevistas, englobadas dentro do epígrafe de asociacións cívicas e colectivos sociais.

4. INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

DIVISIÓN DA CIDADE POLOS DISTINTOS TIPOS DE CONTORNO

Para determinar os distintos contornos dos cidadáns de Vigo, e tomando como base os nove distritos da cidade, establecéronse tres zonas:

ZONA URBANA

Distrito 1: O AREAL, O BARRIO DO CURA, O BERBÉS, CENTRO, CÍES, A ESTACIÓN, A FERRARÍA, GARCÍA OLLOQUI E SANTIAGO DE VIGO

Distrito 2: A ROLA, AREOSA, CASABLANCA, FÁTIMA, FERNANDO O CATÓLICO, MARÍA BERDIALES, O CASTRO, PRAZA DE ESPAÑA, RAVISO, RIBADAVIA E SAN ROQUE

Distrito 3: BARCELONA, BEIRAMAR, AS CAMELIAS, HISPANIDADE, INDEPENDENCIA, INDUSTRIA, PENICHE, PICACHO, POVISA, A PRAZA DE ESPAÑA, REGUEIRO, A SEARA E AS TRAVESAS

Distrito 4: BALAÍDOS, BOUZAS, COIA E A ESPEDRIGADA

ZONA SEMIURBANA

Distrito 5: CASTRELOS E SÁRDOMA

Distrito 6: TEIS

Distrito 7: CABRAL, CANDEÁN E LAVADORES

ZONA RURAL

Distrito 8: BEADE, BEMBIBRE, MATAMÁ, VALADARES E ZAMÁNS

Distrito 9: ALCABRE, COMESAÑA, CORUXO, NAVIA, OIA E SAIÁNS

NÓTESE que non existe unha plena concordancia, nalgúns casos, das parroquias cos distintos distritos. Contodo, o grao de coincidencia é suficiente (maior do 95%) para levar a cabo o estudo das respostas obtidas para cada un das zonas referidas.

5. CUESTIONARIO

PREGUNTAS COMÚNS A TODOS

P1. Xénero

Home / Muller

P2. Idade

P3. Nivel de estudos completado

Primarios ou sen estudos / Secundarios / Universitarios

P4. Podería indicarnos cal é a súa situación de convivencia?

No meu fogar, coa miña familia / Comparto piso / Outra (pensión, residencia,...)

P5. Podería dicirnos, de entre as opcións seguintes, a cal se parece máis a súa situación socioprofesional?

Asalariado / Autónomo / Desempregado / Xubilado/pensionista / Estudante

P6. Podería dicirnos con que regularidade sae a divertirse por aí?

Nunca / Menos dunha vez ao mes / Todas as semanas / En raras ocasións / Máis dunha vez ao mes / Varios días na semana

P7. Das veces que sae a divertirse por aí **de noite**, indique as opcións que se identifican coa súa situación:

Só / Coa súa parella / Con toda a familia a soas / Con amigos / Coa súa parella e outros amigos / Con toda a familia e outras familias amigas

P8. Normalmente, cando sae a divertirse de noite, a que hora acostuma regresar a casa?

12 – 1 h / 2 – 3 h / 4 – 5 h / 1 – 2 h / 3 - 4 h / > 5 h

P9. Con que frecuencia diría vostede que consume bebidas alcohólicas de calquera graduación, incluíndo viño ou cervexa?

NS/NC / De cando en vez / Ocasionalmente / No fin de semana / Absolutamente nunca / Varias veces na semana / Diario

P10. Recorda a que idade consumiu por primeira vez bebidas alcoólicas?

Antes dos 12 anos / Entre 15 – 17 anos / Entre 21 – 25 anos / Nunca probei o alcohol / Entre 12 – 14 anos / Entre 18 e 20 anos / Despois dos 25 anos / NS/NC

P11. Consumiu algunha vez algunha destas drogas? (pode escoller varias)

Drogas de deseño (pastillas, anfetanas,...) / Drogas brandas (hachis, marihuana,...) / Drogas duras (cocaína, heroína,...)

P12. Podería dicirme se se sente moi de acordo, de acordo, en desacordo ou moi en desacordo coas seguintes frases?

A xuventude actual ten moitas oportunidades que non aproveita

Os mozos/as hoxe non teñen ideais

A nosa sociedade esíxelle cada vez máis á xuventude

Os mozos/as só pensan en divertirse

Cada vez tense menos en conta a opinión da xuventude

Moi de acordo / De acordo / En desacordo / Moi en desacordo

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

P13. Realízase algún botellón nas inmediacións do seu fogar?

Si / Non / NS/NC

P14. E algunha actividade hostaleira, como pubs ou discotecas, até altas horas da madrugada?

Si / Non / NS/NC

P15. Cree que o botellón...

É un problema sobre todo de orde pública polas molestias que orixina

É un problema de saúde polas consecuencias para a saúde que pode conlevar

Non é ningún problema

É un problema tanto de saúde como de orde pública

(Só se o entrevistado se nega a dar unha resposta que non inclúa as dúas primeiras opcións)

P16. En liñas xerais, atendendo ao que fai a a meirande parte da xente, Considera cívico o comportamento dos asistentes ao botellón?

Si / Non

P17. De entre as seguintes explicacións sobre as causas do botellón, escolla dúas que ao seu xuízo responden mellor á realidade (*a/o entrevistado/a só poderá escoller DÚAS opcións*)

A xuventude está excesivamente mimada

Os mozos non dispoñen dunha oferta e espazos de ocio propios e accesíbeis

En España sempre se bebeu moito, e na rúa

Os mozos son uns irresponsábeis e maleducados

Hai moitos mozos que non poden emanciparse e están faltos de expectativas de futuro

Os pais e as autoridades non asumen as súas responsabilidades

P18. Ao seu xuízo, cales son as medidas que solucionarían o problema do botellón? (*o/a entrevistado/a só poderá escoller TRES opcións*)

Con maior presenza policial

Instalando máis contedores e WC

Levándoo lonxe das zonas residenciais

Os pais débennlo prohibir aos seus fillos e fillas

Baixando os prezos das copas sería suficiente

Non fan falla novas medidas, basta con facer cumprir as leis que xa existen

Chegando a un acordo entre todos (por ex.: acordando unha hora prudente para que remate)

Prohibindo beber na rúa

Prohibindo beber na rúas á mocidade

Prohibindo beber na rúa de noite

Prohibindo beber na rúa de noite á mocidade

Non hai que intervir, hai que deixar que os mozos se divirtan como queiran

Ofrecendo alternativas de ocio

Educando aos mozos no respecto aos demais

Os mozos están mellor na rúa que nos bares

Creando postos de traballo para os mozos e facilitando a súa emancipación

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

Non ten solución

Habería que castigar aos mozos que se emborrachen

P19. Prohibiría o consumo de alcohol a menores de 18 anos?

Sí / Non

P20. En caso de incumprimento, estaría de acordo coas seguintes medidas?

Sancionar economicamente aos representantes legais do infractor

Impor traballos en beneficio da comunidade aos menores de 16 a 18 anos

Aumentar o control na venda de bebidas alcohólicas

Moi de acordo / De acordo / En desacordo / Moi en desacordo

P21. Ten vostede fillos/as con idades comprendidas entre os 14 e os 26 anos?

Sí / Non

SÓ AOS PAIS CON FILLOS EN IDADES ENTRE OS 14 E 26 ANOS

P22. Cre que o/s seu/s fillo/s asiste/n ao botellón?

Sí / Non / NS/NC

P23. Con que frecuencia cre que asiste/n?

Sempre (todos os fins de semana)

Case sempre

Ocasionalmente

Nunca

P24. Prohibiúlles ou prohibiríalles aos seus fillos acudir ao botellón?

Sí

Sí, pero non serviu/serviría de nada

Non, é unha forma de divertirse

NS/NC

P25. Cal das seguintes afirmacións cre que reflexa mellor o consumo de alcohol do/s seu/s fillo/s?

NS/NC

Non bebeu nunca

Bebeu únicamente algún día aillado

Bebeu só nas fins de semana

Bebeu case todos os días moderadamente

Bebeu todos os días bastante alcohol

P26. Cre que algún dos seus fillos consumiu drogas ilegais nalgunha ocasión?

Sí / Non / NS/NC

P27. Chegou nalgunha ocasión bébedo a casa algún dos seus fillos?

Sí / Non / NS/NC

P28. En termos xerais, a que hora diría que volven a casa os seus fillos?

Á hora que se lles marca

Á hora en que chegan todos os amigos

Á hora que queren

Non hai fillos en idade de saír

PREGUNTAS A REALIZAR A MOZOS DE ENTRE 14 E 26 ANOS

P29. En termos xerais, a que hora dirías que volves a casa?

- Á hora que se me marca*
- Á hora en que chegan todos os amigos*
- Á hora que quero*
- Non estou en idade de saír*

P30. Nalgunha ocasión viches bébedo ao teu pai, a túa nai, ou a ambos?

- A nengún, nunca*
- A meu pai*
- A miña nai*
- A ambos xuntos*
- A ambos por separado*

P31. Cres que algún dos teus pais consumiu drogas ilegais nalgunha ocasión?

- Sí / Non / Non sabe / Non contesta*

P32. Con que frecuencia asistes ao botellón?

- Sempre (Indicar: Venres / Sábados / Venres e sábados)*
- Case sempre (Indicar: Venres / Sábados / Venres e sábados)*
- Ocasionalmente (Indicar: Venres / Sábados / Venres e sábados)*
- Nunca*

P33. A que zona asistes ao botellón?

- Casco Vello (A Pedra, Barbés)*
- O Castro*
- Praza da Estrela*
- Montero Ríos*
- Outras (Indicar cales)*

P34. Se os teus pais te prohibisen acudir ao botellón, que farías?

- Obedecelos*
- Acudir menos, e con discreción*
- Seguir acudindo igual*
- Tentar convencelos de que me deixen, pero obedecelos*
- Non sabe*
- Non contesta*

PARTE III

RESULTADOS OBTIDOS NA ENQUISA A XOVENS ENTRE 14 E 26 ANOS


1. RESULTADOS GLOBAIS

2. RESULTADOS POR ZONAS


3. RESULTADOS POR DISTRITOS

1. RESULTADOS GLOBAIS


Nivel de estudos




Situación de convivencia




Situación socio-profesional




Frecuencia coa que sae a divertirse




Opcións de lecer nocturno




Hora de chegada cando sae a divertirse pola noite




Frecuencia de consumo de bebidas alcohólicas




Idade de iniciación no consumo de bebidas alcohólicas




Consumo doutras drogas




Opinión sobre a mocidade




Realízase o botellón nas inmediacións do seu fogar



Existen pubs ou discotecas abertos até altas horas da madrugada nas inmediacións do seu fogar




Tipo de problema do botellón




Considera cívico o comportamento dos asistentes ao botellón




Considera cívico o comportamento dos asistentes ao botellón



Causas do botellón




Causas do botellón




■ Todos os xóvens (14-26)
 ■ Xóvens que practican o botellón
 ■ Xóvens que non practican o botellón


Solucións ao botellón




Solucións ao botellón




Prohibiría o consumo de álcool aos menores de 18 anos




Medidas en caso de incumprimento da prohibición




Hora de regreso a casa




Nalgunha ocasión viu bébedo ao pai, á nai ou a ambos



Creen que os seus pais consumiron drogas ilegais nalgunha ocasión




Frecuencia de asistencia ao botellón




Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo


Días de acudir ao botellón



Zonas de asistencia ao botellón




Que farían se os pais prohibisen acudir ao botellón



2. RESULTADOS POR ZONAS


Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

Nivel de estudos




Zona urbana	23,6 %	56,6 %	19,8 %
Zona semiurbana	22,5 %	50,0 %	27,5 %
Zona rural	37,8 %	42,2 %	20,0 %

Situación de convivencia




Zona urbana	68,4 %	22,7 %	8,9 %
Zona semiurbana	84,2 %	12,6 %	3,2 %
Zona rural	86,7 %	10,0 %	3,3 %

Situación socio-profesional




Zona urbana	26,1 %	1,7 %	4,0 %	0,6 %	67,5 %
Zona semiurbana	27,5 %	2,7 %	10,8 %	0,0 %	59,0 %
Zona rural	28,9 %	2,2 %	12,2 %	0,0 %	56,7 %

Frecuencia coa que sae a divertirse




	Nunca	En raras ocasións	Menos dunha vez ao mes	Máis dunha vez ao mes	Todas as semanas	Varios días na semana
Zona urbana	1,4 %	12,4 %	7,5 %	30,2 %	40,8 %	7,8 %
Zona semiurbana	6,3 %	13,1 %	6,3 %	16,2 %	48,2 %	9,9 %
Zona rural	3,3 %	4,4 %	3,3 %	14,4 %	37,8 %	36,7 %

Opcións de lecer nocturno




	Só	Con amigos	Coa súa parella	Coa súa parella e amigos	Con toda a familia	Coa familia e outras familias
Zona urbana	2,6 %	63,5 %	11,8 %	19,3 %	2,9 %	0,0 %
Zona semiurbana	7,2 %	49,5 %	11,3 %	27,9 %	4,1 %	0,0 %
Zona rural	4,4 %	58,9 %	6,7 %	28,9 %	0,0 %	1,1 %

Hora de chegada cando sae a divertirse pola noite




	Entre as 0 e a 1	Entre a 1 e as 2	Entre as 2 e as 3	Entre as 3 e as 4	Entre as 4 e as 5	Máis tarde das 5
Zona urbana	7,8 %	4,0 %	16,1 %	24,8 %	16,7 %	30,5 %
Zona semiurbana	11,1 %	4,8 %	6,3 %	14,4 %	15,9 %	47,6 %
Zona rural	4,8 %	6,0 %	6,0 %	19,0 %	19,0 %	45,2 %


Frecuencia de consumo de bebidas alcohólicas




Idade de iniciación no consumo de bebidas alcohólicas




Consumo doutras drogas




**Opinión sobre a mocidade:
A xuventude actual ten moitas oportunidades que non aproveita**



**Opinión sobre a mocidade:
Os mozos/as de hoxe non teñen ideais**




**Opinión sobre a mocidade:
A nosa sociedade esíxelle cada vez máis á xuventude**




Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo


Opinión sobre a mocidade: Os mozos/as só pensan en divertirse




Opinión sobre a mocidade: Cada vez tense menos en conta a opinión da xuventude



Realízase botellón nas inmediacións do seu fogar




Existen pubs ou discotecas abertos até altas horas da madrugada nas inmediacións do seu fogar




■ Zona urbana	46,0 %	43,1 %	10,9 %
■ Zona semiurbana	7,2 %	80,2 %	12,6 %
■ Zona rural	14,4 %	85,6 %	0,0 %

Tipo de problema do botellón




■ Zona urbana	21,3 %	7,5 %	34,2 %	37,1 %
■ Zona semiurbana	29,7 %	10,4 %	28,8 %	31,1 %
■ Zona rural	35,6 %	17,8 %	33,3 %	13,3 %

Considera cívico o comportamento dos asistentes ao botellón




■ Zona urbana	43,4 %	56,6 %
■ Zona semiurbana	31,1 %	68,9 %
■ Zona rural	24,4 %	75,6 %


Causas do botellón



Solucións ao botellón




Prohibiría o consumo de álcool aos menores de 18 anos




Zona urbana	55,7 %	44,3 %
Zona semiurbana	59,9 %	40,1 %
Zona rural	55,6 %	44,4 %

En caso de incumprimento da prohibición: Sancionaría economicamente aos representantes legais do infractor




Zona urbana	26,4 %	20,9 %	31,5 %	21,2 %
Zona semiurbana	21,3 %	31,8 %	33,9 %	13,0 %
Zona rural	13,0 %	30,4 %	19,6 %	37,0 %

En caso de incumprimento da prohibición: Impor traballos en beneficio sa comunidade aos menores de 16 a 18 anos




Zona urbana	33,4 %	9,4 %	29,3 %	27,9 %
Zona semiurbana	26,4 %	13,0 %	36,3 %	24,3 %
Zona rural	21,7 %	20,9 %	16,5 %	40,9 %

En caso de incumprimento da prohibición: Aumentar o control na venda de bebidas alcoólicas




■ Zona urbana	41,9 %	36,0 %	13,9 %	8,2 %
■ Zona semiurbana	31,4 %	52,1 %	11,5 %	5,0 %
■ Zona rural	40,9 %	28,4 %	21,6 %	9,1 %

Hora de regreso a casa



■ Zona urbana	19,0 %	17,5 %	61,2 %	2,3 %
■ Zona semiurbana	24,3 %	13,5 %	60,8 %	1,4 %
■ Zona rural	22,2 %	22,2 %	54,4 %	1,1 %


Nalgunha ocasión viu bébedo ao pai, á nai ou a ambos



■ Zona urbana	80,7 %	13,8 %	1,7 %	2,3 %	1,4 %
■ Zona semiurbana	73,9 %	17,1 %	1,4 %	5,4 %	2,3 %
■ Zona rural	76,7 %	17,8 %	0,0 %	4,4 %	1,1 %


Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

Cren que os seus pais consumiron drogas ilegais nalgunha ocasión




■ Zona urbana	7,2 %	72,7 %	19,3 %	0,9 %
■ Zona semiurbana	16,7 %	68,9 %	12,6 %	1,8 %
■ Zona rural	12,2 %	71,1 %	16,7 %	0,0 %

Frecuencia de asistencia ao botellón




■ Zona urbana	6,6 %	16,7 %	31,9 %	44,8 %
■ Zona semiurbana	11,7 %	16,7 %	30,6 %	41,0 %
■ Zona rural	17,8 %	15,6 %	40,0 %	26,7 %

Días de acudir ao botellón



■ Zona urbana	50,6 %	25,0 %	24,4 %
■ Zona semiurbana	46,8 %	34,2 %	18,9 %
■ Zona rural	34,4 %	28,9 %	36,7 %


Que farían se os pais prohibisen acudir ao botellón



■ Zona urbana	48,6 %	4,9 %	34,5 %	8,0 %	1,7 %	2,3 %
■ Zona semiurbana	44,1 %	5,0 %	30,2 %	9,0 %	6,3 %	5,4 %
■ Zona rural	32,2 %	11,1 %	21,1 %	6,7 %	14,4 %	14,4 %


3. RESULTADOS POR DISTRITOS

Nivel de estudos




Distrito 1	29,1 %	58,2 %	12,7 %
Distrito 2	19,4 %	72,2 %	8,3 %
Distrito 3	2,0 %	50,5 %	47,5 %
Distrito 4	41,7 %	51,7 %	6,7 %
Distrito 5	30,3 %	60,6 %	9,1 %
Distrito 6	9,8 %	80,3 %	9,8 %
Distrito 7	26,6 %	32,8 %	40,6 %
Distrito 8	31,1 %	55,6 %	13,3 %
Distrito 9	44,4 %	28,9 %	26,7 %

Se ben o 62,7% da mocidade está en contra desta sentenza, os xovens entrevistados residentes nos distritos 6, 2 e 8 concordan con esta afirmación.

Cada vez tense menos en conta a opinión da xuventude

Valor medio: 71,7%

Valores máximos: Distrito 7 (81,2%), Distrito 3 (81,1%), Distrito 9 (75,6%)

Valores mínimos: Distrito 6 (55,8%), Distrito 8 (57,8%), Distrito 5 (63,7%)

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

• **REALIZACIÓN DO BOTELLÓN NAS INMEDIACIÓNS DO FOGAR**

- Un 67,0% dos xovens entrevistados declaran que non se realiza nengún botellón nas inmediacións do seu lugar de residencia fronte a un 19,5% que manifesta que si ten lugar este tipo de actividades. Un 13,5% admite non saber que contestar a esta pregunta.

- Por zonas, a distribución das respostas é:

	%	Zonas
SI	19,5	Urbana (26,7%), Rural (22,2%), Semiurbana (7,2%)
NON	67,0	Semiurbana (80,2%), Rural (77,8%), Urbana (55,7%)
NS/NC	13,5	Urbana (17,6%), Semiurbana (12,6%), Rural (0,0%).

Na zona urbana é onde se rexistra unha maior proporción de xovens que declaran existir zonas de asistencia ao botellón perto dos seus domicilios (26,7%) fronte á zona semiurbana onde se rexistra a menor proporción (7,2%).

- Até o 17,6% dos xovens da zona urbana e o 12,6% dos da semiurbana declaran descoñecer se se realiza o botellón nas inmediacións do seu domicilio.

- Por distritos, obsérvase o seguinte:

Realízase botellón nas inmediacións do seu lugar de residencia

Valor medio: 19,5%

Valores máximos: Distrito 3 (41,6%), Distrito 2 (37,5%), Distrito 9 (33,3%)

Valores mínimos: Distrito 7 (3,9%), Distrito 5 (6,1%), Distrito 8 (11,1%)

NS/NC

Valor medio: 13,5%

Valores máximos: Distrito 3 (58,4%), Distrito 7 (21,1%), Distrito 1 (3,6%)

Valores mínimos: Distritos 2, 4, 5, 8 e 9 (0,0%), Distrito 6 (1,6%)

• **PUBS/DISCOTECAS ABERTOS ATÉ ALTAS HORAS DA MADRUGADA PRÓXIMAS AO LUGAR DE RESIDENCIA**

- O 61,4% dos xovens entrevistados declaran que non existen locais de lecer nocturno abertos até altas horas da madrugada próximos ao seu lugar de residencia, fronte a un 28,6% que contesta que os hai e un 10,0% que manifesta non saber que contestar á pregunta.

- Por zonas deuse a seguinte casuística:

	%	Zonas
SI	28,6	Urbana (46,0%), Rural (14,4%), Semiurbana (7,2%)
NON	61,4	Rural (85,6%), Semiurbana (80,2%), Urbana (43,1%)
NS/NC	10,0	Semiurbana (12,6%), Urbana (10,6%), Rural (0,0%)

- Por distritos, a situación é a seguinte:

Existen locais de lecer nocturno abertos até altas horas da madrugada nas inmediacións do seu lugar de residencia

Valor medio: 28,6%

Valores máximos: Distrito 3 (64,4%), Distrito 2 (47,2%), Distrito 1 (43,6%)

Valores mínimos: Distrito 8 (2,2%), Distrito 7 (3,1%), Distrito 5 (6,1%)

NS/NC

Valor medio: 10,0%

Valores máximos: Distrito 3 (35,6%), Distrito 7 (20,3%), Distrito 6 (3,3%)

Valores mínimos: Distritos 2, 5, 8 e 9 (0,0%), Distrito 4 (0,9%), Distrito 1 (1,9%)

• TIPOLOXÍA DE PROBLEMAS QUE PRESENTA O BOTELLÓN

- Unha maioría de xovens (67,7%) considera que o botellón constitúe un problema, predominando os que o consideran un problema de orde pública (26,1%) fronte os que o consideran un problema de saúde pública (9,8%). Para o 31,8% o botellón trátase dun problema tanto de orde pública como de saúde pública.

- Nas seguintes tabelas indícanse a distribución das respostas e a prioridade de orde que en cada zona se dá ao tipo de problema que o botellón representa:

	%	Zonas
Non é nengún problema	32,3	Urbana (34,2%), Rural (33,3%), Semiurbana (28,8%)
É un problema tanto de saúde como de orde pública	31,8	Urbana (37,1%), Semiurbana (31,1%), Rural (13,3%)
É un problema sobretudo de orde pública polas molestias que orixina	26,1	Rural (35,6%), Semiurbana (29,7%), Urbana (21,3%)
É un problema de saúde pública polas consecuencias para a saúde que pode conlevar	9,8	Rural (17,8%), Semiurbana (10,4%), Urbana (7,5%)

Zona	Tipo de problema
Urbana	Orde e saúde (1), Non é problema (2), Orde (3), Saúde (4)
Semiurbana	Orde e saúde (1), Orde (2), Non é problema (3), Saúde (4)
Rural	Orde (1), Non é problema (2), Saúde (3), Orde e Saúde (4)

- Por distritos a consideración do botellón como problema foi:

Non é nengún problema

Valor medio: 32,3%

Valores máximos: Distrito 3 (45,5%), Distrito 4 (42,5%), Distrito 8 (37,8%)

Valores mínimos: Distrito 6 (11,5%), Distrito 1 (14,5%), Distrito 2 (19,4%)

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

Problema de saúde e orde pública

Valor medio: 31,8%

Valores máximos: Distrito 6 (57,4%), Distrito 1 (47,3%), Distrito 2 (45,8%)

Valores mínimos: Distritos 8 3 9 (13,3%), Distrito 7 (19,5%), Distrito 4 (25,8%)

Problema de orde pública

Valor medio: 26,1%

Valores máximos: Distritos 8 e 9 (35,6%), Distrito 7 (34,4%), Distrito 5 (33,3%)

Valores mínimos: Distrito 3 (15,8%), Distrito 2 (16,7%), Distrito 6 (18,0%)

Problema de saúde pública

Valor medio: 9,8

Valores máximos: Distrito 9 (22,2%), Distrito 2 (18,1%), Distrito 8 (13,3%)

Valores mínimos: Distrito 3 (0,0%), Distrito 4 (5,8%), Distrito 5 (9,1%)

• CIVISMO DOS ASISTENTES AO BOTELLÓN

- A proporción que considera cívico o comportamento dos asistentes ao botellón é do 36,7%. Esta valoración é maior naqueles que declaran asistir frecuentemente (47,3%) fronte aos que afirman non practicalo (21,4%).

	Global	Asisten ao botellón	
		Si	Non
SI	36,7	47,3	21,4
NON	63,3	52,7	78,6

Por zonas, os xovens entrevistados no entorno urbano consideran cívico o comportamento dos asistentes ao botellón nunha maior proporción (43,4%) que no resto das outras zonas analizadas (31,1% no entorno semiurbano e 24,4% no rural).

- Por distritos, a proporción que considera cívico este comportamento é:

Valor medio: 36,7%

Valores máximos: Distrito 4 (50,8%), Distrito 1 (47,3%), Distrito 3 (44,6%)

Valores mínimos: Distrito 6 (21,3%), Distrito 8 e 9 (24,4%), Distrito 2 (26,4%)

• CAUSAS DO BOTELLÓN

- A seguinte tabela rexistra por orde decrecente de prioridade as causas que, segundo a globalidade dos xovens entrevistados, concorren na existencia do fenómeno do botellón. Para cada unha das causas rexistradas recóllese igualmente a orde e proporción das respostas dadas tanto polos xovens que acoden ao botellón como os que non.

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

	Global xovens	Asisten ao botellón	
		Si	Non
Os mozos non dispoñen dunha oferta e espazos de lecer propios e accesíbeis	1 (76,4)	1 (80,2)	1 (70,8)
A xuventude está excesivamente mimada	2 (34,5)	4 (24,2)	2 (49,4)
Hai moitos mozos que non se poden emancipar e están faltos de expectativas de futuro	3 (29,5)	2 (37,0)	4 (18,8)
Os pais e as autoridades non asumen as súas competencias	4 (24,2)	5 (21,3)	3 (28,4)
En España sempre se bebeu moito, e na rúa	5 (23,9)	3 (30,8)	6 (14,0)
Os mozos son uns irresponsábeis e maleducados	6 (11,4)	6 (6,4)	5 (18,5)

- A carencia dunha oferta de espazos de lecer propios e accesíbeis para a mocidade é referida como a *principal causa* para a existencia do botellón por parte da xente nova, rexistrándose a maior proporción entre os asistentes ao botellón (80,2%) fronte aos que non asisten (70,8%).

- O feito de que a xuventude estea mimada en exceso é considerado a *segunda causa principal* da existencia do botellón entre os xovens (34,5%). No entanto cumpre resaltar que o grao de acordo con esta afirmación dos xovens que non asisten duplica aos que asisten ao botellón (49,4% fronte ao 24,2%).

- En termos semellantes, a proporción de xovens que non asisten ao botellón e que consideran que este fenómeno ten a súa causa na irresponsabilidade e má educación da xuventude triplica aos que afirman asistir ao botellón (18,5% fronte ao 6,4%, respectivamente).

- Tamén se duplica a proporción dos xovens que identifican como causa do botellón a existencia de mozos/as que non se poden emancipar e están faltos de expectativas de futuro (37,0% nos xovens que asisten ao botellón fronte ao 18,8% dos que non asisten) e tamén se mantén esta proporción no feito de que no seu entorno cultural sempre se bebe na rúa (30,8% dos que asisten ao botellón fronte ao 14,0% dos que non).

- A non asunción das súas responsabilidades polos pais e autoridades é expresada en termos semellantes, rexistrando o 28,4% no caso dos xovens que non asisten ao botellón e no 21,3% nos que si asisten.

• SOLUCIÓNS AO BOTELLÓN

- A seguir recóllese nunha tabela, e por orde decrecente de prioridade, as medidas que, segundo a globalidade dos xovens entrevistados, contribuirían á solución do problema do botellón. Para cada unha das medidas rexistradas recóllese igualmente a orde de prioridade e proporción das respostas dadas tanto polos xovens que acoden ao botellón como os que non.

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

Medidas	Global xovens	Asisten ao botellón	
		Si	Non
Baixando os prezos das copas sería suficiente	45,9 (1)	51,9 (1)	37,3 (3)
Afastándoo das zonas residenciais	43,8 (2)	43,2 (2)	44,6 (1)
Ofrecendo alternativas de lecer á xuventude	40,8 (3)	38,3 (3)	44,3 (2)
Chegando a un acordo entre todos (por ex.: acordando unha hora prudente para que remate)	29,1 (4)	29,3 (4)	28,8 (5)
Con maior presenza policial	21,5 (5)	14,7 (9)	31,4 (4)
Instalando máis contentores e e WC	19,1 (6)	23,9 (5)	12,2 (10)
Educando aos mozos no respecto aos demais	18,3 (7)	17,0 (7)	20,3 (6)
Creando postos de traballo para os mozos e facilitando a súa emancipación	17,1 (8)	19,5 (6)	13,7 (9)
Prohibindo beber na rúa	12,7 (9)	8,0 (12)	19,6 (7)
Non hai que intervir, hai que deixar que os mozos se divirtan como queiran	11,2 (10)	15,4 (8)	5,2 (13)
Habería que castigar aos mozos que se emborrachen	9,1 (11)	5,4 (14)	14,4 (8)
Non ten solución	8,6 (12)	11,6 (10)	4,4 (15)
Non fan falla novas medidas, basta con facer cumprir as leis que xa existen	7,3 (13)	8,5 (11)	5,5 (12)
Os pais débenllo prohibir aos seus fillos e fillas	4,8 (14)	4,1 (15)	5,9 (11)
Os mozos están mellor na rúa que nos bares	4,5 (15)	5,7 (13)	3,0 (17)
Prohibindo beber na rúa de noite á mocidade	2,4 (16)	1,0 (18)	4,4 (14)
Prohibindo beber na rúa de noite	2,1 (17)	1,5 (16)	3,0 (16)
Prohibindo beber na rúas á mocidade	1,5 (18)	1,0 (17)	2,2 (18)

Medidas socio económicas

- A medida de baixar os prezos das copas constitúe a de maior apoio entre os xovens de idades comprendidas entre os 14 e 26 anos para solucionar o problema, rexistrándose unha maior identificación con esta medida nos xovens que declaran asistir (51,9%) fronte aos que non asisten (37,3%), tal como se explicita na seguinte tabela:

Medidas	Global	Asisten ao botellón	
		Si	Non
Baixando os prezos das copas sería suficiente	45,9 (1)	51,9 (1)	37,3 (3)
Creando postos de traballo para os mozos e facilitando a súa emancipación	17,1 (8)	19,5 (6)	13,7 (9)

Medidas de consenso social

- Os xovens que asisten ao botellón reafírmanse nesta opción de lecer nocturno na medida en que a procura de alternativas distintas obtén un menor grao de apoio (38,3%) que nos que non o fan (44,3%).

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

- A opción de afastar o botellón lonxe das zonas residenciais, así como chegar a un acordo entre as partes atinxe un nivel semellante de apoio entre os dous segmentos da mocidade analizados tal como se recolle na seguinte tabela: .

Medidas	Global	Asisten ao botellón	
		Si	Non
Afastar o botellón das zonas residenciais	43,8 (2)	43,2 (2)	44,6 (1)
Maior oferta de alternativas de lecer á xuventude	40,8 (3)	38,3 (3)	44,3 (2)
Chegando a un acordo entre todos (por ex.: acordando unha hora prudente para que remate)	29,1 (4)	29,3 (4)	28,8 (5)
Instalando máis contedores e WC	19,1 (6)	23,9 (5)	12,2 (10)
Educando aos mozos no respecto aos demais	18,3 (7)	17 (7)	20,3 (6)

Medidas coercitivas

- Todas as medidas prohibitivas propostas rexistran maior grao de identificación nos xovens que declaran non asistir ao botellón, duplicándose practicamente as proporcións en todas elas, tal como se reflicte na seguinte tabela:

Medidas	Global	Asisten ao botellón	
		Si	Non
Con maior presenza policial	21,5 (5)	14,7 (9)	31,4 (4)
Prohibindo beber na rúa	12,7 (9)	8 (12)	19,6 (7)
Habería que castigar aos mozos que se emborrachen	9,1 (11)	5,4 (14)	14,4 (8)
Non fan falla novas medidas, basta con facer cumprir as leis que xa existen	7,3 (13)	8,5 (11)	5,5 (12)
Os pais débenllo prohibir aos seus fillos e fillas	4,8 (14)	4,1 (15)	5,9 (11)
Prohibindo beber na rúas á mocidade	1,5 (18)	1 (17)	2,2 (18)
Prohibindo beber na rúa de noite	2,1 (17)	1,5 (16)	3 (16)
Prohibindo beber na rúa de noite á mocidade	2,4 (16)	1 (18)	4,4 (14)

Medidas de tolerancia social

- Estas medidas atinxen un maior grao de identificación nos xovens que manifestan asistir ao botellón, tal como se indica na tabela:

Medidas	Global	Asisten ao botellón	
		Si	Non
Non hai que intervir, hai que deixar que os mozos se divirtan como queiran	11,2 (10)	15,4 (8)	5,2 (13)
Os mozos están mellor na rúa que nos bares	4,5 (15)	5,7 (13)	3 (17)

O botellón é un problema sen solución

- Esta opción é reportada polo 8,6% dos xovens, alcanzando maior proporción naqueles que manifestan asistir ao botellón (11,6% fronte ao 4,4%).

• PROHIBIR O CONSUMO DE ÁLCOOL A MENORES

- A proporción de xovens partidarios de prohibir o consumo de álcool a menores é do 57,1%.

- Por zonas, esta proporción é maior na zona semiurbana (59,9%) fronte á urbana (55,7%) e rural (55,6%).

- Por distritos, constátase o seguinte:

Valor medio: 57,1

Valores máximos: Distrito 3 (84,2%), Distrito 2 (69,4%), Distrito 8 (68,9%)

Valores mínimos: Distrito 4 (24,2%), Distrito 9 (42,2%), Distrito 5 (45,5%),

• GRAO DE ACORDO COAS MEDIDAS PARA MITIGAR O CONSUMO DE ÁLCOOL POR MENORES.

- A única das tres medidas propostas que suscita acordo é o aumento no control na venda das bebidas alcohólicas aos menores (78,8%). Son contrarios á imposición de traballos en beneficio da comunidade o 58,3% dos xovens entrevistados e de sancionar economicamente aos pais dos menores o 51,3%

Grao de acordo	%	Zonas
Aumento do control na venda de bebidas alcohólicas	78,8	Semiurbana (83,5%), Urbana (77,9%), Rural (69,3%)
Sanción económica aos pais dos menores	48,7	Semiurbana (53,1%), Urbana (47,3%), Rural (43,4%).
Traballos en beneficio da comunidade ao menor	41,7	Urbana (42,8%), Rural (42,6%), Semiurbana (39,4%)

- Os xovens entrevistados da zona semiurbana son partidarios (53,1%) de impor sancións económicas aos pais dos menores que sexan apercibidos consumindo álcool na rúa.

• HORARIO DE REGRESO A CASA

- "Á hora que eu quero" é a resposta expresada por unha maior proporción de xovens (60,2%),

- "Á hora que me marcan" é referida polo 21,2% dos entrevistados.

- "Á hora en que regresan os meus amigos", sitúase en terceiro lugar sendo citada polo 16,8% dos entrevistados.

- Só un 1,8% declarou non estar en idade de saír.

- Por zonas, a distribución de respostas é:

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

	%	Zonas
Á hora que quero	60,2	Urbana (61,2%), Semiurbana (60,8%), Rural (54,4%)
Á hora que me marcan	21,2	Semiurbana (24,3%), Rural (22,2%), Urbana (19,0%)
Á hora en que chegan todos os amigos	16,8	Rural (22,2%), Urbana (17,5%), Semiurbana (13,5%)
Non estou en idade de saír	1,8	Urbana (2,3%), Semiurbana (1,4%), Rural (1,1%)

- Os xovens da zona urbana posúen maior permisividade xa que rexistra a maior proporción dos que declaran regresar a casa á hora que queren (61,2%) e a menor dos que regresan á hora que lles marca (19,0%). Na zona rural destaca a maior proporción de xovens que regresan a casa na hora en que chegan todos os seus amigos (22,2%). Por distritos e horario de regreso a casa, a situación é:

Regreso a casa á hora que eu quero

Valor medio: 60,2%

Valores máximos: Distrito 5 (72,7%), Distrito 1 (69,1%), Distrito 7 (64,1%)

Valores mínimos: Distrito 6 (47,5%), Distrito 8 (57,8%), Distrito 2 (58,3%).

Regreso a casa á hora que me marcan

Valor medio: 21,2%

Valores máximos: Distrito 9 (31,1%), Distrito 3 (26,7%), Distrito 1 (25,5%)

Valores mínimos: Distrito 4 (5,8%), Distrito 8 (13,3%), Distrito 5 (24,2%).

Regreso a casa á hora en que regresan os meus amigos

Valor medio: 16,8%

Valores máximos: Distrito 4 (32,5%), Distrito 8 (26,7%), Distrito 9 (17,8%)

Valores mínimos: Distrito 5 (3,0%), Distrito 1 (5,5%), Distrito 7 (9,9%)

Non estou en idade de saír

Valor medio: 1,8%

Valores máximos: Distrito 3 (5,0%), Distrito 6 (4,9%), Distrito 2 (4,2%)

Valores mínimos: Distritos 1, 4, 5, 7, 9 (0,0%), Distrito 8 (2,2%)

• PAIS BÉBEDOS NALGUNHA OCASIÓN

- Do estudo despréndese que a maioría dos entrevistados, nunha proporción do 77,9%, declara non ter visto nunca en estado de embriaguez a nengún dos seus proxenitores fronte ao 22,1% que nalgunha ocasión, de forma conxunta ou por separado, ten visto nesa situación a algún dos seus proxenitores.

- Un 15,5% viu nesa situación ao seu pai fronte a un 1,4% que admite ter visto á súa

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

nai; aos dous xuntos o 3,6% e aos dous por separado o 1,7%.

- Por zonas, a distribución de respostas é:

	%	Zonas
A nengún nunca	77,9	Urbana (80,7%), Rural (76,7%), Semiurbana (73,9%)
Ao pai	15,5	Rural (17,8%), Semiurbana (17,1%), Urbana (13,8%)
A ambos xuntos	3,6	Semiurbana (5,4%), Rural (4,4%), Urbana (2,3%)
A ambos por separado	1,7	Semiurbana (2,3%), Urbana (1,4%), Rural (1,1%)
Á nai	1,4	Urbana (1,7%), Semiurbana (1,4%), Rural (0,0%)

- A maior proporción de entrevistados que declara non ter visto en nengunha ocasión a nengún dos seus proxenitores en estado de embriaguez rexístrase no medio urbano (80,7%). Na zona rural é onde se deu a maior proporción de casos en que o entrevistado viu nalgunha ocasión ao pai bébedo (17,8%).

- A zona semiurbana presenta a maior proporción de casos en que se viu en situación de embriaguez aos dous proxenitores xuntos (5,4%).

- Por distritos e situación de embriaguez dos pais, a situación é:

A nengún proxenitor en estado de embriaguez

Valor medio: 77,9%

Valores máximos: Distrito 9 (91,1%), Distrito 3 (88,1%), Distrito 3 (84,4%)

Valores mínimos: Distrito 6 (55,7), Distrito 8 (62,2%), Distrito 5 (66,7%)

Só ao pai

Valor medio: 15,5%

Valores máximos: Distrito 5 (27,3%), Distrito 8 (26,7%), Distrito 6 (23,0%)

Valores mínimos: Distrito 9 (8,9%), Distrito 2 (9,7%), Distrito 7 (11,7%)

Só á nai

Valor medio: 1,4%

Valores máximos: Distrito 2 (4,2%), Distrito 5 (3,0%), Distrito 1 (1,8%)

Valores mínimos: Distritos 3, 6, 8 e 9 (0,0%), Distrito 7 (1,6%), Distrito 4 (1,7%)

Aos dous xuntos

Valor medio: 3,6%

Valores máximos: Distrito 6 (16,4%), Distrito 8 (8,9%), Distrito 2 (4,2%)

Valores mínimos: Distritos 3, 7 e 9 (0,0%), Distrito 4 (2,5%), Distrito 5 (3,0%)

Aos dous por separado

Valor medio: 1,7%

Valores máximos: Distrito 6 (4,9%), Distrito 2 (4,2%), Distrito 1 (3,6%)

Valores mínimos: Distritos 3, 4, 5, 7, 9 (0,0%), Distrito 8 (2,2%)

• CREN QUE OS PAIS CONSUMIRON DROGAS ILEGAIS NALGUNHA OCASIÓN

- Unha ampla maioría de enquisados (71,2%) declara non acreditar que os seus pais tivesen consumido drogas ilegais nalgunha ocasión fronte o 11,1% que si o considera. Até un 17,8% manifesta non saber ou non contestar esta cuestión.

- Por zonas, a proporción de xovens que cren que os seus pais as consumiron nalgunha ocasión é superior na zona semiurbana (16,7%) fronte á rural (12,2%) e urbana (7,2%). A proporción de entrevistados que contestan NS/NC atinxe o 20,2% na urbana, 16,7% na zona rural e 14,4% na semiurbana.

- Por distritos, a situación é:

Valor medio: 11,1%

Valores máximos: Distrito 6 (34,4%), Distrito 1 (16,4%), , Distrito 8 (15,6%)

Valores mínimos: Distrito 3 (0,0%), Distrito 4 (5,0%), Distrito 5 (9,1%)

- O 49,1% dos entrevistados no Distrito 1 declaran non saber ou non contestar a esta cuestión. As porcentaxes de NS/NC son igualmente significativas no Distrito 2 (26,4%), Distrito 9 (24,4%) e Distrito 6 (23,0%).

• FRECUENCIA DE ASISTENCIA AO BOTELLÓN

- O 26,3% dos entrevistados admite asistir sempre ou case sempre ao botellón (9,8% e 16,5%, respectivamente) fronte a un 41,1% que declara non asistir nunca e un 32,6% de asistencia ocasional.

- Por zonas, a casuística é a seguinte:

	%	Zonas
Nunca	41,1	Urbana (44,8%), Semiurbana (41,0%), Rural (26,7%)
Ocasionalmente	32,6	Rural (40,0%), Urbana (31,9%), Semiurbana (30,6%)
Case sempre	16,5	Urbana e Semiurbana (16,7%), Rural (15,6%)
Sempre	9,8	Rural (17,8%), Semiurbana (11,7%), Urbana (6,6%)

- Os/As mozos/as residentes no rural son os que rexistran unha maior frecuencia de asistencia habitual ao botellón (33,4%). Na zona rural prodúcese a maior proporción de entrevistados que declarar asistir sempre ao botellón (17,8%) e o menor rexistro dos que non asisten nunca (26,7%). Na zona semiurbana rexístrase un 28,4% de concorrencia habitual ao botellón. Na zona urbana encóntrase o menor índice de asistencia habitual (23,3%) e o máis elevado índice de persoas que declaran non asistir nunca (44,8%).

- Por distritos e asistencia obsérvase:

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

Asistencia habitual ao botellón (sempre e case sempre)

Valor medio: 26,3%

Valores máximos: Distrito 9 (42,2%), Distrito 5 (36,4%), Distrito 7 (27,3%)

Valores mínimos: Distrito 1 (16,4%), Distrito 8 (18,0%) Distrito 3 (20,8%).

Asistencia ocasional ao botellón

Valor medio: 32,6%

Valores máximos: Distrito 9 (46,7%), Distrito 5 (42,4%), Distrito 2 (38,9%)

Valores mínimos: Distrito 7 (26,6%), Distrito 4 (26,7%), Distrito 3 (31,7%)

Non asiste nunca ao botellón

Valor medio: 41,1%

Valores máximos: Distrito 1 (49,1%), Distrito 3 (47,5%), Distrito 7 (46,1%)

Valores mínimos: Distrito 9 (11,1%), Distrito 5 (21,2%), Distrito 6 (41,0%)

• DIAS DE CONCORRENCIA AO BOTELLÓN

- O 47,1% dos entrevistados que asisten ao botellón declara concorrer a esa actividade de lecer nocturno as noite dos venres, o 28,6% a dos sábados e un 24,2% declara asistir ambas noites na semana.

- Por zonas, obsérvase:

	%	Zonas
Venres	47,1	Urbana (50,6%), Semiurbana (46,8%), Rural (34,4%)
Sábados	28,6	Semiurbana (34,2%), Rural (28,9%), Urbana (25,0%)
Venres e sábados	24,2	Rural (36,7%), Urbana (24,4%), Semiurbana (18,9%)

- Salvo a zona rural, na cal a opción de asistencia ao botellón cun maior rexistro é a simultánea de venres e sábado (36,7%), a maior proporción detéctase o venres na zona urbana (50,6%) e semirural (46,8%).

Por distritos e días de asistencia, a distribución é:

Asistentes ao botellón o venres noite

Valor medio: 47,1%

Valores máximos: Distrito 1 (58,2%), Distrito 4 (51,7%), Distrito 7 (50,8%)

Valores mínimos: Distrito 9 (22,2%), Distrito 5 (30,3%), Distrito 2 (47,2%)

Asistentes ao botellón o sábado noite

Valor medio: 28,6%

Valores máximos: Distrito 5 (54,5%), Distrito 6 (37,7%), Distrito 2 (31,9%)

Valores mínimos: Distrito 4 (20,8%), Distrito 3 (23,8%), Distrito 9 (26,7%)

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

Asistentes ao botellón o sábado e venres

Valor medio: 24,2%

Valores máximos: Distrito 9 (51,1%), Distrito 3 (28,7%), Distrito 4 (27,5%)

Valores mínimos: Distrito 1 (14,5%), Distrito 6 (14,8%), Distrito 5 (15,2%)

• ZONAS DE CONCORRENCIA AO BOTELLÓN

- Para determinar as zonas de maior concorrencia ao botellón no municipio de Vigo, repórtase o resultado das zonas referidas polos xovens que acoden ao botellón coas frecuencias de sempre (9,8%) e case sempre (16,5%).

Zona botellón	TOTAL	CASE SEMPRE	SEMPRE
Praza da Estrela	37,9	39,4	35,4
Casco vello	25,9	22,9	30,8
Parque do Castro	15,5	18,3	10,8
Montero Ríos	10,3	10,1	10,8
Outras	10,3	9,2	12,3

• REACCIÓN FRENTE Á PROHIBICIÓN PATERNA DE ASISTIR AO BOTELLÓN

- Case a metade dos xovens (o 44,8%) declaran que, en caso de producirse, acatarían a prohibición paterna de asistir ao botellón. Un 8,2% afirma que tentaría de convencer aos pais de que os deixasen asistir, obedecendo en todo caso esa prohibición.

- O 31,2% dos xovens entrevistados seguirían acudindo igual ao botellón e perante esa prohibición o 5,8% acudiría menos e con discreción. Até o 10% declara non saber como proceder en caso de producirse semellante prohibición.

- Por zonas, a distribución das respostas é:

	%	Zonas
Obedecer	44,8	Urbana (48,6%), Semiurbana (44,1%), Rural (32,2%)
Seguir acudindo igual	31,2	Urbana (34,5%), Semiurbana (30,2%), Rural (21,1%)
Tentar convencer	8,2	Semiurbana (9,0%), Urbana (8,0%), Rural (6,7%)
Acudir menos	5,8	Rural (11,1%), Semiurbana (5,0%), Urbana (4,9%)
NS/NC	10,0	Rural (28,8%), Semiurbana (11,7%), Urbana (4,0%)

- Os xovens da zona urbana son os que nunha maior proporción declaran que obedecerían aos pais (48,6%) seguidos polos da zona semiurbana (44,1%) e rural (32,2%).

- A proporción de xovens que acudirían menos e con discreción prodúcese na zona rural (11,1%) duplica á rexistrada na zona urbana (4,9%) e semiurbana (5,0%).

- Apesar desa prohibición, seguirían acudindo igual os xovens da zona urbana nunha proporción do 34,5%, os da zona semiurbana (30,2%) e rural (21,1%).

- A negociación fronte á prohibición rexistra unha proporción semellante na zona semiurbana e urbana (9 e 8%, respectivamente) fronte ao 6,7% rexistrado na zona rural.

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

- A maior proporción de resposta NS/NC prodúcese na zona rural (28,8%) fronte ao 4,0% da zona urbana e 11,7% da semiurbana.
- Por distritos, obsérvase a seguinte casuística:

Obedecer aos pais

Valor medio: 44,8%

Valores máximos: Distrito 1 (56,4%), Distrito 3 (51,5%), Distrito 7 (50,0%)

Valores mínimos: Distrito 9 (17,8%), Distrito 5 (27,3%), Distrito 6 (41,0%)

Acudir menos e con discreción

Valor medio: 5,8%

Valores máximos: Distrito 8 (15,6%), Distrito 6 (11,5%), , Distrito 2 (6,9%)

Valores mínimos: Distrito 7 (1,7%), Distrito 1 (1,8%), , Distrito 4 (4,2%)

Seguir acudindo igual

Valor medio: 31,2%

Valores máximos: Distrito 4 (45,8%), Distrito 5 (42,4%), Distrito 3 (34,7%)

Valores mínimos: Distrito 8 (11,1%), Distrito 1 (12,7%), Distrito 6 (24,3%)

Tentaría convencerlos de que lle deixasen asistir, obedecéndoos sempre

Valor medio: 8,2%

Valores máximos: Distrito 1 (25,5%), Distrito 6 (14,8%), Distrito 8 (13,3)

Valores mínimos: Distrito 9 (0,0%), Distrito 3 (1,0%), Distrito 7 (5,5%)

2. ENQUISA REALIZADA Á POBOACIÓN COMPRENDIDA ENTRE 27 E 80 ANOS

• NIVEL DE ESTUDOS

- Entre a poboación que supera os 26 anos destaca a maior proporción de persoas con estudos primarios (42,2%) fronte aos que posúen os estudos secundarios (34,4%) e universitarios (23,4%).

- Por zonas, a distribución é:

	%	Zonas
Primarios	42,2	Rural (49,2%), Urbana (45,9%), Semiurbana (33,5%)
Secundarios	34,4	Semiurbana (38,0%), Urbana (34,0%), Rural (26,8%)
Universitarios	23,4	Semiurbana (28,5%), Rural (24,0%), Urbana (20,0%).

- A zona semiurbana rexistra a maior proporción con estudos universitarios (28,5%) e secundarios (38,0%). A zona rural posúe a maior proporción cos estudos primarios completos (49,2%).

- Por distritos, conséntase o seguinte:

Estudos secundarios completos

Valor medio: 34,4%

Valores máximos: Distrito 2 (44,6%), Distrito 1 (41,2%), Distrito 6 (41,1%)

Valores mínimos: Distrito 4 (23,7%), Distrito 8 (25,0), Distrito 9 (25,4%)

Estudos primarios completos

Valor medio: 42,2%

Valores máximos: Distrito 4 (67,2%), Distrito 8 (61,4%), Distrito 5 (46,3%)

Valores mínimos: Distrito 6 (29,1%), Distrito 7 (32,5%), Distrito 3 (33,7%)

Estudos universitarios completos

Valor medio: 23,4%

Valores máximos: Distrito 9 (33,7%), Distrito 3 (32,2%), Distrito 7 (31,2%)

Valores mínimos: Distrito 4 (9,1%), Distrito 8 (13,6%), Distrito 5 (16,4%)

• SITUACIÓN DE CONVIVENCIA

- Destacan as persoas en situación de convivencia no seu fogar coa familia (89,3%), seguidos polos que partillan piso (8,2%) e por aqueles noutra situación de convivencia (pensión, residencia,...) co 2,5%.

- Por zonas, obsérvase o seguinte:

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

	%	ZONAS
No seu fogar, coa familia	89,3	Semiurbana (90,9%), Rural (89,1%), Urbana (88,4%)
Partilla piso	8,2	Urbana (9,0%), Semiurbana (8,0%), Rural (5,5%)
Outra (pensión, residencia,...)	2,5	Rural (5,5%), Urbana (2,6%), Semiurbana (1,1%)

- Por distritos, a súa distribución é a seguinte:

Residencia no fogar coa familia

Valor medio: 89,3%

Valores máximos: Distrito 8 (98,9%), Distrito 6 (97,2%), Distrito 5 (95,5%)

Valores mínimos: Distrito 9 (80,0%), Distrito 4 (81,9%), Distrito 7 (85,7%)

Partillamento de piso

Valor medio: 8,2%

Valores máximos: Distrito 7 (12,6%), Distrito 4 (12,1%), Distrito 1 (9,8%)

Valores mínimos: Distrito 8 (1,1%), Distrito 6 (2,1%), Distrito 5 (4,5%)

Outra situación de convivencia

Valor medio: 2,5%

Valores máximos: Distrito 9 (10,5%), Distrito 4 (6,0%), Distrito 1 (2,0%)

Valores mínimos: Distritos 5 e 8 (0,0%), Distrito 3 (0,5%), Distrito 2 (0,6%)

• SITUACIÓN SOCIO-PROFESIONAL

- Entre a poboación ocupada destaca o grupo de traballadores asalariados (50,8%) fronte ao de autónomos (11,1%). Rexístrase un 15,0% de desempregados, un 21,1% de xubilados e un 2,0% de estudantes.

- Por zonas, a situación é:

	%	Zonas
Asalariados	50,8	Urbana (52,8%), Semiurbana (49,4%), Rural (46,4%)
Xubilados	21,1	Rural (26,2%), Semiurbana (21,6%), Urbana (19,5%)
Desempregados	15,0	Urbana (16,2%), Rural (14,8%), Semiurbana (13,2%)
Autónomos	11,1	Semiurbana (13,0%), Rural (10,9%), Urbana (10,0%)
Estudantes	2,0	Semiurbana (2,7%), Urbana e rural (1,6%)

- Así pois, non se detectan grandes diferenzas entre cada unha das zonas analizadas.

- Por distritos, e en función da súa situación socio-profesional, obsérvase:

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

Asalariados

Valor medio: 50,8%

Valores máximos: Distrito 4 (55,2%), Distrito 6 (54,6%), Distrito 2 (54,1%)

Valores mínimos: Distrito 8 (39,8%), Distrito 7 (46,8%), Distrito 5 (47,8%)

Xubilados

Valor medio: 21,1%

Valores máximos: Distrito 5 (28,4%), Distrito 9 (27,4%), Distrito 8 (25,0%)

Valores mínimos: Distrito 3 (16,3%), Distrito 1 (17,6%), Distrito 7 (20,3%)

Desempregados

Valor medio: 15,0%

Valores máximos: Distrito 1 (18,6%), Distrito 4 (17,7%), Distrito 7 (15,6%)

Valores mínimos: Distrito 5 (6,0%), Distrito 9 (12,6%), Distrito 6 (12,8%)

Autónomos

Valor medio: 11,1%

Valores máximos: Distrito 5 (17,9%), Distrito 8 (17,0%), Distrito 3 (16,3%)

Valores mínimos: Distrito 9 (5,9%), Distrito 2 (8,9%), Distrito 6 (11,3%)

Estudantes

Valor medio: 2,0%

Valores máximos: Distrito 7 (4,8%), Distrito 3 (3,8%), Distrito 9 (2,1%)

Valores mínimos: Distritos 1, 2 e 5 (0,0%), Distrito 8 (1,1%), Distrito 4 (1,3%)

• FRECUENCIA COA QUE SAEN A DIVERTIRSE

- Entre a poboación maior de 26 anos destaca a proporción de persoas que declaran saír máis dunha vez ao mes (26,6%) e en raras ocasións (25,6%) sobre os que manifestan saír todas as semanas (18,8%), menos dunha vez ao mes (12,1%) e varios días na semana (5,3%). Un 11,5% declara non saír nunca.

- Por zonas, conséntase o seguinte:

	%	Zonas
Máis dunha vez		
ao mes	26,6	Urbana (30,6%), Semiurbana (23,5%), Rural (19,1%)
En raras ocasións	25,6	Semiurbana (28,5%), Urbana (24,3%), Rural (23,5%)
Todas as semanas	18,8	Semiurbana (19,4%), Rural (19,1%), Urbana (18,5%)
Menos dunha		
vez ao mes	12,1	Urbana (13,0%), Semiurbana (11,4%), Rural (10,4%)
Nunca	11,5	Rural (16,4%), Semiurbana (13,2%), Urbana (9,2%)
Varios días		
na semana	5,3	Rural (11,5%), Urbana (4,4%), Semiurbana (4,1%)

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

- Por distritos, e en función do hábito de saída, detéctase:

Saen máis dunha vez ao mes

Valor medio: 26,6%

Valores máximos: Distrito 4 (34,5%), Distrito 3 (29,8%), Distrito 1 (29,4%)

Valores mínimos: Distrito 7 (14,7%), Distrito 9 (16,8%), Distrito 5 (19,4%)

Saen en raras ocasións

Valor medio: 25,6%

Valores máximos: Distrito 9 (35,8%), Distrito 7 (35,1%), Distrito 4 (34,9%)

Valores mínimos: Distrito 8 (10,2%), Distrito 3 (10,6%), Distrito 5 (20,9%)

Saen todas as semanas

Valor medio: 18,8%

Valores máximos: Distrito 3 (30,8%), Distrito 2 (24,2%), Distrito 8 (23,9%)

Valores mínimos: Distrito 7 (6,5%), Distrito 4 (7,3%), Distrito 1 (9,8%)

Menos dunha vez ao mes

Valor medio: 12,1%

Valores máximos: Distrito 7 (26,8%), Distrito 3 (14,9%), Distrito 2 (13,4%)

Valores mínimos: Distrito 5 (4,5%), Distrito 9 (9,5%), Distrito 1 (10,8%)

Nunca

Valor medio: 11,5%

Valores máximos: Distrito 9 (17,9%), Distrito 8 (14,8%), Distrito 1 (13,7%)

Valores mínimos: Distrito 3 (6,3%), Distrito 2 (8,9%), Distrito 7 (11,3%)

Saen varios días na semana

Valor medio: 5,3%

Valores máximos: Distrito 8 (18,2%), Distrito 5 (14,9%), Distrito 3 (7,7%)

Valores mínimos: Distrito 4 (1,3%), Distrito 6 (1,4%), Distrito 7 (2,6%)

• OPCIÓN DE LECER NOCTURNO

- Destaca a proporción de persoas que declaran saír a divertirse de noite acompañados da parella e amizades (27,6%) e só coa parella (23,1%) fronte aos que o fan só con amizades (18,7%), só (12,6%), con toda a familia e outras familias amigas (9,5%) e con toda a familia a soas (8,4%).

- Por zonas, constátase:

	%	Zonas
Coa parella e amizades	27,6	Rural (36,6%), Semiurbano (28,0%), Urbano (25,0%)
Coa parella	23,1	Rural (27,3%), Semiurbano (24,6%), Urbana (21,0%)

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

Con amizades	18,7	Semiurbano (24,4%), Urbana (16,5%), Rural (13,7%)
Só	12,6	Rural (18,0%), Semiurbano (14,8%), Urbana (9,9%)
Con toda a familia e outras familias amigas	9,5	Urbana (15,3%), Semiurbana (3,2%), Rural (2,7%)
Con toda a familia a soas	8,4	Urbana (12,3%), Semiurbana (5,0%), Rural (1,6%)

- Se observa a elevada proporción de persoas que declaran asistir a actividades de lecer nocturno na zona urbana con toda a familia e outras familias amigas (15,3%) ou con toda a familia a soas (12,3%). A zona rural rexistra unha maior proporción dos que manifestan saír coa parella e amizades (36,6%) e só coa parella (27,3%).

Por distritos e opción de lecer nocturno:

Coa parella e amizades

Valor medio: 27,6%

Valores máximos: Distrito 6 (45,4%), Distrito 2 (40,1%), Distrito 9 (40,0%)

Valores mínimos: Distrito 4 (10,8%), Distrito 7 (14,7%), Distrito 3 (24,0%)

Só coa parella

Valor medio: 23,1%

Valores máximos: Distrito 8 (31,8%), Distrito 5 (31,3%), Distrito 2 (28,0%)

Valores mínimos: Distrito 3 (13,9%), Distrito 6 (17,7%), Distrito 4 (22,8%)

Con amizades

Valor medio: 18,7%

Valores máximos: Distrito 7 (35,1%), Distrito 3 (25,0%), Distrito 2 (15,9%)

Valores mínimos: Distrito 4 (9,5%), Distrito 6 (11,3%), Distrito 8 (12,5%)

Só

Valor medio: 12,6%

Valores máximos: Distrito 8 (18,2%), Distrito 9 (17,9%), Distrito 1 (15,7%)

Valores mínimos: Distrito 3 (7,2%), Distrito 2 (8,9%), Distrito 4 (10,3%)

Con toda a familia e familias amigas

Valor medio: 9,5%

Valores máximos: Distrito 4 (24,1%), Distrito 3 (20,7%), Distrito 6 (4,3%)

Valores mínimos: Distrito 9 (2,1%), Distrito 5 (3,0%), Distrito 8 (3,4%)

Con toda a familia a soas

Valor medio: 8,4%

Valores máximos: Distrito 4 (22,4%), Distrito 1 (9,8%), Distrito 3 (9,1%)

Valores mínimos: Distrito 8 (1,1%), Distrito 5 (1,5%), Distrito 9 (2,1%)

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

• HORA DE CHEGADA A CASA

- Existe unha grande dispersión na hora de chegada a casa despois das actividades de lecer nocturno. O tramo horario no que se concentra máis xente é o situado entre as 0-1h (25,8%) e as 2-3h (23,1%). Entre as 1-2h volta a casa o 16,6%, entre as 3-4h o 15,9%, o 6,9% entre as 4-5h e a partir das 5h rexístrase o 11,7%

- Por zonas, a distribución é:

Horas	%	Zonas
0-1	25,8	Rural (29,4%), Semiurbana (26,7%), Urbana (24,5%)
2-3	23,1	Urbana (23,9%), Rural (23,5%), Semiurbana (21,6%)
1-2	16,6	Urbana (20,4%), Semiurbana (12,3%), Rural (11,8%)
3-4	15,9	Semiurbana (17,9%), Rural (17,1%), Urbana (14,4%)
>5	11,7	Semiurbana (15,1%), Urbana (10,1%), Rural (10,0%)
4-5	6,9	Rural (8,2%), Urbana (6,8%), Semiurbana (6,5%)

- Por distritos e en tramos horarios, a distribución é:

Entre as 0-1 h

Valor medio: 25,8%

Valores máximos: Distrito 6 (35,0%), Distrito 8 (34,7%), Distrito 2 (31,0%)

Valores mínimos: Distrito 4 (19,1%), Distrito 7 (22,1%), Distrito 3 (24,5%)

Entre as 2-3h

Valor medio: 23,1%

Valores máximos: Distrito 1 (36,3%), Distrito 5 (26,2%), Distrito 4 (24,8%)

Valores mínimos: Distrito 3 (18,8%), Distrito 7 (19,9%), Distrito 6 (22,1%)

Entre as 1-2h

Valor medio: 16,6%

Valores máximos: Distrito 4 (27,0%), Distrito 3 (20,7%), Distrito 6 (16,4%)

Valores mínimos: Distrito 5 (1,5%), Distrito 1 (9,8%), Distrito 8 (10,7%)

Entre as 3-4h

Valor medio: 15,9%

Valores máximos: Distrito 7 (23,5%), Distrito 5 (21,5%), Distrito 9 (20,0%)

Valores mínimos: Distrito 6 (7,1%), Distrito 3 (9,1%), Distrito 8 (13,3%)

Entre as 4-5h

Valor medio: 6,9%

Valores máximos: Distrito 5 (12,3%), Distrito 9 (10,5%), Distrito 2 (8,4%)

Valores mínimos: Distrito 7 (4,0%), Distrito 1 (4,9%), Distrito 8 (5,3%)

Despois das 5h

Valor medio: 11,7%

Valores máximos: Distrito 3 (21,2%), Distrito 7 (17,7%), Distrito 5 (13,8%)

Valores mínimos: Distrito 4 (4,3%), Distrito 1 (4,9%), Distrito 2 (7,1%)

• FRECUENCIA NO CONSUMO DE BEBIDAS ALCOÓLICAS

- A maior proporción de persoas maiores de 26 anos que consume álcool prodúcese ocasionalmente (30,9%) e acotío (23,9%). Así pois, nestas dúas situacións de consumo sitúase o 54,8% das persoas entrevistadas.

- A maior distancia sitúanse os que declaran consumilo preferentemente nas fins de semana (16,5%) e varias veces na semana (12,3%)

- As persoas que manifestan non consumir álcool absolutamente nunca atinxe o 13,5%.

- Un 2,9% non define a súa frecuencia de consumo de bebidas alcoólicas.

- Por zonas, detéctase o seguinte:

	%	Zonas
Ocasionalmente	30,9	Urbana (36,9%), Rural (26,8%), Semiurbana (23,0%)
Acotío	23,9	Rural (31,1%), Urbana (22,9%), Semiurbana (22,6%)
Na fin de semana	16,5	Semiurbana (20,3%), urbana (15,5%), Rural (11,5%)
Absolutamente nunca	13,5	Rural (23,0%), Semiurbana (14,8%), Urbana (10,2%)
Varias veces na semana	12,3	Semiurbana (13,9%), Urbana (13,3%), Rural (4,9%)
NSNC	2,9	Semiurbana (5,5%), Rural (2,7%), Urbana (1,3%)

- As persoas da zona urbana son as que declaran en maior proporción consumir álcool de cando en vez (36,9%).

- A zona rural rexistra a taxa máis elevada de consumo de álcool acotío (31,1%) e das persoas que manifestan non consumir álcool absolutamente nunca (23,0%).

- A zona semiurbana posúe un índice superior no consumo de álcool nos fins de semana (20,3%) e varias veces na semana (13,9%) fronte ás outras zonas.

- Por distritos, a distribución é:

De cando en vez/ocasionalmente

Valor medio: 30,9%

Valores máximos: Distrito 1 (41,2%), Distrito 6 (40,4%), Distrito 2 (38,9%)

Valores mínimos: Distrito 4 (11,6%), Distrito 5 (11,9%), Distrito 7 (15,6%)

Acotío

Valor medio: 23,9%

Valores máximos: Distrito 8 (33,0%), Distrito 7 (32,0%), Distrito 9 (29,5%)

Valores mínimos: Distrito 4 (0,0%), Distrito 1 (10,8%), Distrito 5 (11,9%)

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

No fin de semana

Valor medio: 16,5%

Valores máximos: Distrito 5 (35,8%), Distrito 4 (32,8%), Distrito 3 (23,6%)

Valores mínimos: Distrito 1 (2,9%), Distrito 9 (8,4%), Distrito 6 (10,6%)

Absolutamente nunca

Valor medio: 13,5%

Valores máximos: Distrito 4 (38,4%), Distrito 8 (29,5%), Distrito 6 (23,4%)

Valores mínimos: Distrito 3 (5,8%), Distrito 7 (10,0%), Distrito 5 (13,4%)

Varias veces na semana

Valor medio: 12,3%

Valores máximos: Distrito 5 (25,4%), Distrito 1 (18,6%), Distrito 3 (16,8%)

Valores mínimos: Distrito 8 (3,4%), Distrito 9 (6,3%), Distrito 2 (7,6%)

NS/NC

Valor medio: 2,9%

Valores máximos: Distrito 7 (10,0%), Distrito 9 (5,3%), Distrito 1 (3,9%)

Valores mínimos: Distritos 6 e 8 (0,0%), Distrito 2 (1,3%), Distrito 3 (1,4%)

• IDADE DE INICIACIÓN NO CONSUMO DE BEBIDAS ALCOÓLICAS

- O inicio no consumo dalgunha bebida alcoólica na minoría de idade sitúase no 57,2% das persoas entrevistadas (6,4% antes dos 12 anos, 20,8% entre os 12-14 anos e 30,0% entre os 15-17 anos).

- O tramo de idade no que se produce a maior proporción de persoas que se iniciou no consumo dalgunha bebida alcóolica dáse entre os 15-17 anos.

- Un 5,5% declara non ter probado nunca o álcool.

- Até un 4,3% manifesta non saber que contestar a esta pregunta.

- Por zonas, obsérvase a seguinte casuística:

Idade	%	Zonas
Entre 15 – 17 anos	30,0	Urbana (34,9%), Rural (26,8%), Semiurbana (23,5%)
Entre 18 – 20 anos	22,0	Rural (25,7%), Urbana (23,9%), Semiurbana (17,5%)
Entre 12 – 14 anos	20,8	Semiurbana (27,5%), Urbana (19,2%), Rural (11,5%)
Entre 21 – 25 anos	8,5	Rural (9,3%), Urbana (8,4%), Semiurbana (8,2%)
Antes dos 12 anos	6,4	Rural (11,5%), Semiurbana (6,4%), Urbana (5,2%)
Nunca probou o álcool	5,5	Semiurbana (7,7%), Rural (6,0%), Urbana (3,9%)
NS/NC	4,3	Semiurbana (7,1%), Urbana (3,3%), Rural (1,6%)
Despois dos 25 anos	2,5	Rural (7,7%), Semiurbana (2,3%), Urbana (1,3%)

- A proporción de persoas que consumiu por primeira vez algunha bebida alcoólica na minoría de idade atinxe o 62,5% na zona urbana, 57,4% na semiurbana e o 49,5% na rural.

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

- A maior taxa de maiores de 26 anos que nunca probou o álcool sitúase na zona semiurbana (7,7%).
- A zona rural rexistra a maior proporción que se iniciou no consumo de álcool após os 25 anos.
- Por distritos, obsérvanse as seguintes características:

Entre 15 – 17 anos

Valor medio: 30,0%

Valores máximos: Distrito 2 (37,6%), Distrito 4 (32,8%), Distrito 8 (31,8%)

Valores mínimos: Distrito 7 (19,5%), Distrito 3 (21,6%), Distrito 9 (22,1%)

Entre 18 – 20 anos

Valor medio: 22,0%

Valores máximos: Distrito 5 (29,9%), Distrito 8 (29,5%), Distrito 1 (29,4%)

Valores mínimos: Distrito 4 (4,7%), Distrito 7 (11,3%), Distrito 3 (13,9%)

Entre 12 – 14 anos

Valor medio: 20,8%

Valores máximos: Distrito 4 (47,4%), Distrito 7 (43,3%), Distrito 3 (34,1%)

Valores mínimos: Distrito 5 (6,0%), Distrito 1 (7,8%), Distrito 6 (11,3%)

Entre 21 – 25 anos

Valor medio: 8,5%

Valores máximos: Distrito 1 (18,6%), Distrito 6 (18,4%), Distrito 9 (11,6%)

Valores mínimos: Distrito 4 (0,4%), Distrito 7 (2,2%), Distrito 2 (7,0%)

Antes dos 12 anos

Valor medio: 6,4%

Valores máximos: Distrito 8 (14,8%), Distrito 4 (12,9%), Distrito 3 (10,1%)

Valores mínimos: Distrito 6 (2,2%), Distrito 5 (4,5%), Distrito 1 (4,9%)

Nunca probou o álcool

Valor medio: 5,5%

Valores máximos: Distrito 5 (13,4%), Distrito 6 (10,6%), Distrito 1 (8,8%)

Valores mínimos: Distrito 4 (0,4%), Distrito 3 (3,4%), Distrito 7 (4,3%)

Despois dos 25 anos

Valor medio: 2,5%

Valores máximos: Distrito 9 (14,7%), Distrito 6 (5,7%), Distrito 2 (3,2%)

Valores mínimos: Distritos 7 e 8 (0,0%), Distrito 4 (0,4%), Distritos 1 e 3 (1,0%)

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

• CONSUMO DOUTRAS DROGAS

- Entre o consumo doutro tipo de drogas destaca o das brandas (15,7%), fronte ao consumo das duras (2,4%) e das de deseño (2,0%).

- Por zonas, a distribución é:

	%	Zonas
Drogas de deseño (pastillas, anfetás,...)	2,0	Semiurbana (3,0%), Urbana (1,6%), Rural (1,1%)
Drogas brandas (haxixe, mariuana,...)	15,7	Rural (16,9%), Urbana (15,6%), Semiurbana (15,5%)
Drogas duras (cocaína, heroína,...)	2,4	Rural (6,6%), Urbana (2,0%), Semiurbana (1,4%)

- Destaca a maior proporción no consumo de drogas duras na zona rural (6,6%).

- A taxa de consumo de drogas brandas é semellante nas tres zonas analizadas do municipio de Vigo.

- O consumo de drogas de deseño alcanza maior nivel na zona semiurbana (3,0%).

Por distritos, obsérvase a seguinte casuística:

Drogas brandas

Valor medio: 15,7%

Valores máximos: Distrito 6 (27,0%), Distrito 3 (25,5%), Distrito 9 (22,1%)

Valores mínimos: Distrito 4 (5,6%), Distrito 7 (8,2%), Distrito 8 (11,4%)

Drogas duras

Valor medio: 6,6%

Valores máximos: Distrito 9 (10,5%), Distrito 1 (7,8%), Distrito 5 (6,0%)

Valores mínimos: Distrito 7 (0,0%), Distrito 4 (0,4%), Distrito 2 (1,3%)

Drogas de deseño

Valor medio: 2,0%

Valores máximos: Distrito 5 (4,5%), Distrito 1 (3,9%), Distrito 6 (3,5%)

Valores mínimos: Distrito 2 (0,0%), Distritos 8 e 9 (1,1%), Distrito 4 (1,3%)

• GRAO DE ACORDO CON AFIRMACIÓNS SOBRE A MOCIDADE

- As persoas de máis de 26 anos entrevistadas están de acordo nun 64,0% en que a xuventude actual desaproveita moitas oportunidades, que os mozos só pensan en se divertir (57,9%) e que a nosa sociedade lle esixe a cada vez máis á mocidade (52,6%).

- Non se está de acordo na sentenza de que cada vez se ten menos en conta a opinión da xuventude (39,9%) e en que os mozos/as de hoxe non teñen ideais (43,6%).

- Por zonas, detéctanse as seguintes características:

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

	%	Zonas
A xuventude actual ten moitas oportunidades que desaproveita	64,0	Semiurbana (67,9%), Urbana (65,6%), Rural (48,7%)
Os mozos de hoxe non teñen ideais	43,6	Semiurbana (46,9%), urbana (44,6%), Rural (31,7%)
A nosa sociedade esíxelle cada vez máis á mocidade	52,6	Urbana (58,8%), Semiurbana (48,7%), Rural (38,2%)
Os mozos só pensan en divertirse	57,9	Semiurbana (62,4%), Urbana (59,2%), Rural (41,5%)
Cada vez tense menos en conta a opinión da xuventude	39,9	Urbana (44,7%), Semiurbana (36,9%), Rural (29,0%)

- A zona rural maniféstase máis benévola coa mocidade xa que, a diferenza das outras dúas, están en desacordo con afirmacións como que a mocidade desaproveita moitas oportunidades ou que só pensa en se divertir. A sentenza que máis desacordo suscita nesta zona é a de que cada vez tense menos en conta a opinión da xuventude.

- Só as persoas residentes na zona urbana consideran que a nosa sociedade cada vez esíxelle máis á xuventude.

• REALIZACIÓN DO BOTELLÓN NAS INMEDIACIÓNS DO FOGAR

- A porcentaxe de persoas que manifestan que se realiza algún botellón nas inmediacións do seu fogar atinxe o 18,0%. Os que declaran descoñecer se se realiza algún na inmediación da súa residencia atinxe o 11,4%

Por zonas, as respostas foron:

	%	Zonas
SI	18,0	Urbana (21,7%), Semiurbana (14,8%), Rural (11,5%)
NON	70,6	Rural (88,0%), Semiurbana (72,4%), Urbana (64,8%)
NS/NC	11,4	Urbana (13,5%), Semiurbana (12,8%), Rural (0,5%)

- Na zona urbana rexístrase a maior proporción que afirman que se realiza algún botellón nas inmediacións do seu fogar (21,7%). Conforme nos afastamos do casco urbano diminúe a proporción que declara estar afectados pola práctica do botellón (14,8% na zona semiurbana e 11,5% na rural).

Por distritos, constátase o seguinte:

Realización de botellón nas inmediacións do fogar

Valor medio: 18,0%

Valores máximos: Distrito 4 (99,6%), Distrito 5 (98,5%), Distrito 6 (40,4%)

Valores mínimos: Distrito 7 (3,0%), Distrito 8 (9,1%), Distrito 9 (13,7%)

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

NS/NC

Valor medio: 11,4%

Valores máximos: Distrito 3 (43,7%), Distrito 7 (22,5%), Distrito 6 (2,9%)

Valores mínimos: Distritos 1, 4, 5 e 8 (0,0%), Distrito 2 (1,9%)

• PUBS/DISCOTECAS ABERTOS ATÉ ALTAS HORAS DA MADRUGADA PRÓXIMAS AO LUGAR DE RESIDENCIA

- O 26,0% das persoas entrevistadas declaran que existe algunha actividade hostaleira (pubs ou discotecas) aberta até altas horas da madrugada perto do seu lugar de residencia. Un 7,2% manifesta descoñecer se existe ese tipo de locais de lecer nocturno.

- Por zonas, as respostas foron:

	%	Zonas
SI	26,0	Urbana (36,1%), Rural (15,3%), Semiurbana (14,6%)
NON	66,8	Rural (84,2%), Semiurbana (76,1%), Urbana (56,5%)
NS/NC	7,2	Semiurbana (9,3%), Urbana (7,4%), Rural (0,5%)

- A zona urbana é a que rexistra unha maior proporción (36,1%) que declaran que existen locais de lecer nocturnos abertos até altas horas da madrugada nas inmediacións da súa residencia.

- Por distritos e en relación á presenza no lugar de residencia de locais de lecer nocturno, obsérvase:

Realización de botellón nas inmediacións do fogar

Valor medio: 26,0%

Valores máximos: Distrito 5 (97,0%), Distrito 8 (96,6%), Distrito 3 (44,7%)

Valores mínimos: Distrito 8 (1,1%), Distrito 5 (3,0%), Distrito 3 (31,7%)

NS/NC

Valor medio: 7,2%

Valores máximos: Distrito 3 (23,6%), Distrito 7 (14,3%), Distrito 6 (5,7%)

Valores mínimos: Distritos 1, 4, 5 e 9 (0,0%), Distrito 2 (1,9%), Distrito 8 (2,3%)

• TIPOLOXÍA DE PROBLEMAS QUE PRESENTA O BOTELLÓN

- A inmensa maioría das persoas entrevistadas (o 90,8%) consideran que o botellón constitúe un problema, destacando os que o consideran un problema de orde pública (36,5%) fronte aos que só consideran un problema de saúde pública (12,4%). Para o 41,9% dos entrevistados constitúe un problema tanto de saúde como de orde pública.

- Só o 9,2% considera que o botellón non é ningún problema.

- Por zonas, constátase o seguinte:

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

	%	Zonas
É un problema tanto de saúde como de orde pública	41,9	Urbana (61,5%), Semiurbana (35,3%), Rural (20,8%)
É un problema sobretudo de orde pública polas molestias que orixina	36,5	Rural (47,0%), Semiurbana (42,1%), Urbana (30,2%)
É un problema de saúde pública polas consecuencias para a saúde que pode conlevar	12,4	Rural (26,8%), Semiurbana (12,5%), Urbana (8,6%)
Non é nengún problema	9,2	Semiurbana (10,0%), Urbana (9,7%), Rural (5,5%)

- Na zona rural existe unha maior proporción que admiten que se trata fundamentalmente dun problema de orde pública (47,0%) e saúde pública (26,8%)

Por distritos, a distribución é:

É un problema tanto de saúde como de orde pública

Valor medio: 41,9%

Valores máximos: Distrito 5 (68,7%), Distrito 1 (62,7%), Distrito 3 (61,4%)

Valores mínimos: Distrito 9 (11,6%), Distrito 7 (11,7%), Distrito 8 (30,7%)

É un problema sobretudo de orde pública polas molestias que orixina

Valor medio: 36,5%

Valores máximos: Distrito 9 (62,1%), Distrito 7 (57,6%), Distrito 4 (37,1%)

Valores mínimos: Distrito 5 (16,4%), Distrito 1 (18,6%), Distrito 2 (24,8%)

É un problema de saúde pública polas consecuencias para a saúde que pode conlevar

Valor medio: 12,4%

Valores máximos: Distrito 8 (28,4%), Distrito 9 (25,3%), Distrito 7 (16,0%)

Valores mínimos: Distrito 3 (0,0%), Distrito 5 (7,5%), Distrito 4 (8,6%)

Non é nengún problema

Valor medio: 9,2%

Valores máximos: Distrito 3 (16,3%), Distrito 7 (14,7%), Distrito 4 (11,2%)

Valores mínimos: Distrito 9 (1,1%), Distrito 1 (2,9%), Distrito 2 (3,2%)

• CIVISMO DOS ASISTENTES AO BOTELLÓN

- A proporción de persoas que consideran cívico o comportamento dos asistentes ao botellón sitúase no 18,6%.

- As diferenzas de criterio sobre o civismo dos asistentes son moi semellantes nas zonas analizadas, sendo superior a valoración na zona rural (19,7%) fronte á urbana (18,9%) e semiurbana (17,8%).

Civismo dos asistentes ao botellón.

Valor medio: 18,6%

Valores máximos: Distrito 8 (30,7%), Distrito 5 (20,9%), Distrito 1 (20,6%)

Valores mínimos: Distrito 9 (9,5%), Distrito 6 (17,0%), Distrito 7 (17,3%)

• CAUSAS DO BOTELLÓN

- Para analizar este parámetro segmentouse a poboación maior de 26 anos en dous grupos: o constituído polas persoas con fillos de idade entre os 14-26 anos e o grupo formado polas que ou ben non teñen fillos ou estes están nun tramo de idade distinto ao remarcado.

- Na seguinte tabela rexístrase por orde decrecente de prioridade as causas que, segundo a globalidade das persoas maiores de 26 anos entrevistadas, concorren na existencia do fenómeno do botellón. Para cada unha das causas rexistradas recóllese igualmente a orde e proporción das respostas dadas tanto polos que son pais con fillos de idades comprendidas entre os 14 e 26 anos e o resto da poboación con máis de 26 anos.

Causa	%	Pais	Resto
Os mozos non dispoñen dunha oferta e espazos de lecer propios e accesíbeis	1 (46,7)	1 (44,1)	1 (47,5)
Os pais e as autoridades non asumen as súas competencias	2 (42,0)	2 (43,8)	3 (41,4)
A xuventude está excesivamente mimada	3 (40,7)	3 (35,4)	2 (42,3)
Os mozos son uns irresponsábeis e maleducados	4 (28,6)	5 (25,8)	4 (29,5)
Hai moitos mozos que non se poden emancipar e están faltos de expectativas de futuro	5 (25,8)	4 (33,2)	5 (23,4)
En España sempre se bebeu moito, e na rúa	6 (16,2)	6 (17,7)	6 (15,7)

- Nos dous segmentos en que se estratificou esta poboación concordan en situar na carencia dunha oferta de espazos de lecer propios e accesíbeis para a mocidade como a principal causa da existencia do botellón.

- A non asunción das súas responsabilidades por parte dos pais e autoridades (2º causa do botellón) atinxe unha maior proporción nos pais con fillos en idade de asistir ao botellón (43,8%) que no resto da poboación (41,4%).

- Os pais con fillos de idades entre os 14-26 anos consideran en menor proporción que o resto de maiores de 26 anos (35,4% lugar fronte ao 42,3%) que a xuventude está excesivamente mimada seguida do criterio de que sexa maleducada (25,8% fronte ao 29,5%). Isto constata que os pais con fillos en idade de asistir ao botellón teñan unha actitude menos crítica coa xuventude que outros segmentos da poboación maior de 26 anos (xubilados, persoas sen fillos,...).

- Existe unha maior sensibilidade nos pais con fillos en idade de asistir ao botellón pola causa de carácter socio-económico, ao rexistrarse unha maior proporción (33,2% fronte

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

ao 23,4% do resto da poboación) no grao de concordancia con que existen moitos mozos/as que non se poden emancipar e están faltos de expectativas de futuro.

- Existe unanimidade entre os dous segmentos analizados en considerar a existencia do botellón por motivos de carácter sociolóxico (“no noso entorno cultural sempre se bebeu moito na rúa”) ao rexistrar unha proporción entre o 15-17%.

• SOLUCIÓNS AO BOTELLÓN

- A seguir recóllese nunha tabela, e por orde decrecente de prioridade, as medidas que, segundo a globalidade de persoas entrevistadas con máis de 26 anos, contribuirían á solución do problema do botellón. Para cada unha das medidas rexistradas recóllese igualmente a orde de prioridade e proporción das respostas dadas tanto polas persoas con fillos de idades comprendidas entre os 14 e 26 anos (Pais) como polo resto da poboación de máis de 26 anos (Resto).

Medida	Global	Pais	Resto
Ofrecendo alternativas de lecer	43,5 (1)	45 (1)	43 (1)
Con maior presenza policial	35,2 (2)	37,3 (2)	34,5 (2)
Educando aos mozos no respecto aos demais	32,7 (3)	31,1 (3)	33,2 (3)
Levándoo lonxe das zonas residenciais	29,7 (4)	27,0 (5)	30,5 (4)
Baixando os prezos das copas sería suficiente	23,3 (5)	29,8 (4)	21,2 (5)
Habería que castigar aos mozos que se emborrachen	20,3 (6)	19,9 (6)	20,4 (7)
Chegando a un acordo entre todos (por ex.: acordando unha hora prudente para que remate)	20,1 (7)	17,1 (7)	21 (6)
Prohibindo beber na rúa	16,4 (8)	10,9 (11)	18,1 (8)
Creando postos de traballo para os mozos e facilitando a súa emancipación	13,5 (9)	16,8 (8)	12,4 (10)
Prohibindo beber na rúas á mocidade	13,2 (10)	13,7 (9)	13,1 (9)
Instalando máis contentores e WC	12,0 (11)	12,7 (10)	11,8 (11)
Non fan falla novas medidas, basta con facer cumprir as leis que xa existen	9,3 (12)	8,4 (12)	9,6 (12)
Os pais débenllo prohibir aos seus fillos e fillas	7,9 (13)	6,8 (15)	8,2 (13)
Non ten solución	7,5(14)	7,5 (14)	7,5 (14)
Prohibindo beber na rúa de noite	5,7 (15)	8,1 (13)	4,9 (15)
Prohibindo beber na rúa de noite á mocidade	4,0 (16)	4,3 (16)	3,9 (17)
Non hai que intervir, hai que deixar que os mozos se divirtan como queiran	4,0 (17)	2,8 (17)	4,4 (16)
Os mozos están mellor na rúa que nos bares	1,7 (18)	0,9 (18)	2,0 (18)

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

Medidas de consenso social

- A oferta de maiores alternativas de lecer para a mocidade constitúe a principal medida que solucionaría o problema do botellón para os maiores de 26 anos (43,5%), expresándose en termos semellantes tanto os pais con fillos en idade comprendida entre os 14-26 anos como no resto da poboación maior de 26 anos.

- O 32,7% dos maiores de 26 anos considera que a educación da mocidade no respecto aos demais contribuiría á solución do botellón, rexistrándose semellantes proporción entre os pais con fillos en idade do botellón e o resto da poboación maior de 26 anos (31,1% e 33,2%, respectivamente).

- Afastar o botellón das zonas residenciais para solucionar este fenómeno constitúe a medida máis eficaz para o 29,7% dos entrevistados, rexistrando proporcións semellantes tanto para os pais con fillos en idade de botellón (27,0%) e no resto de maiores de 26 anos (30,5%).

- As medidas de consenso social (chegar a un acordo entre todos acordando, por exemplo, unha hora prudente para que remate o botellón) rexistra o 20,1% de apoios, obtendo unha maior proporción no resto de persoas maiores de 26 anos (21,0%) que nos pais de fillos en idades de asistir ao botellón (17,1%).

- As medidas que contribúen a mellorar as condicións dos asistentes ao botellón (por ex. a instalación de máis contentores de recollida de lixo e dotacións de WC) rexistra un 12,0% (11º lugar de preferencia), con semellante proporción entre os pais con fillos en idade de asistir ao botellón (12,7%, 10º lugar) e no resto da poboación con máis de 26 anos (11,8%, 11º lugar).

Medida	%	Pais	Resto
Ofrecendo alternativas de lecer	43,5 (1)	45 (1)	43 (1)
Educando aos mozos no respecto aos demais	32,7 (3)	31,1 (3)	33,2 (3)
Levándoo lonxe das zonas residenciais	29,7 (4)	27,0 (5)	30,5 (4)
Chegando a un acordo entre todos (por ex.: acordando unha hora prudente para que remate)	20,1 (7)	17,1 (7)	21 (6)
Instalando máis contedores e WC	12,0 (11)	12,7 (10)	11,8 (11)

Medidas coercitivas

- Unha maior presenza policial é referida como segunda medida en importancia polo 35,2% dos entrevistados, rexistrándose unha maior proporción nos pais con fillos entre os 14-26 anos (37,3%) fronte ao resto da poboación (34,5%).

- Entre as medidas de carácter punitivo previstas, a que alcanza maior grao de apoio é a de castigar aos mozos que se emborrachen (20,3%), obtendo proporcións semellantes tanto para os pais con fillos entre 14-26 anos (19,9%) como no resto de persoas maiores de 26 anos (20,4%).

- As medidas de carácter prohibitivo rexistran diferente grao de apoio: prohibición de beber na rúa (16,4%, 8º lugar), de beber na rúa á mocidade (13,2%, 10º lugar), de beber na rúa de noite (5,7%, 15º lugar) e de beber na rúa de noite á mocidade (4,0%,

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

16º lugar). A opción da prohibición xeral de beber na rúa rexistra maior apoio no resto da poboación maior de 26 anos (18,1%) fronte aos pais con fillos en idade de asistir ao botellón (10,9%); a opción de prohibir beber na rúa á mocidade presenta un grao de apoio semellante (13,1% e 13,7%, respectivamente) e as medidas de prohibir beber na rúa de noite e prohibir beber na rúa de noite á mocidade atinxe maior proporción nos pais con fillos en idade de asistir ao botellón (8,1% fronte a 4,9% e 4,3% fronte a 3,9%, respectivamente).

- Outra medida, como a prohibición total, polos pais, de asistir ao botellón aos seus fillos ocupa o 13º lugar de preferencia para solucionar o problema do botellón (7,9%), rexistrando maior proporción entre o resto da poboación maior de 26 anos (8,2%) que nos pais con fillos en idade de asistir ao botellón (6,8%).

- A demanda do cumprimento da lexislación actual existente sen necesidade de recorrer a nengunha outra disposición é referida polo 9,3%, rexistrando maior proporción no resto da poboación maior de 26 anos (9,6%) que nos pais con fillos entre 14-26 anos (8,4%).

Medida	%	Pais	Resto
Con maior presenza policial	35,2 (2)	37,3 (2)	34,5 (2)
Os pais débennlo prohibir aos seus fillos e fillas	7,9 (13)	6,8 (15)	8,2 (13)
Non fan falla novas medidas, basta con facer cumprir as leis que xa existen	9,3 (12)	8,4 (12)	9,6 (12)
Prohibindo beber na rúa	16,4 (8)	10,9 (11)	18,1 (8)
Prohibindo beber na rúas á mocidade	13,2 (10)	13,7 (9)	13,1 (9)
Prohibindo beber na rúa de noite	5,7 (15)	8,1 (13)	4,9 (15)
Prohibindo beber na rúa de noite á mocidade	4,0 (16)	4,3 (16)	3,9 (17)
Habería que castigar aos mozos que se emborrachen	20,3 (6)	19,9 (6)	20,4 (7)

Medidas socio-económicas

- A medida de que sería suficiente con baixar o prezo das copas para solucionar o problema do botellón ocupa o quinto lugar entre a poboación con idade superior a 26 anos (23,3%), rexistrándose unha maior sensibilidade nos pais con fillos entre 14-26 anos (29,8% e 4º lugar) que no resto das persoas con máis de 26 anos (21,2% e 5º lugar de preferencia).

- A medida socio-económica de crear postos de traballo para a mocidade para facilitar con iso a súa emancipación ocupa o noveno lugar (13,5%), rexistrando maior nivel de apoio entre os pais con fillos entre 14-26 anos (16,8%, 8º lugar) que no resto da poboación con máis de 26 anos (12,4%, 10º lugar).

Medida	%	Pais	Resto
Baixando os prezos das copas sería suficiente	23,3 (5)	29,8 (4)	21,2 (5)
Creando postos de traballo para os mozos e facilitando a súa emancipación	13,5 (9)	16,8 (8)	12,4 (10)

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

O problema do botellón non ten solución

- A consideración de que non existe medida nengunha para o problema do botellón xa que non ten solución é referida polo 7,5% dos entrevistados, rexistrando igual proporción nos dous segmentos da poboación maior de 26 anos analizada.

Medidas de tolerancia social

- A opción de tolerancia total de non intervir para aplacar o botellón como problema na medida en que hai que deixar que os mozos se divirtan como queiran obtén un 4,0% de apoio (17º lugar), rexistrando maior proporción no resto da poboación maior de 26 anos (4,4%) que nos pais con fillos entre 14-26 anos (2,8%).

Medida	%	Pais	Resto
Non hai que intervir, hai que deixar que os mozos se divirtan como queiran	4,0 (17)	2,8 (17)	4,4 (16)
Os mozos están mellor na rúa que nos bares	1,7 (18)	0,9 (18)	2,0 (18)

• PROHIBIR O CONSUMO DE ÁLCOOL A MENORES

- O 78,2% das persoas entrevistadas prohibirían o consumo de álcool a menores de 18 anos.

- Por zonas esta cuestión atinxe maior proporción no entorno rural e urbano (83,1% e 82,3%, respectivamente) fronte á zona semiurbana (69,7%).

- Por distritos, os valores obtidos son os seguintes:

Valor medio: 78,2%

Valores máximos: Distrito 3 (91,3%), Distrito 9 (88,4%), Distrito 5 (88,1%)

Valores mínimos: Distrito 7 (57,1%), Distrito 4 (75,4%), Distrito 8 (77,3%)

• GRAO DE ACORDO COAS MEDIDAS PARA MITIGAR O CONSUMO DE ÁLCOOL POR MENORES.

- Os maiores de 26 anos entrevistados declaran estar de acordo (moi acordo e de acordo) coas tres medidas propostas para mitigar o consumo de álcool por parte dos menores. Por nivel de identificación, este é maior coa imposición de sancións económicas aos pais dos menores que consomen alcohol (68,9%), seguido do aumento no control na venda de bebidas alcohólicas (67,3%) e a imposición ao menor de traballos en beneficio da comunidade (60,7%).

- Por zonas, as medidas a adoptar explícanse na seguinte tabela:

Grao de acordo	%	Zonas
Sanción económica aos pais dos menores	68,9 (1)	Urbana (71,5%), Semiurbana (70,9%), Rural (52,7%)
Traballos en beneficio da comunidade ao menor	60,7 (3)	Urbana (62,9%), Semiurbana (60,0%), Rural (54,3%)

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

Aumento do control na venda de bebidas alcohólicas 67,3 (2) Urbana (72,8%), Semiurbana (60,9%), Rural (59,6%)

- As persoas residentes no entorno urbano presentan maior grao de identificación coas medidas propostas fronte ao entorno rural que rexistra menor proporción.
- Por distritos, prodúcese a seguinte distribución:

Impor sancións económicas aos pais dos menores

Valor medio: 68,9%

Valores máximos: Distrito 2 (85,4%), Distrito 4 (81,6%), Distrito 6 (80,7%)

Valores mínimos: Distrito 9 (35,5%), Distrito 1 (53,8%), Distrito 3 (56,2%)

Impor ao menor traballos en beneficio da comunidade

Valor medio: 60,7%

Valores máximos: Distrito 6 (65,0%), Distrito 2 (64,9%), Distrito 8 (59,7%)

Valores mínimos: Distrito 5 (38,0%), Distrito 1 (44,2%), Distrito 9 (49,3%)

Aumentar o control na venda de bebidas alcohólicas

Valor medio: 67,3%

Valores máximos: Distrito 4 (77,1%), Distrito 3 (74,4%), Distrito 7 (72,3%)

Valores mínimos: Distrito 6 (55,9%), Distrito 9 (58,0%), Distrito 5 (64,1%)

• PERCEPCIÓN SOBRE A ASISTENCIA DOS FILLOS AO BOTELLÓN

- O 41,3% das persoas entrevistadas con fillos de idades comprendidas entre os 14 e 26 anos cren que os seus fillos asisten ao botellón fronte ao 47,5% que non o considera. Un 11,2 manifesta descoñecer este aspecto dos seus fillos.
- Por zonas, obsérvase o seguinte:

	%	Zonas
Si	41,3	Semiurbana (44,0%), urbana (41,0%), Rural (35,6%)
Non	47,5	Rural (51,1%), Semiurbana (47,4%), Urbana (46,6%)
NSNC	11,2	Rural (13,3%), Urbana (12,4%), Semiurbana (8,6%)

- A maior percepción dos pais sobre a participación destes no botellón sitúase na zona semiurbana e urbana.
- Por distritos, prodúcese a seguinte distribución:

Consideran que os seus fillos asisten ao botellón

Valor medio: 41,3%

Valores máximos: Distrito 2 (63,3%), Distrito 7 (57,1%), Distrito 8 (45,2%)

Valores mínimos: Distrito 9 (14,3%), Distrito 1 (28,0%), Distrito 5 (28,6%)

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

NSNC

Valor medio: 11,2%

Valores máximos: Distrito 9 (21,4%), Distrito 2 (16,7%), Distrito 7 (16,1%)

Valores mínimos: Distrito 5 (0,0%), Distrito 6 (2,2%), Distrito 8 (9,7%)

• FRECUENCIA DA ASISTENCIA AO BOTELLÓN DOS FILLOS

- O 46,3% considera que os seus fillos nunca asisten ao botellón fronte aos que consideran que asisten ocasionalmente (37,9%), case sempre (8,4%) e sempre (7,5%).

- Por zonas, a distribución é:

	%	Zonas
Nunca	43,6	Semiurbana (50,9%), Urbana (44,7%), Rural (40,0%)
Ocasionalmente	37,9	Rural (51,1%), Urbana (40,4%), Semiurbana (29,3%)
Case sempre	8,4	Semiurbana (12,1%), urbana (7,5%), Rural (2,2%)
Sempre	7,5	Semiurbana (7,8%), Urbana (7,5%), Rural (6,7%)

- A zona semiurbana rexistra á súa vez a maior proporción de proxenitores que consideran que os seus fillos nunca asisten ao botellón e daqueles que o fan en maior medida.

- Por distritos e frecuencia de asistencia, pormenorízanse nas seguintes tabelas:

Nunca

Valor medio: 43,6%

Valores máximos: Distrito 9 (85,7%), Distrito 6 (63,0%), Distrito 1 (56,0%)

Valores mínimos: Distrito 5 (0,0%), Distrito 2 (10,0%), Distrito 8 (19,4%)

Ocasionalmente

Valor medio: 37,9%

Valores máximos: Distrito 8 (67,7%), Distrito 2 (66,7%), Distrito 4 (34,0%)

Valores mínimos: Distrito 5 (0,0%), Distrito 9 (14,3%), Distrito 6 (26,1%)

Case sempre

Valor medio: 8,4%

Valores máximos: Distrito 5 (71,4%), Distrito 7 (17,9%), Distrito 2 (16,7%)

Valores mínimos: Distritos 1 e 9 (0,0%), Distrito 68 (3,2%), Distrito 3 (3,8%)

Sempre

Valor medio: 7,5%

Valores máximos: Distrito 5 (28,6%), Distrito 7 (14,3%), Distrito 1 (12,0%)

Valores mínimos: Distrito 9 (0,0%), Distrito 6 (2,2%), Distrito 4 (5,7%)

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

• PROHIBIRÍA A ASISTENCIA AO BOTELLÓN DOS SEUS FILLOS

- Un 36,3% dos pais entrevistados responde que non prohibiría acudir aos seus fillos ao botellón na medida en se trata dunha maneira de se divertir. Un 31% faríao e un 22,4% tamén o faría aínda que de pouco serviu (ou serviría). Un 9,9% manifesta non saber que responder a esta pregunta.

- Por zonas, o comportamento observado é:

	%	Zonas
Non	36,3	Rural (44,4%), Semiurbana (37,1%), Urbana (33,5%)
Si	31,4	Semiurbana (32,8%), Urbana (31,7%), Rural (26,7%)
Si, aínda que...	22,4	Semiurbana (23,3%), Urbana (23,0%), Rural (17,8%)
NSNC	9,9	Urbana (11,8%), Rural (11,1%), Semiurbana (6,9%)

- As persoas residentes na zona rural maniféstanse en maior proporción (44,4%) contrarias a prohibir acudir aos seus fillos ao botellón na medida en que se trata dunha forma de se divertiren. Os pais das zonas semiurbana e urbana son, en proporcións semellantes, os que manifestan un maior grao de intolerancia á asistencia dos seus fillos ao botellón.

- Por distritos e formas de prohibición, detéctase o seguinte:

Non prohibiría acudir aos seus fillos ao botellón

Valor medio: 36,3%

Valores máximos: Distrito 5 (78,6%), Distrito 8 (61,3%), Distrito 1 (48,0%)

Valores mínimos: Distrito 9 (7,1%), Distrito 4 (20,8%), Distrito 7 (28,6%)

Prohibiría aos seus acudir ao botellón

Valor medio: 31,4%

Valores máximos: Distrito 9 (57,1%), Distrito 3 (43,4%), Distrito 4 (43,4%)

Valores mínimos: Distrito 2 (6,7%), Distrito 1 (12,0%), Distrito 5 (14,3%)

Prohibiría aos seus fillos acudir ao botellón, mais non serviu/serviría de nada

Valor medio: 22,4%

Valores máximos: Distrito 4 (35,8%), Distrito 7 (35,7%), Distrito 2 (20,0%)

Valores mínimos: Distrito 5 (0,0%), Distrito 9 (14,3%), Distrito 1 (16,0%)

NSNC

Valor medio: 9,9%

Valores máximos: Distrito 2 (26,7%), Distrito 9 (21,4%), Distrito 1 (24,0%)

Valores mínimos: Distrito 4 (0,0%), Distrito 7 (5,4%), Distrito 8 (6,5%)

• PERCEPCIÓN SOBRE A FRECUENCIA DE CONSUMO DE ÁLCOOL POR PARTE DOS FILLOS

- O 34,5% dos pais entrevistados con fillos de idades comprendidas entre os 14-26 anos considera que estes só consumen álcool nos fins de semana.
- Un 28,9% afirma que este consumo é illado e o 27,0% considera que os seus fillos nunca o consumiron.
- Só o 0,9% das persoas entrevistadas cre que os seus fillos consumen case todos os días moderadamente.
- Nengún dos pais entrevistados afirma que os seus fillos beben bastante álcool todos os días.
- Até un 8,7% manifesta non saber que responder a esta pregunta.
- Por zonas, a distribución é a seguinte:

	%	Zonas
Fin de semana	34,5	Urbana (39,1%), Semiurbana (31,0%), rural (26,7%)
Illadamente	28,9	Rural (42,2%), Urbana (29,2%), Semiurbana (23,3%)
Nunca	27,0	Semiurbana (32,8%), Urbana (24,2%), Rural (22,2%)
NSNC	8,7	Semiurbana (12,9%), Rural (6,7%), Urbana (6,2%)
Case sempre	0,9	Rural (2,2%), Urbana (1,2%), Semiurbana (0,0%)

- Na zona urbana rexistrase a maior proporción de pais que consideran que os seus fillos só consumen álcool nos fins de semana (39,1%). O consumo illado atinxe unha maior proporción na zona rural (42,2%) e na semiurbana prodúcese a maior proporción de pais que consideran que os seus fillos nunca probaron o álcool (32,8%).
- Por distritos, e en función da frecuencia do consumo de álcool, obsérvase:

Fin de semana

Valor medio: 34,5%

Valores máximos: Distrito 4 (52,8%), Distrito 7 (44,7%), Distrito 2 (43,3%)

Valores mínimos: Distritos 5 e 9 (7,1%), Distrito 6 (21,7%), Distrito 1 (28,0%)

Consumo illado

Valor medio: 28,9%

Valores máximos: Distrito 8 (45,2%), Distrito 4 (39,6%), Distrito 9 (35,7%)

Valores mínimos: Distrito 3 (17,0%), Distrito 7 (19,6%), Distrito 1 (28,0%)

Nunca consumiu álcool

Valor medio: 27,0%

Valores máximos: Distrito 6 (47,8%), Distrito 3 (45,3%), Distrito 1 (36,0%)

Valores mínimos: Distrito 2 (6,7%), Distrito 4 (7,5%), Distrito 7 (16,1%)

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

NSNC

Valor medio: 8,7%

Valores máximos: Distrito 9 (21,4%), Distrito 7 (19,6%), Distrito 5 (14,3%)

Valores mínimos: Distritos 4 e 8 (0,0%), Distrito 1 (4,0%), Distrito 6 (4,3%)

Consumo álcool case todos os días moderadamente

Valor medio: 0,9%

Valores máximos: Distrito 9 (7,1%), Distrito 1 (4,0%), Distrito 2 (3,3%)

Valores mínimos: Distritos 3, 4, 5, 6, 7 e 8 (0,0%)

• PERCEPCIÓN DOS PAIS SOBRE O CONSUMO DE DROGAS ILEGAIS POLOS SEUS FILLOS

- O 72,7% dos pais entrevistados consideran que os seus fillos nunca consumiron drogas ilegais fronte ao 7,8%. Até un 19,6% declara non saber que responder a esta pregunta.

- Por zonas, detéctase o seguinte:

	%	Zonas
Non	72,7	Urbana (77,0%), Rural (73,3%), Semiurbana (66,4%)
Si	7,8	Rural (11,1%), Semiurbana (8,6%), Urbana (6,2%)
NSNC	19,6	Semiurbana (25,0%), Urbana (16,8%), Rural (15,6%)

- Na zona rural prodúcese a maior proporción de pais que consideran que os seus fillos probaron drogas ilegais (11,1%).

- A zona urbana presenta a menor proporción que recoñecen que os seus fillos probou algún tipo de droga ilegal nalgunha ocasión (77,0%).

- A maior taxa de indefinición rexístrase na zona semiurbana (25,0%).

- Por distritos e consumo, constátase o seguinte:

Nunca probou drogas ilegais

Valor medio: 72,7%

Valores máximos: Distrito 4 (100,0%), Distrito 8 (70,6%), Distrito 6 (78,3%)

Valores mínimos: Distrito 2 (53,3%), Distrito 7 (55,4%), Distrito 9 (57,1%)

Si as probaron

Valor medio: 7,8%

Valores máximos: Distrito 9 (21,4%), Distrito 1 (16,0%), Distrito 2 (10,0%)

Valores mínimos: Distrito 4 (0,0%), Distrito 3 (5,7%), Distrito 8 (6,7%)

NSNC

Valor medio: 19,6%

Valores máximos: Distrito 2 (36,7%), Distrito 7 (35,7%), Distritos 5 e 9 (21,4%)

Valores mínimos: Distrito 4 (0,0%), Distrito 1 (8,0%), Distrito 8 (12,9%)

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

• FILLOS QUE TEÑEN CHEGADO BÉBEDOS A CASA

- O 72,4% dos pais entrevistados referiron que os seus fillos nunca teñen chegado bébedos a casa fronte ao 18,3%. Até un 9,3% declara descoñecer este extremo.

Por zonas, detéctase a seguinte distribución:

	%	Zonas
Non	72,4	Urbana (77,6%), Rural (68,9%), Semiurbana (66,4%)
Si	18,3	Rural (28,9%), Urbana (16,8%), Semiurbana (16,4%)
NSNC	9,3	Semiurbana (17,2%), urbana (5,6%), rural (2,2%)

- A zona rural é a que rexistra maior proporción de pais que declaran ter visto chegar a casa aos bébedos os seus fillos (28,9%). Os rexistros producidos na zona urbana e semiurbana deste parámetro son moito semellantes (16-17%).

- Por distritos a situación é:

Non

Valor medio: 72,4%

Valores máximos: Distrito 4 (96,2%), Distrito 5 (85,7%), Distrito 6 (80,4%)

Valores mínimos: Distrito 7 (50,0%), Distrito 2 (63,3%), Distrito 8 (67,7%)

Si

Valor medio: 18,3%

Valores máximos: Distrito 8 (32,3%), Distrito 2 (23,3%), Distrito 9 (21,4%)

Valores mínimos: Distrito 4 (3,8%), Distritos 5 e 7 (14,3%), Distrito 6 (19,6%)

NSNC

Valor medio: 9,3

Valores máximos: Distrito 7 (35,7%), Distrito 2 (13,3%), Distrito 3 (9,4%)

Valores mínimos: Distritos 1, 4, 5, 6 e 8 (0,0%), Distrito 9 (7,1%)

• HORA DE CHEGADA A CASA DOS FILLOS

- O 35,1% dos pais entrevistados manifestan que os seus fillos voltan para casa á hora que estes queren fronte ao 29,5% á hora que lles é marcada e o 29,2% á que regresan os seus amigos.

- Un 6,2% refire que os seus fillos non están en idade de saír.

	%	Zonas
Á que queren	35,1	Rural (48,9%), Urbana (34,2%), Semiurbana (31,0%)
Hora marcada	29,5	Urbana (30,4%), Semiurbana (29,3%), rural (26,7%)
Hora amizades	29,2	Semiurbana (34,5%), Urbana (28,0%), Rural (20,0%)
Non ten idade	6,2	Urbana (7,5%), Semiurbana (5,2%), Rural (4,4%)

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

- Os pais residentes na zona rural rexistran un maior grao de tolerancia coa hora de regreso a casa dos seus fillos (48,9%) mentres que os da zona urbana restrinxen en maior grao este aspecto relativo ás actividades de lecer dos seus fillos (30,4%).

Por distritos, obsérvase o seguinte:

Regresan á hora que queren

Valor medio: 35,1%

Valores máximos: Distrito 8 (51,6%), Distrito 6 (45,7%), distrito 9 (42,9%)

Valores mínimos: Distrito 5 (14,3%), Distrito 7 (23,2%), Distrito 1 (24,0%)

Regresan á hora que se lles marca

Valor medio: 29,5%

Valores máximos: Distrito 5 (50,0%) Distrito 2 (46,7%), Distrito 1 (40,0%),

Valores mínimos: Distrito 4 (17,0%), Distrito 7 (23,2%), Distrito 8 (25,8%)

Regresan á hora en que chegan todos os amigos

Valor medio: 29,2%

Valores máximos: Distrito 4 (49,1%), Distrito 7 (46,4%), Distrito 5 (35,7%)

Valores mínimos: Distrito 3 (13,2%), Distrito 8 (19,4%), Distrito 6 (19,6%)

Non hai fillos en idade de saír

Valor medio: 6,2%

Valores máximos: Distrito 3 (17,0%), Distrito 1 (8,0%), Distritos 7 e 9 (7,1%)

Valores mínimos: Distritos 2 e 5 (0,0%), Distrito 4 (1,9%), Distrito 8 (3,2%)

3. MAIORES DE 26 ANOS VS. XOVENS

• NIVEL DE ESTUDOS

	MAIORES ¹	XOVENS ²
Primarios	42,2	25,2
Secundarios	34,4	52,4
Universitarios	23,4	22,4

- Entre a poboación xoven destaca a maior proporción de persoas con estudos secundarios (52,4%) a respecto do resto da poboación maior de 26 anos (34,4%).
- A menor porcentaxe de entrevistados con estudos universitarios acabados (22,4%) fronte ao resto da poboación (23,4%) explícase no feito de que o intervalo de idades analizados para a poboación xoven abranxe a persoas que están aínda a cursar estudos superiores e portanto non teñen este nivel completo.

• SITUACIÓN DE CONVIVENCIA

	MAIORES	XOVENS
No meu fogar, coa familia	89,3	76,2
Comparto piso	8,2	17,6
Outra (pensión, residencia,...)	2,5	6,2

- Existe unha maior proporción de persoas en situación de piso compartido na poboación nova (17,6%) fronte ao 8,2% rexistrado nos tramos da poboación de maior idade así como a situación de "outra" (6,2% na poboación xoven fronte ao 2,5% do resto de idades).

• SITUACIÓN SOCIO-PROFESIONAL

	MAIORES	XOVENS
Asalariados	50,8	27,0
Autónomos	11,1	2,1
Desempregados	15,0	7,7
Xubilados	21,1	0,0
Estudantes	2,0	63,2

- O perfil dos segmentos de poboación analizados constata que o nivel de asalariados da xente maior de 26 anos duplica ao dos xovens (50,7% fronte ao 27,0%).

(1) Porcentaxe de resposta producida nos maiores de 26 anos.

(2) Porcentaxe de resposta producida en xovens comprendidos entre os 14 e 26 anos.

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

- Destaca que a situación de realización dos seus estudos é a que maioritariamente define á xuventude comprendida entre 14 e 26 ao rexistrar unha proporción do 63,2%. Esta situación apenas representa o 2,0% dos maiores de 26 anos.

- En consecuencia, a proporción de xubilados, desempregados e traballadores autónomos existentes na poboación de idade superior aos 26 anos supera á da xente nova comprendida entre os 14 e 26.

• FRECUENCIA COA QUE SAEN A DIVERTIRSE

	MAIORES	XOVENS
Nunca	11,5	3,3
En raras ocasións	25,6	11,5
Menos dunha vez ao mes	12,1	6,5
Máis dunha vez ao mes	26,6	23,3
Todas as semanas	18,8	42,9
Varios días na semana	5,3	12,4

- O conxunto de xovens que declara saír a se divertir todas as semanas ou varios días na semana representa o 55,3% dos entrevistados fronte ao 24,1% rexistrado neses casos no resto da poboación (no caso dos xovens, o 42,9% declara saír a divertirse todas as semanas e o 12,4% varios días na semana, fronte ao 18,8% e 5,3%, respectivamente, do resto da poboación).

- A proporción de persoas de idade superior aos 26 anos que admite non saír nunca ou en raras ocasións duplica á porcentaxe de xovens nesa situación (37,1% fronte ao 14,8%).

- En termos semellantes prodúcese o caso de persoas entrevistadas que manifestan saír máis dunha vez ao mes (o 23,3% dos xovens e 26,6% do resto da poboación).

• OPCIÓN DE LECER NOCTURNO

	MAIORES	XOVENS
Só	12,6	4,4
Con amizades	18,7	58,2
Coa parella	23,1	10,9
Coa parella e amizades	27,6	23,5
Con toda a familia a soas	8,4	2,9
Con toda a familia e outras familias amigas	9,5	0,2

- A grande maioría de xovens (o 58,2%) declara asistir ás actividades de lecer nocturno acompañados das súas amizades fronte ao 18,7% rexistrado no resto da poboación.

- A práctica das actividades de lecer nocturno na mocidade coa parella (só con esta e con amizades) representa o 34,4% dos casos. Esta circunstancia abranxe o 50,7% para o resto da poboación.

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

- As persoas que saen soas a se divertir pola noite é superior na poboación maior de 26 anos (12,6%) que nos tramos de idade comprendidos entre os 14-26 anos (4,4%).
- A opción de lecer nocturno en compañía da familia (a soas ou con outras familias) constitúe o 17,9% no caso dos maiores de 26 anos fronte ao 3,1% da xuventude.

• HORA DE CHEGADA A CASA

Hora	MAIORES	XOVENS
0-1	25,8	8,5
1-2	16,6	4,5
2-3	23,1	11,6
3-4	15,9	20,7
4-5	6,9	16,7
>5	11,7	38,0

- A maioría de xovens (até o 54,7%) declara chegar a casa a partir das 4h da madrugada, situándose no 38,0% os que o fan a partir das 5h. No resto da poboación este segmento representa o 18,6%.
- Entre as 0-3h da mañá constitúe o tramo horario no que se sitúa a maior proporción de persoas maiores de 26 anos que retornan das súas actividades de lecer nocturno (65,5%). Neste tramo horario chega a casa tan só o 24,6% da xuventude.
- Estes datos confirman que a mocidade prolonga até máis tarde as súas actividades de lecer nocturno que o resto da poboación.

• FRECUENCIA ACTUAL NO CONSUMO DE BEBIDAS ALCOÓLICAS

	MAIORES	XOVENS
NSNC	2,9	0,9
Absolutamente nunca	13,5	18,9
De cando en vez/ocasionalmente	30,9	27,3
Varias veces na semana	12,3	9,7
No fin de semana	16,5	39,7
Acotío	23,9	3,5

- A maior proporción de xovens que consume álcool prodúcese no fin de semana (39,7%) e de forma ocasional (27,3%). No caso da poboación de idade superior aos 26 anos, os maiores índices no consumo de álcool sitúase de forma ocasional (30,9%) e acotío (23,9%). A porcentaxe de mozos que declara consumir bebidas alcoólicas de calquer graduación acotío representa o 3,5%.
- A proporción de persoas que manifestan non consumir absolutamente nunca álcool é maior nos xovens (18,9%) que no resto da poboación (13,5%).
- O consumo de álcool na mocidade prodúcese na súa maior parte asociado ás activida-

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

des de lecer nocturno . No resto da poboación o consumo posúe un carácter máis continuado e non asociado coas actividades de lecer nocturno (declaran consumir acotío bebidas alcohólicas o 23,9% da poboación cando só o 5,3% manifesta saír a divertirse varios días na semana)

• **IDADE DE INICIACIÓN NO CONSUMO DE BEBIDAS ALCOÓLICAS**

Idade	MAIORES	XOVENS
<12	6,4	5,6
12-14	20,8	34,8
15-17	30,0	39,1
18-20	22,0	5,0
21-25	8,5	0,6
>25	2,5	0,0
NUNCA	5,5	13,2
NSNC	4,3	1,7

- A proporción de persoas que consumiron calquer tipo de bebida alcohólica antes dos 12 anos é lixeiramente superior no caso dos maiores de 26 anos que nos xovens (6,4% fronte ao 5,6%).

- No tramo comprendido entre os 12 e 17 anos até o 73,9% dos xovens declara ter consumido algunha bebida alcohólica por primeira vez (50,8% no resto da poboación).

- A porcentaxe de xovens que nunca probou (nen unha soa vez) álcool sitúase no 13,2% dos entrevistados fronte ao 5,5% rexistrado no resto da poboación.

- O consumo por vez primeira dalgunha bebida alcohólica a partir dos 26 anos representa o 2,5% no resto da poboación e o 0,0% no caso dos xovens.

- A partir destes datos conclúese que a xuventude actual comezou a beber antes que os que posúen idades superiores aos 26 anos: o 80% dos xovens iniciouse no consumo de álcool antes da maioría de idade fronte ao 57% dos maiores de 26 anos.

• **CONSUMO DOUTRAS DROGAS**

	MAIORES	XOVENS
Drogas de deseño (pastillas, anfetetas,...)	2,0	5,6
Drogas brandas (haxixe, mariuana,...)	15,7	35,2
Drogas duras (cocaína, heroína,...)	2,4	5,6

- Os xovens presentan uns maiores índices no consumo doutro tipo de drogas en relación ao resto da poboación: 35,2% fronte ao 15,7% no caso das drogas brandas, 15,6% fronte a 2,4% para as drogas duras e 5,6% fronte ao 2,0% no caso de drogas de deseño.

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

• GRAO DE ACORDO CON AFIRMACIÓNS SOBRE A MOCIDADE

- A Seguinte tabela mostra a suma da proporción de acordo e moi de acordo coas diferentes afirmacións sobre a mocidade:

	MAIORES	XOVENS
A xuventude actual ten moitas oportunidades que desaproveita	64,0	42,7
Os mozos de hoxe non teñen ideais	43,6	21,4
A nosa sociedade esíxelle cada vez máis á mocidade	52,6	75,2
Os mozos só pensan en divertirse	57,9	37,3
Cada vez tense menos en conta a opinión da xuventude	39,9	71,7

- Os resultados da entrevista realizada demostran que na poboación con idade superior aos 26 anos existe unha consideración pexorativa sobre a mocidade polas proporcións rexistradas nos seguintes aspectos: un 64% considera que *a xuventude desaproveita moitas oportunidades* e considera que *os mozos só pensan en se divertir* (57,9%).

- Sobre a interacción da mocidade coa sociedade, tanto os xovens como o resto da poboación (aínda que en diferente proporción, maior na xente nova, 75,2% fronte ao 52,6%) manifestan que a sociedade *lle esixe cada vez máis á xuventude*.

- Existe un diferente nivel de percepción sobre como a sociedade ten en consideración á xuventude: mentres que o 60,1% dos maiores de 26 anos afirman que *a cada vez tense máis en conta a opinión da xuventude*, este parámetro alcanza só o 28,3% na xente xoven.

- Xuventude e resto de poboación concordan en disentir de que a mocidade *careza de ideais*, se ben a proporción de acordo con esta sentenza nos maiores de 26 anos duplica á rexistrada na xuventude (43,6% fronte o 21,4%).

• REALIZACIÓN DO BOTELLÓN NAS INMEDIACIÓNS DO FOGAR

	MAIORES	XOVENS
SI	18,0	19,5
NON	70,6	67,0
NS/NC	11,4	13,5

• PUBS/DISCOTECAS ABERTOS ATÉ ALTAS HORAS DA MADRUGADA PRÓXIMAS AO LUGAR DE RESIDENCIA

	MAIORES	XOVENS
SI	26,0	28,6
NON	66,8	61,4
NS/NC	7,2	10,0

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

- Tanto no caso do grao de coñecimento da existencia de zonas de botellón como de locais de lecer nocturno nas inmediacións do lugar de residencia, a xuventude mostra un lixeiro maior grao de constancia ao se rexistraren maiores proporcións de resposta afirmativa.

• TIPOLOXÍA DE PROBLEMAS QUE PRESENTA O BOTELLÓN

	MAIORES	XOVENS
É un problema sobretodo de orde pública polas molestias que orixina	36,5	26,1
É un problema de saúde pública polas consecuencias para a saúde que pode conlevar	12,4	9,8
Non é ningún problema	9,2	32,3
É un problema tanto de saúde como de orde pública	41,9	31,8

- A poboación maior de 26 anos entrevistada considera en maior proporción que a mocidade que o botellón é un problema tanto de orde pública (36,5% fronte ao 26,1%) como de saúde (12,4% fronte ao 9,8%).

- A identificación do botellón como un problema maniféstase máis acusadamente na poboación maior de 26 anos a teor da maior proporción rexistrada ao considerar a este un problema tanto de saúde como de orde pública (41,9% fronte o 31,8% rexistrado na xuventude).

- A proporción de xente xoven que considera que o botellón non é ningún problema triplica á rexistrada no resto de tramos de idade (32,3% fronte o 9,2%).

• CIVISMO DOS ASISTENTES AO BOTELLÓN

	MAIORES	GLOBAL	XOVENS	
			Asisten ao botellón	Non asisten ao botellón
SI	18,6	36,7	47,3	21,4
NON	81,4	63,3	52,7	78,6

- A proporción de xovens que considera cívico o comportamento dos asistentes ao botellón duplica ao rexistrado no resto da poboación (36,7% fronte ao 18,6%).

- No caso dos xovens, esta consideración de comportamento cívico duplícase naqueles que declaran asistir frecuentemente ao botellón (o 47,3%) fronte aos que declaran que non practican o botellón (21,4%).

- Neste sentido, a consideración sobre o civismo dos asistentes ao botellón exprésase en semellantes termos no caso dos xovens que declaran non asistir ao botellón (21,4%) que no resto da poboación (18,6%).

• CAUSAS DO BOTELLÓN

	MAIORES	XOVENS
Os mozos non dispoñen dunha oferta e espazos de lecer propios e accesíbeis	1 (46,7)	1 (76,4)
Os pais e as autoridades non asumen as súas competencias	2 (42,0)	4 (24,2)
A xuventude está excesivamente mimada	3 (40,7)	2 (34,5)
Os mozos son uns irresponsábeis e maleducados	4 (28,6)	6 (11,4)
Hai moitos mozos que non se poden emancipar e están faltos de expectativas de futuro	5 (25,8)	3 (29,5)
En España sempre se bebeu moito, e na rúa	6 (16,2)	5 (23,9)

- Tanto a xuventude (tramo de idade entre 14-26 anos) como o resto da poboación entrevistada concordan en situar na *falta de oferta de espazos de lecer propios e accesíbeis para a mocidade* como a primeira causa da existencia do botellón (46,7% no caso dos maiores fronte ao 76,4% da xente xoven).

- No caso dos maiores rexístrase un maior grao de autocrítica ao situarse como segunda causa do botellón a *non asunción de competencias por parte dos pais e autoridades* (42,0%). Este ítem, cunha proporción do 24,2%, constitúe o 4º factor que mellor explica o botellón segundo a xuventude.

- A consideración de que a xuventude está *mimada en exceso* rexistra o 40,7% de apoio (e un 3º lugar) como explicación do botellón para os maiores de 26 anos. Nun exercicio de autocrítica, este parámetro é considerado polos xovens como o 2º factor que contribúe á existencia do botellón (se ben cunha proporción menor á rexistrada no resto da poboación, do 34,5%) .

- Os motivos socio-económicos son referidos como causa do botellón en proporcións semellantes tanto por xovens como polo resto da poboación ao situar esta no 29,5% e 25,8%, respectivamente, o feito de que haxa moitos mozos que *non se poden emancipar e que estean faltos de expectativas de futuro*.

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

• SOLUCIÓNS AO BOTELLÓN

	MAIORES	XOVENS
Ofrecendo alternativas de lecer	43,5 (1)	40,8 (3)
Con maior presenza policial	35,2 (2)	21,5 (5)
Educando aos mozos no respecto aos demais	32,7 (3)	18,3 (7)
Levándoo lonxe das zonas residenciais	29,7 (4)	43,8 (2)
Baixando os prezos das copas sería suficiente	23,3 (5)	45,9 (1)
Habería que castigar aos mozos que se emborrachen	20,3 (6)	9,1 (11)
Chegando a un acordo entre todos (por ex.: acordando unha hora prudente para que remate)	20,1 (7)	29,1 (4)
Prohibindo beber na rúa	16,4 (8)	12,7 (9)
Creando postos de traballo para os mozos e facilitando a súa emancipación	13,5 (9)	17,1 (8)
Prohibindo beber na rúas á mocidade	13,2 (10)	1,5 (18)
Instalando máis contedores e WC	12,0 (11)	19,1 (6)
Non fan falla novas medidas, basta con facer cumprir as leis que xa existen	9,3 (12)	7,3 (13)
Os pais débenllo prohibir aos seus fillos e fillas	7,9 (13)	4,8 (14)
Non ten solución	7,5(14)	8,6 (12)
Prohibindo beber na rúa de noite	5,7 (15)	2,1 (17)
Prohibindo beber na rúa de noite á mocidade	4,0 (16)	2,4 (16)
Non hai que intervir, hai que deixar que os mozos se divirtan como queiran	4,0 (17)	11,2 (10)
Os mozos están mellor na rúa que nos bares	1,7 (18)	4,5 (15)

Maior oferta de alternativas de lecer á mocidade

- Esta medida, que constitúe a primeira opción de preferencia (43,5%) para as persoas con máis de 26 anos entrevistadas e ocupa un terceiro lugar nos xovens (40,8%), é a que maior consenso rexistra entre os dous segmentos estudados.

Afastar o botellón das zonas residenciais

- Esta medida ocupa o segundo lugar de preferencia entre os xovens (43,8%) e o cuarto entre a poboación maior de 26 anos entrevistada (29,7%).

Medidas socio-económicas

- A alternativas propostas, maiormente avaladas pola xente xoven entrevistada, rexistran diferente grao de aceptación nos segmentos estudados.

- A medida de *baixar os prezos das copas* para mitigar o botellón constitúe a primeira opción da poboación xoven entrevistada (45,9% fronte ao 23,3% dos maiores). A opción de *facilitar o acceso dos xovens ao mercado laboral que garanta a súa emancipación* rexistra unha proporción semellante de apoio, tal como se indica na seguinte tabela:

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

	MAIORES	XOVENS
Baixando os prezos das copas sería suficiente	23,3 (5)	45,9 (1)
Creando postos de traballo para os mozos e facilitando a súa emancipación	13,5 (9)	17,1 (8)

Medidas coercitivas

- Todas as medidas de carácter prohibitivo propostas para a solución do problema do botellón rexistran maior proporción de apoio entre as persoas maiores de 26 anos entrevistadas que entre os xovens.
- A medida coercitiva que maior apoio rexistra nos dous segmentos analizados é recorrer á *maior presenza policial* para mitigar o botellón, referida como segunda opción de preferencia nas persoas maiores de 26 anos e como quinta nos xovens.
- Salvo a opción da prohibición xeneralizada de beber na rúa, no resto de medidas prohibitivas o nivel de apoio dos maiores de 26 anos duplica ao rexistrado nos xovens.
- Entre as medidas propostas, destacar a suficiencia lexislativa, isto é, coa aplicación da lexislación existente abondaría para a solución do problema do botellón, rexistrando un 9,3% entre os maiores de 26 anos e o 7,3% entre as persoas de idades comprendidas entre os 14-26 anos.

	MAIORES	XOVENS
Con maior presenza policial	35,2 (2)	21,5 (5)
Habería que castigar aos mozos que se emborrachen	20,3 (6)	9,1 (11)
Prohibindo beber na rúa	16,4 (8)	12,7 (9)
Prohibindo beber na rúas á mocidade	13,2 (10)	1,5 (18)
Non fan falla novas medidas, basta con facer cumprir as leis que xa existen	9,3 (12)	7,3 (13)
Os pais débenllo prohibir aos seus fillos e fillas	7,9 (13)	4,8 (14)
Prohibindo beber na rúa de noite	5,7 (15)	2,1 (17)
Prohibindo beber na rúa de noite á mocidade	4,0 (16)	2,4 (16)

Medidas de consenso social

- Salvo na educación dos xovens no respecto aos demais, as opcións de consenso social rexistran maior nivel de apoio entre os xovens que nas persoas maiores.

	MAIORES	XOVENS
Educando aos xovens no respecto aos demais	32,7 (3)	18,3 (7)
Chegando a un acordo entre todos (por ex.: acordando unha hora prudente para que remate)	20,1 (7)	29,1 (4)
Instalando máis contedores e WC	12,0 (11)	19,1 (6)

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

Medidas de tolerancia social

- Este tipo de medidas son as que menor proporción de apoio rexistran entre as persoas de idade superior aos 26 anos entrevistadas, ocupando os últimos postos de preferencia (17º e 18º).

	MAIORES	XOVENS
Non hai que intervir, hai que deixar que os mozos se divirtan como queiran	4,0 (17)	11,2 (10)
Os mozos están mellor na rúa que nos bares	1,7 (18)	4,5 (15)

O botellón é un problema que non ten solución

- Esta medida rexistra proporcións semellantes de identificación tanto polos dos xovens (8,6%, 12º lugar de preferencia) como polos maiores de 26 anos (7,5%, 14º lugar).

• PROHIBIR O CONSUMO DE ÁLCOOL A MENORES

	MAIORES	XOVENS
SI	78,2	57,1
NON	21,8	42,9

- A proporción de persoas partidarias de prohibir o consumo de álcool a menores é maior entre os maiores de 26 anos que nos xovens (78,2% fronte ao 57,1%).

• GRAO DE ACORDO COAS MEDIDAS PARA MITIGAR O CONSUMO DE ÁLCOOL POR MENORES.

	Xovens	Maiores
Sanción económica aos pais dos menores	48,7 (2)	68,9 (1)
Traballos en beneficio da comunidade ao menor	41,7 (3)	60,7 (3)
Aumento do control na venda de bebidas alcohólicas	78,8 (1)	67,3 (2)

- Os maiores de 26 anos entrevistados declaran estar de acordo (moi acordo e de acordo) coas tres medidas propostas para mitigar o consumo de álcool por parte dos menores. Por nivel de identificación, este é maior coa imposición de sancións económicas aos pais dos menores que consomen álcool, seguido do aumento do control na venda de bebidas alcohólicas e a imposición ao menor de traballos en beneficio da comunidade.

- Os xovens entrevistados só manifestan estar de acordo cun maior control na venda de bebidas alcohólicas aos menores, rexeitando as outras dúas medidas propostas. O grao de rexeitamento é maior na imposición ao menor de traballos en beneficio da comunidade que na imposición de sancións económicas aos pais dos menores infractores.

• FRECUENCIA DE ASISTENCIA DOS XOVENS AO BOTELLÓN

	Resposta dos pais sobre os seus fillos	Resposta dos xovens sobre os seus pais
Nunca	46,3	41,1
Ocasionalmente	37,9	32,6
Case sempre	8,4	16,5
Sempre	7,5	9,8

- Os xovens asisten ao botellón en maior proporción do que os seus pais pensan (o 58,9% declara asistir algunha vez ao botellón fronte ao 53,7% dos pais que o pensan).

• PROHIBICIÓN DE ASISTENCIA AO BOTELLÓN

- O 31,4% dos pais con fillos de idades entre os 14-26 anos prohibiu ou prohibíralles asistir ao botellón. O 22,4% considera que esa prohibición, de producirse, non serviría de nada. O 36,3% non o prohibiría xa que é unha forma de se divertiren e o 9,9% non sabería que facer.

- Perante a prohibición de asistir ao botellón o 44,8% dos fillos obedecería, o 31,2% seguiría acudindo igual, o 8,2% tentaría convencer aos seus pais –obedecéndoo en todo caso-, o 5,8% acudiría menos e con discreción e un 10% non sabería que facer.

• CONSUMO DE DROGAS ILEGAIS

	Resposta dos pais sobre os seus fillos	Resposta dos xovens sobre os seus pais
Si	7,8	11,1
Non	72,7	71,2
NS/NC	19,6	17,8

- Destacar que é maior a proporción dos fillos que consideran que os seus pais consumiron drogas ilegais nalgunha ocasión que a dos pais sobre ese consumo dos seus fillos.

• CASOS DE EMBRIAGUEZ NO SEO DA FAMILIA

	Resposta dos pais sobre os seus fillos	Resposta dos xovens sobre os seus pais
Si	18,3	22,1
Non	72,4	77,9
NSNC	9,3	0,0

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

- A proporción de pais que manifestan ter visto aos seus fillos bébedos nalgunha ocasión (18,3%) é inferior á rexistrada nos mozos entrevistados que manifestan ter visto a algún dos seus proxenitores en estado de embriaguez (22,1%).

• HORA DE REGRESO A CASA DOS FILLOS

	Resposta dos pais	Resposta dos xovens
Á hora que se lles marca	29,5	21,2
Á hora en que chegan todos os seus amigos	29,2	16,8
Á hora que queren	35,1	60,2
Sen idade de sair	6,2	1,8

- É maior a proporción de xovens que declaran regresar a casa á hora que queren despois das actividades de lecer nocturno (60,2%) que a dos pais que manifestan que os seus fillos regresan á hora que estes queren (35,1%).

- Tanto na opción de chegar a casa á hora marcada polos pais como na hora en que chegan todos os seus amigos, as respostas dos pais rexistran maiores proporción que a producida nos fillos, tal como se observa na tabela.

PARTE VI

DATOS A TER EN CONTA PARA UNHA FUTURA ORDENANZA SOBRE O LECER E A CONVIVENCIA

1. XOVENS ENTRE 14-26 ANOS

Idade media: 20,33 anos.

Posúen principalmente **estudios** de ensinanza media (53%). Destacan as porcentaxes nos distritos 6 e 2 co 80 e 58%, respectivamente fronte ao distrito 9 con só o 29%.

Viven coa súa **familia** (76%), pois apenas un 18% comparte piso. Os distritos 8 e 5, co 93 e 88%, respectivamente, representan os valores máximos e o distrito 4, co 46%, o menor.

A súa **situación socio-profesional** é a de estudante (63%), seguido do grupo de asalariados co 27%. Esta cifra supérase nos distritos 4 e 5, co 36 e 33%, respectivamente.

Unha análise máis detallada da variábel situación socio-profesional mostra que a relación desta variábel coa asistencia ou non dos xovens ao botellón é significativa³ ($p < 0,05$) sobre todo debido ao colectivo de mozos autónomos (o máis reducido). De feito, o perfil de asistentes e non asistentes é similar excepto para os autónomos, isto é, son semellantes as proporcións de estudantes (64,2% dos non asistentes fronte ao 62,5% dos que asisten), asalariados (27,5% nos asistentes ao botellón fronte ao 26,2% dos que non o fan) e desempregados (8,2% dos que asisten fronte ao 6,3% dos que non asisten), pero a diferenza é relativamente maior na proporción de autónomos (3,3% entre os non asistentes fronte ao 1,3% dos que asisten). Así mesmo, as proporcións de asistencia son similares para os desempregados (65%), asalariados (60%) e estudantes (58%) mentras que os autónomos asisten nun 36%.

Sae a **divertirse** todas as semanas (43%), seguido do outro colectivo que o fai máis dunha vez ao mes (23%). Só un 3% di que non sae nunca. Por distritos destaca o 5 cun chamativo 67% que declaran saír todas as semanas.

Sae só con amigos (58%) seguido do outro grupo que o fai coa súa parella e amigos (23%), porcentaxe que no distrito 5 chega ao 52%.

Acostuma a **regresar a casa** despois das 4h da madrugada (55%), seguido dun 21%

(3) Coeficiente de correlación de Pearson.

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

que o fai entre as 3-4 horas. Os xovens pertencentes aos distritos 8 e 6, cun 48 e 47%, representan o grupo que máis tarde regresa aos seus domicilios (a partir das 5h).

A **frecuencia do consumo de alcohol** céntrase nos fins de semana para un 40%, sendo os extremos os pertencentes aos Distritos 9, pertencente á zona rural, cun 53% e no Distrito 1 (20%). A porcentaxe dos que consumen alcohol varias veces por semanas é do 10%.

Consumiu **bebidas alcoólicas por primeira vez** entre os 15-17 anos o 39% (59% na zona rural), seguido dos que se encontran no intervalo de 12-14 anos (35%), isto é, un 74% entre os 12 e 17 anos. Un 6% fíxoo antes dos 12 anos.

Consumiu algunha vez **drogas** brandas (haxixe, mariuana,...) un 35% dos entrevistados (50% na zona rural). Destaca os Distritos 9 e 6 cun 65 e 56%, respectivamente.

O consumo de drogas de deseño e duras cífranse en case o 6% dos entrevistados. Tamén os que habitan nos Distritos 6 e 9, con 16 e 13%, respectivamente, representan os valores máximos.

Cren que a **sociedade** lles esixe a cada vez máis á xuventude o 75% (só un 40% na zona rural), e que cada vez se ten menos en conta a opinión da xuventude para o 72%. Pola contra, só un 21% considera que actualmente a xuventude non ten ideais.

Non ten lugar o **botellón nas inmediacións do seu fogar** para o 67% dos casos, fundamentalmente os que habitan nos Distritos 5, 8 e 4 que representan o 93, 89 e 87%, respectivamente.

Só o 29% dos entrevistados manifesta que **existen actividades hostaleiras de lecer nocturno (pubs, discotecas,...) nas inmediacións do seu domicilio**. Esta cifra increméntase nos Distritos 3, 2 e 1 con 64, 47 e 44%, respectivamente. Pola contra, os distritos 7 e 8, co 3 e 2%, respectivamente, representan os valores menores rexistrados nesta pregunta.

O 68% dos xovens consideran que o botellón constitúe un **problema**, destacando os que o consideran un problema de orde pública (26%) fronte aos que o consideran un problema de saúde pública (10%). Un 32% declara que o botellón non é un problema de ningún tipo.

Consideran que non é cívico o **comportamento** dos asistentes ao botellón o 63% dos xovens entrevistados, rexistrándose nos Distritos 6, 9 e 2, co 79, 76 e 74%, respectivamente, as proporcións máis elevadas.

A valoración do civismo do comportamento dos asistentes ao botellón é significativamente diferente ($p < 0,05$) segundo que se asista ou non. Os asistentes consideran que ese comportamento é cívico nun 47% mentres que só un 21% dos non asistentes opinan o mesmo.

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

As **causas** do botellón repártense entre, en primeiro lugar, “a xuventude non dispón dunha oferta de espazos de lecer propios e accesíbeis” (77%), seguido de “a xuventude está excesivamente mimada” (35%) e “hai moita xuventude que non se pode emancipar e están faltos de expectativas de futuro” (30%).

A opinión sobre as causas do botellón depende significativamente ($p < 0,05$) de que se asista a el con regularidade ou non. A causa máis citada concorda en ambos grupos: “a xuventude non dispón dunha oferta de espazos de lecer propios e accesíbeis” (80% dos que asisten con regularidade fronte o 71% dos que non asisten regularmente). En troca, as restantes causas máis citadas son diferentes. Para os que asisten con regularidade estas son: “a xuventude non se pode emancipar e está falta de expectativas de futuro” (37%) e “en España sempre se bebeu moito e na rúa” (31%). Para os que non asisten con regularidade, as seguintes causas máis citadas son: “a xuventude está excesivamente mimada” (49%) e “os pais e autoridades non asumen as súas responsabilidades” (28%).

As **medidas que solucionarían** o problema son, por orden decrecente: baixando o prezo das copas (46%), levándoo lonxe das zonas residenciais (44%), ofrecer alternativas de lecer (41%) e chegando a un acordo entre todos (por exemplo, acordando unha hora prudente para que termine) co 29%.

Neste aspecto, tamén se observou unha relación estatística significativa ($p < 0,05$) entre a opinión sobre as solucións á problemática do botellón e o feito de asistir ou non ao mesmo. Así, para os asistentes, as solucións son as mesmas (na mesma orde) que as indicadas anteriormente, mentres que para os non asistentes son por orde decrecente: levar o botellón lonxe das zonas residenciais (45%), ofrecendo alternativas de lecer (44%), baixando os prezos das copas (37%) e unha maior presenza policial (31%).

Son partidarios da **prohibición do consumo de álcool a menores** de 18 anos nun 57% (os distritos 3 e 4, con 84 e 24%, respectivamente, representan os valores extremos).

En **caso de incumprimento** consideran que, en primeiro lugar, debería aumentarse o control na venda de bebidas alcohólicas (79%) seguido de sancións económicas aos pais ou representantes legais do menor infractor co 49% (na zona semiurbana son partidarios co 53%)

Regresa a casa á hora que queren o 60%, destacando os que habitan nos distritos 5 e 1 con 73 e 69%, respectivamente. Apenas o 21% se mostra partidario regresar á hora que lle marcan na familia (chama a atención o distrito 4 cun 6%).

Viron nalgunha ocasión (o 21% dos entrevistados) aos seus **pais bébedos**. Os límites desta resposta sitúanse no Distrito 6 cun 39% e no 9 cun 9%.

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

Un 11% cren que os seus **pais consumiron drogas** nalgunha ocasión (destacando as respostas do Distrito 6 cun 34%).

Asisten sempre ou case sempre ao botellón un 26%. Pola contra, un 41% manifesta que nunca asiste e un 33% faino ocasionalmente. Os distritos 9 e 5 mostran os valores máis altos de frecuencia habitual ao botellón, cun 42 e 36%, respectivamente. Un 24% asiste ao botellón os venres e sábados (no distrito 9 fano o 51% dos entrevistados).

Estatisticamente, non se pode dicir que os menores de idade asistan máis ou menos ao botellón. A proporción de asistentes ao botellón entre os menores de 18 anos (55%) non é significativamente diferente da dos asistentes entre os maiores de idade (60%). Así mesmo, entre os xovens asistentes, un 24,7% son menores de idade, pero este valor non é significativamente diferente ($p=0,24$) da porcentaxe de menores de idade (28,8%) no grupo de non asistentes.

Contodo, cando se trata de acudir regularmente ao botellón, **o comportamento dos menores de idade é diferente ao dos maiores**: en xeral, os primeiros acoden con máis frecuencia (“sempre” ou “case sempre”) ao botellón que os segundos (24,7% fronte ao 7,3%). Isto é, entre os maiores de 18 anos unha maior proporción asiste ao botellón só ocasionalmente.

Por zonas de asistencia ao botellón, os xovens que manifestaron asistir ao botellón con maior frecuencia (sempre e case sempre) destacan a Pr. da Estrela (37,9%), Casco Vello (25,9%) e parque do Castro (15,5%) fronte a outras zonas como Montero Ríos (10,3%) e outras (entre as que figura a rúa Joaquin Loriga, co 10,3%).

Un 31% seguiría acudindo ao botellón aínda que **os seus pais llo prohibisen** (destaca o distrito 4 cun 46%). Pola contra, un 45% obedecería e o 8% acudiría menos e con discreción. Obsérvase o baixo índice do distrito 9, cun 18% aínda que, neste caso, un 27% dos entrevistados deste distrito non quixeron contestar).

2. MAIORES DE 26 ANOS

Idade media: 49,28 años.

Posúen principalmente **estudos** de ensinanza primaria (42%), destacando as porcentaxes nos Distritos 4 e 8, co 67 e 61%, respectivamente fronte ao Distrito 9 con só 29%.

Viven coa súa **familia** (89%), pois só un 8% comparte piso. Os pertencentes aos

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

Distritos 8, 6 e 5 con 99, 97 e 95%, respectivamente representan os valores máximos e o menor é o distrito 9 cun 80%.

A súa **situación socio-profesional** é a de asalariado (51%) seguida da de xubilado co 21%. A proporción de estudantes cífrase en só un 2%.

Sae a **se divertir** máis dunha vez ao mes o 27%, seguido do outro colectivo que raras veces o fai (26%). Só un 5% participa todos os días en actividades de lecer (especialmente os dos distritos 8 e 5 co 18 e 15%, respectivamente).

Sae coa **parella e amigos** o 28% (o Distrito 6 rexistra un 45%), seguido dun 23% que o fan só coa parella (os do Distrito 2 superan este valor cun 28%).

Acostuman a **regresar a casa** entre as 0 e 1 horas un 26% dos entrevistados, seguido do colectivo que o fai entre as 2 e 3 horas e que representa o 23%. Só un 12% o fai despois das 5h.

A **frecuencia do consumo de alcohol** é ocasional para o 31% seguido dos que o fan acotío (24%). Só o 13% responde que non bebe nunca.

O 30% recoñece que consumiu **bebidas alcólicas por primeira vez** ente os 15-17 anos, seguido do intervalo de 12-14 anos cun 21% e o que o fixo antes dos 12 anos un 6%. Só un 5% recoñece que nunca consumiu alcohol. Así pois, un 57% das persoas entrevistadas consumiu alcohol antes da maioría de idade.

Admiten ter consumido **drogas brandas** (haxixe, mariuana,...) un 16% dos entrevistados (destacando o Distrito 3 cun 25%), seguido das duras cun 2% (os valores máximos correspóndense cos Distritos 9 e 1 cun 10 e 8%, respectivamente).

Sobre a **opinión que teñen da xuventude**, o grao de valoración é en orde decrecente: 1) a xuventude actual ten moitas oportunidades que non aproveita co 64% (obsérvanse os máximos nos distritos 2 e 6 cun 85 e 80%, respectivamente, e mínimo no 9 co 27%); 2) Os mozos só pensan en se divertir co 58% (valor máximo no Distrito 4 co 90% e mínimo no 9 cun 29%); 3) A nosa sociedade esíxelle a cada vez máis á xuventude co 53% (valor máximo no Distrito 4 co 64% e mínimo no 9 co 48%).

Manifestan que non se realiza **botellón nas inmediacións do seu fogar** o 71%, rexistrándose os valores máximos nos Distritos 8 e 9 co 91 e 85%, respectivamente. Pola contra, un 18% manifesta que se realiza o botellón nas inmediacións do seu fogar, destacando os rexistros producidos nos Distritos 4 e 5, co 99 e 98%, respectivamente.

O 26% refire que existen **locais de lecer nocturno** (pubs, discotecas,...) abertos até

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

altas horas da madrugada nas inmediacións da súa residencia, rexistrando os Distritos 8 e 5, co 97% para ambos os dous.

A inmensa maioría das persoas entrevistadas (o 90,8%) consideran que o botellón constitúe un **problema**, destacando os que o consideran un problema de orde pública (36,5%) fronte aos que só consideran un problema de saúde pública (12,4%). Para o 41,9% dos entrevistados constitúe un problema tanto de saúde como de orde pública. Só o 9,2% considera que o botellón non é ningún problema.

Un 81% considera incívico o **comportamento** dos asistentes ao botellón, rexistrándose os valores extremos nos distritos 9 e 6, co 90 e 83%, respectivamente).

As principais **causas** do fenómeno do botellón son: 1) a falta dunha oferta de espazos de lecer propios e accesíbeis para a mocidade para o 47% (valores extremos no Distrito 5 co 85% e 4 co 22%); 2) a non asunción das súas responsabilidades dos pais e autoridades para o 42% (valores extremos: distrito 5 co 69% e 3 co 22%); 3) a xuventude está excesivamente mimada para o 41% (valores extremos: distrito 7 co 60% e Distrito 1 co 20%); 4) o menor valorado é o feito de que en España sempre se teña bebido moito na rúa para o 16% (valores extremos: Distrito 9 co 30% e Distrito 7 co 5%).

Dentro deste apartado hai que resaltar a dependencia estatística significativa ($p < 0,05$) entre a opinión sobre as causas do botellón e o feito de ter fillos en idade comprendida entre os 14 e 26 anos. Para os que están nesta situación, a orde é: a carencia de espazos de lecer propios e accesíbeis para á mocidade case á par co 44% da non asunción das súas responsabilidades polos pais e autoridades. Os que non teñen fillos entre os 14 e os 26 anos decántanse pola carencia de espazos de lecer propios e accesíbeis para a mocidade e o excesivo mimo da xuventude (co 48 e 42%, respectivamente) seguida da non asunción de responsabilidades dos pais e autoridades co 41%.

As **medidas que contribuirían a solucionar** o problema do botellón por orde decrescente: 1) Ofrecendo alternativas de lecer co 44% (valores extremos: Distrito 1 co 60% e Distrito 4 co 16%); 2) Con maior presenza policial co 35% (valores extremos: Distrito 4 co 48% e Distrito 8 co 15%); 3) Educando aos mozos no respecto aos demais (valores extremos: Distrito 8 co 53% e Distrito 3 co 15%); 4) Levando o botellón lonxe das zonas residenciais co 30% (valores extremos: Distrito 3 co 62% e Distrito 1 co 16%).

Convén sinalar que a resposta “os mozos están mellor na rúa que nos bares” foi a que obtivo menor proporción de identificación, con só o 2%.

Igualmente existe dependencia estatística significativa ($p < 0,05$) entre a opinión sobre as solucións ao botellón e o feito de ter fillos en idade entre 14-26 anos. Para os que están nesta situación, a orde de maior a menor grao de identificación son: 1) ofrecendo alter-

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

nativas de lecer (45%), 2) con maior presenza policial (37%), 3) abondaría con baixar os prezos das copas (30%) e 4) levando o botellón lonxe das zonas residenciais (27%). Para os restantes maiores de 26 anos a prioridade é: 1) ofrecer alternativas de lecer (43%), 2) maior presenza policial (34%), 3) levando o botellón lonxe das zonas residenciais (30%) e 4) baixando o prezo das copas (21%).

Son partidarios nun 78% de casos da **prohibición do consumo de álcool a menores** de idade rexistrándose os valores extremos no Distrito 1 (91%) e 7 (57%).

En **caso de incumprimento**, consideran en primeiro lugar a imposición de sancións económicas aos pais ou representantes legais dos menores co 69% (valores extremos no Distrito 2 co 85% e 9 co 35%), seguido de perto polo aumento no control na venda das bebidas alcohólicas co 67% (valores extremos: Distrito 4 co 77% e 6 co 56%).

Os pais que non cren que os seus fillos **asistan ao botellón** representan un 47% (valores extremos: Distrito 9 co 64% e Distrito 2 co 20%), seguido dos que cren que si co 41% (valores extremos: Distrito 2 co 63% e Distrito 9 co 14%).

A frecuencia coa que cren que os seus fillos asisten ao botellón é ocasional no 38% de casos (valores extremos: Distrito 8 co 68% e Distrito 5 co 0%), cifra inferior aos que sinalan que nunca asisten co 46% (valores extremos: Distrito 9 co 86% e Distrito 5 co 0%).

Non **prohibirían a asistencia ao botellón** o 36% dos pais entrevistados porque é unha forma de se divertiren (valores extremos: Distrito 8 co 61% e Distrito 9 co 7%), seguido dun 31% que si o prohibirían (valores extremos: Distrito 9 co 57% e Distrito 1 co 7%).

Cren que o **consumo de álcool dos seus fillos** o realizan os fins de semana o 35% (valores extremos: Distrito 4 co 53% e 9 co 7%), seguido dos que o fan ocasionalmente co 29% (valores extremos: distrito 8 co 45% e distrito 3 co 17%).

Só o 8% cre que os **seus fillos consumiron** nalgunha ocasión drogas ilegais (valores extremos: distrito 9 co 21% e distrito 4 co 0%). Ademais hai un 20% do colectivo de pais entrevistados que non saben que contestar a esta pregunta.

Un 18% admite que os seus fillos **regresaron bébedos a casa** nalgunha ocasión (valores extremos: distrito 8 co 32% e distrito 4 co 4%). Hai un 9% de pais que non saben que contestar a esta pregunta.

Segundo o colectivo de pais entrevistados, un 31% de **xovens regresa a casa** despois das actividades de lecer nocturno á hora que estes queren (valores extremos: distrito 8 co 52% e distrito 1 co 24%), seguido polos que chegan á hora que o fan os seus amigos e á hora marcada polos pais co 29% para as dúas opcións.

3. GLOBAL

Computando o global das respostas producidas nas dúas enquisas realizadas, a seguir móstranse as tendencias globais producidas:

Idade media: 39,63 anos.

O botellón é principalmente un **problema** de saúde para o 38% das persoas entrevistadas, seguido do relacionado coa orde pública (33%). Só un 17% manifesta que non supón ningún tipo de problema. Como curiosidade cumpre destacar que o Distrito 9 correspóndese co máximo valor (54%) como problema de orde pública para os entrevistados e ese mesmo distrito rexistra a máis baixa porcentaxe (12%) dos que pensan que se trata dun problema de saúde pública.

Unha análise máis pormenorizada desta variábel mostra a súa dependencia significativa ($p < 0,05$) do feito de residir ou non en zonas afastadas aos lugares onde se realiza o botellón. A proporción de persoas que consideran que o botellón é un problema (de orde pública, de saúde pública ou de ambas as dúas) é superior nas persoas residentes nestas zonas afastadas que nas que viven cerca (85,1% fronte ao 79,3%). En concreto, manifestan en maior proporción que se trata dun problema de orde pública (34,9% fronte ao 27,5%) e de saúde (14,8% fronte ao 4,4%). Os residentes en zonas próximas a lugares onde ten lugar o botellón rexistran unha maior proporción na consideración de que é un problema tanto de saúde como de orde pública (47,4% fronte ao 35,4%).

Non consideran cívico o **comportamento dos asistentes ao botellón** o 75%, encontrándose os valores extremos nos Distritos 9 e 1 co 87 e 70%, respectivamente.

Esta opinión sobre o civismo do comportamento dos asistentes ao botellón non depende significativamente ($p < 0,05$) do feito de residir ou non en zonas próximas a lugares onde ten lugar o botellón. Neste sentido o 27,2% das persoas que residen nesas zonas consideran cívico o comportamento dos asistentes, opinando o mesmo o 24,2% dos que viven en zonas afastadas de lugares onde se leva a cabo o botellón.

As **causas** do botellón ordénanse de acordo cos seguintes criterios: 1) os xovens non dispoñen dunha oferta e espazos de lecer propios e accesíbeis (57%), alcanzando os valores extremos nos distritos 5 e 6 co 89 e 51%, respectivamente; 2) a xuventude está excesivamente mimada (39%), sendo os valores extremos nos distritos 3 e 5, co 61 e 11%, respectivamente; 3) a non asunción das súas responsabilidades por parte dos pais e autoridades (36%), recibindo os valores extremos nos Distritos 5 e 3 co 62 e 17%, respectivamente.

Por outra banda, a opinión sobre as causas do botellón depende significativamente

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

($p < 0,05$) do feito de residir ou non nas proximidades ás zonas de botellón. Os residentes en zonas próximas concordan coa mesma ordenación das tres principais causas da existencia do botellón citadas anteriormente (60%, 37% e 36%, respectivamente). No caso dos residentes en zonas afastadas a lugares onde se celebra, as causas ordénanse segundo os seguintes criterios: 1) os xovens non dispoñen dunha oferta e espazos de lecer propios e accesíbeis (54%), 2) os pais e as autoridades non asumen as súas responsabilidades (40%) 3) a xuventude está excesivamente mimada (34%).

Cren que a **solución** ao problema do botellón viría, por orde decrecente: 1) Ofertando alternativas de lecer co 43% (valores extremos: Distritos 3 e 4 co 59% e 17%, respectivamente); 2) levándoo lonxe das zonas residenciais co 34% (valores extremos: distritos 3 e 1 co 61 e 17%, respectivamente); 3) baixando os prezos das copas co 31% (valores extremos: distritos 8 e 3 co 40 7%, respectivamente); 4) con maior presenza policial co 31% (valores extremos: distritos 4 e 8 co 45 e 12%, respectivamente).

A opinión sobre as medidas de solución á problemática do botellón depende significativamente de se a residencia habitual está próxima ou non a zonas onde este ten lugar. Desta maneira, os residentes en zonas próximas a lugares de celebración do botellón son partidarios en maior proporción, fronte aos residentes en zonas non afectadas polo botellón, a: 1) ofrecer alternativas de lecer á mocidade (45% fronte ao 38%), 2) unha maior presenza policial (35% fronte ao 30%) e 3) a levalo lonxe das zonas residenciais (33% fronte ao 30%). Entre os residentes en zonas non afectadas rexístrase unha maior identificación coa medida de baixar o prezo das copas (37% fronte ao 28%).

Un 71% maniféstase partidario **de prohibir o consumo de álcool a menores** (valores extremos: distritos 3 e 7, co 89 e 60%, respectivamente).

En **caso de incumprimento**, as medidas apuntadas por orde decrecente son: 1) aumentar o control na venda de bebidas alcohólicas aos menores co 71% (valores extremos: Distritos 3 e 6 co 79 e 52%, respectivamente); 2) sancionar economicamente aos pais ou representantes legais do infractor co 62% (valores extremos: distritos 6 e 9 co 79 e 30%, respectivamente); 3) impor traballos en beneficio da comunidade aos menores entre 16-18 anos co 55% (valores extremos: distritos 3 e 6 co 79 e 52%, respectivamente).

4. XOVENS VS MAIORES

A opinión sobre as cuestións que se presentan a continuación depende significativamente do grupo de idade (entre 14 e 26 anos, ou maior de 26 anos) dos individuos:

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

Civismo dos asistentes ao botellón

Os xovens que non asisten ao botellón xulgan que o comportamento dos que acoden é cívico nunha proporción (21,4%) semellante ao nivel de resposta rexistrado nos maiores de 26 anos (19,6%).

Por outro lado, a proporción dos xovens que acoden ao botellón que consideran cívico o comportamento dos "botelloneiros" (47,3%) duplica á proporción rexistrada no caso dos xovens que declaran non asistir ao botellón (21,4%).

Causas do botellón

Tanto a poboación xoven (asistente ou non ao botellón) como os maiores de 26 anos entrevistados (sexan estes pais con fillos de idades comprendidos entre os 14-26 anos ou non), concordan en situar na falta dunha oferta de espazos de lecer propios e accesíbeis para a mocidade como a principal causa da existencia do botellón. Ora ben, esta consideración adquire maior proporción na poboación xoven (76,4%) que na maior de 26 anos (46,7%).

Concordan en situar como segunda causa no excesivo mimo da xuventude tanto os xovens que manifestan non acudir ao botellón (49,9%) como os maiores de 26 anos que non teñen fillos en idades comprendidas entre os 14-26 anos (42,3%). Tanto os xovens que declaran asistir ao botellón como o colectivo dos pais con fillos de idades comprendidas entre os 14-26 anos esta causa rexistra menor apoio (24,2 e 35,4%, respectivamente).

A non asunción de responsabilidades polos pais e autoridades como causa do botellón é valorada polo 43,8% do colectivo de pais con fillos de idade comprendidas entre os 14-26 anos e polo 24,2% da globalidade dos xovens.

Entre a poboación xoven que manifesta acudir ao botellón identifícase en menor proporción coa irresponsabilidade e falta de educación da mocidade (11,4%), mentres que no caso da poboación maior de 26 anos (sexan estes pais ou non de fillos entre os 14 e os 26 anos) e nos xovens que declaran non asistir ao botellón constitúeo o feito de que en España sempre se tivese bebido moito e na rúa (16,2% e 14,0%, respectivamente).

Medidas de solución ao botellón

O colectivo de persoas maiores de 26 anos (sexan estes ou non pais con fillos de idades comprendidas entre os 14-26 anos) consideran que a medida que máis eficientemente contribuiría a solucionar o problema do botellón sería ofrecendo alternativas de lecer á xuventude (43,5%), proporción semellante á rexistrada no colectivo de xovens de idades comprendidas entre os 14-26 anos (40,8%, aínda que ocu-

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

pando o terceiro lugar de preferencia). Neste sentido, resaltar que o colectivo de xovens que declaran asistir ao botellón manifesta un menor apoio a esta medida (38,3%).

A medida de levar o botellón lonxe das zonas residenciais ocupa o segundo lugar de preferencia entre a poboación xoven (43,2%), porcentaxe superior á rexistrada entre os maiores de 26 anos (29,7%).

Unha baixada dos prezos das copas sería suficiente para acabar co botellón é a primeira medida aludida para a poboación xoven (45,9%) fronte aos maiores de 26 anos (23,3%). Existe un maior grao de identificación con esta medida entre os xovens que declaran asistir ao botellón fronte os que non (51,9% fronte ao 37,3%) e entre o colectivo de pais que os que non o son (29,8% fronte ao 21,2%).

Un aumento da presenza policial como medida para solucionar o botellón é apoiada polo 35,2% dos maiores de 26 anos ocupando o segundo lugar na preferencia tanto dos colectivo de pais como nos que non o son. Esta porcentaxe é semellante á rexistrada entre o colectivo de xovens que declaran non asistir ao botellón (31,4%). Só o 14,7% dos xovens que manifestan asistir ao botellón se identifican con esta medida.

Prohibición do consumo de álcool por menores

Un 78,2% dos maiores de 26 anos e o 57,1% dos xovens son partidarios da prohibición do consumo de álcool por menores de idade.

Medidas para mitigar o consumo de álcool por menores de idade

O aumento no control da venda de bebidas alcohólicas para que os menores non teñan acceso a elas obtén o 78,8% de apoio entre os xovens de idades comprendidas entre 14-26 anos e o 67,3% no colectivo de maiores de 26 anos.

A medida de impor sancións económicas aos representantes legais dos menores que consuman álcool recibe o apoio 68,9% do colectivo de maiores de 26 anos fronte ao 48,7% dos xovens entrevistados.

Das medidas propostas, a que menor grao de apoio ten é a imposición de traballos en beneficio da comunidade, co 60,7% de apoio entre os maiores de 26 anos e o 41,7% nos xovens.

Frecuencia de asistencia ao botellón

Os xovens asisten ao botellón en maior proporción do que os seus pais pensan (o 58,9%

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao concello de Vigo

dos xovens declara asistir algunha vez ao botellón fronte ao 53,7% do que pensan os seus pais).

Prohibición de acudir ao botellón

O 31,4% dos pais con fillos de idades entre os 14-26 anos prohibiu ou prohibíralles asistir ao botellón. O 22,4% considera que esa prohibición, de producirse, non serviría de nada. O 36,3% non prohibiría aos seus fillos acudir ao botellón xa que consideran que é unha forma de divertirse e o 0,0% non sabería que facer.

As respostas dos fillos distribúese da seguinte maneira: o 44,8% obedecería aos seus pais, o 31,2% seguiría acudindo igual, o 8,2% tentaría convencer aos seus pais –obedecéndoos en todo caso-, o 5,8% acudiría menos e con discreción e un 10% non sabería que facer.

Consumo de drogas ilegais (brandas, duras e de deseño)

O 7,8% dos pais afirman que os seus fillos consumiron nalgunha ocasión estas drogas mentres que o 11,1% dos fillos manifestan que os seus pais tamén as consumiron.

Embriaguez no seo da familia

O 18,3% dos pais admiten ter visto aos seus fillos bébedos nalgunha ocasión fronte a un 21,1% de xovens que declaran ter visto a algún dos seus proxenitores en estado de embriaguez.

Hora de regreso a casa

O 60,2% dos xovens declaran regresar a casa á hora que queren despois das actividades de lecer nocturno fronte ao 35,1% manifestado polos pais sobre a hora de chegada dos seus fillos.

Pola contra, as respostas dos pais rexistran maiores proporcións que a dos seus fillos (29,5% fronte ao 21,2%) se se trata da opción de chegar a casa á hora marcada por aqueles.

Como se pode comprobar, as respostas dos xovens non concordan coas dos seus pais ao conter aqueles sempre valores máis elevados ás preguntas formuladas sobre frecuencia de asistencia ao botellón, prohibición de acudir a el, consumo de drogas ilegais, casos de embriaguez no seo da familia e horario de regreso a casa.

EPÍLOGO

Nengún problema relacionado entre o lecer e a convivencia se resolverá sen o coñecemento, comprensión e apoio da opinión pública, que englobaría a toda a cidadanía, gobernos locais e círculos económico-sociais da cidade.

O problema do botellón como parte da dualidade lecer-convivencia estase tomando como criterio de gobernabilidade de determinados concellos, pois leva implícito un debate que calquer administración local ten que propor como representación dunha sociedade diversificada en opinións contraditorias en tempo e lugar, xa que tomar decisións sen coñecer as directrices da cidadanía resulta, case sempre, contraproducente. Xa que logo, unha reflexión que implique a análise da percepción dos problemas e das súas solucións é unha ferramenta básica para calquer cargo público con capacidade executiva.

Con estes obxectivos, leváronse a cabo reunións con grupos sociais de distintos ámbitos representativos dunha parte da sociedade viguesa. Nestes casos concretos, optouse por captar unha opinión xeral dese particular grupo social co que se establecera unha reunión co obxectivo de dar a coñecer pormenorizadamente o contido da enquisa. O número de persoas que interviron neste proceso aproximouse a 150.

Xa que logo, descríbese neste apartado, aqueles criterios que teñen a sinalar pautas de comportamento con respecto ao fenómeno social denominado botellón, que se complementa coas valoracións obtidas por medio das enquisas persoais.

Baixo a firme crenza de que as opinións evolúen e, portanto, non son fixas, senón que están cheas de claroscuros, estas deberán centrarse na análise da observación da realidade, fuxindo da pasividade e do conformismo, así como determinando a coherencia e incoherencia nas actitudes dos botelloneiros.

Con estes considerandos referidos anteriormente, as reflexións xerais como denominador común dos grupos-colectivos participantes encádranse dentro das seguintes características.

- O botellón implica un estilo de vida distinto, temporal, que non tenta persuadir a ninguén sobre esa forma de lecer. Para a súa comprensión, requírese que a cidadanía acepte unha discusión pública, crítica e informada, que poida ser transparente máis alá dos intereses e posicións políticas. Non é un tema prioritario na escala de preocupación da cidadanía, onde o desemprego, a vivenda... ocupan os primeiros lugares.

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

- A cidadanía mostra, en bastantes ocasións, actitudes e prexuízos para este tema sen formularse previamente un coñecemento fundamentado sobre o tema, influenciada polas opinións dos políticos, empresarios e medios de comunicación.
- Non se observan diferenzas de actitudes en función do estatus social dos grupos sociais consultados. Somente se apreciaron diferenzas en termos de información sobre o tema.
- A opinión sobre o botellón non cambia co tempo, pois está arraigada entre os diferentes segmentos da sociedade. Sen diferenzas profundas entre maiores e mozos neste aspecto temporal.
- En relación ao xénero, obsérvase que as mulleres mostran máis contundencia perante ás formas a empregar para mitigar os efectos do botellón por crer que pode supor unha dificultade para a familia nos seus modos de convivencia.
- Non se constataron variacións substanciais sobre a forma do tratamento do tema en función de orientacións ideolóxico-políticas.
- As propostas que deben porse en práctica para a redución do fenómeno do botellón divídense entre a prohibición ou establecemento de límites estritos, xunto cunha política de cambio de estilo de vida da mocidade con incentivos para iso.
- A cidadanía delega parcialmente a súa responsabilidade sobre estes temas, no que fai á deliberación e decisión, nos axentes político-sociais, aínda que non mostren excesivo grao de confianza neles, pois cren que, no caso concreto dos partidos políticos, inclúen este tema do botellón nos programas electorais para o seu propio beneficio. Porén, admite que lle gusta ser consultada na toma de decisións por considerar que supón unha achega no debate público que se realiza co obxectivo de plasmar solucións.
- A responsabilidade da solución do problema do botellón non é exclusivo dos gobernos locais senón de toda a cidadanía coas súas organizacións cívicas (empresas, ONG, asociacións,...).
- A solución do problema establécese entre unha posíbel alternativa que se debe optar entre dereitos e deberes cívicos interpostos, compatíbel cun viguismo integrador.
- Deben protexerse os dereitos ao descanso aínda que isto supoñan custos extra para manter a convivencia cívica que o lecer comporta. Para reducir os conflitos destas actividades de lecer, os esforzos serán custosos e afectarán á economía local, pois están interrelacionados co noso estilo de vida. Conflitos que van ser cada vez máis frecuentes na nosa sociedade xa que a cidadanía non quere asumir recortes no seu nivel de vida que

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

impliquen cambios no seu estilo de vida; isto é, defensa de políticas de lecer e convivencia sen ter en conta consideracións de custos.

- Non está disposta a cidadanía a aceptar custos extras para solucionar o problema do botellón (desprazamento dos botelloneiros a zonas periféricas e o seu transporte). Esta actitude diminúe a medida que aumentan os ingresos dos fogares, aceptando unha suba específica dos impostos.

- A cidadanía identifícase cos medios de comunicación, de acordo co principio de que aquilo do que se fala máis, existe máis, mentres que aquilo do que se fala pouco apenas existe, e do que non se fala, non existe.

- Considérase que o tema do botellón se relaciona cun dano medioambiental no ámbito da xeración de ruídos e, tanxencialmente, coa degradación de espazos naturais.

- Obsérvanse criterios contradictorios entre unha notábel sensibilidade ecolóxica e a vontade decidida para a súa resolución. Isto é, dualidade na elección: redución do nivel de vida vs. mellora do medio ambiente. Igualmente, detéctanse criterios contradictorios entre as consecuencias relacionadas coas súas propias actividades de consumo e a responsabilidade da súa solución por parte doutros (opinións sobre os mozos desde a óptica dos seus pais ou daquelas persoas de quen dependen).

BIBLIOGRAFÍA

Botellón. Análisis de un nuevo fenómeno social. El caso de Vigo. L. Espada Recarey e col. *Edición Valedor do Ciudadán (2006).*

Botellón. Un conflicto posmoderno. A. Baigorri e col. *Ed Icaria (2003)*

Rev. ADOZ (número 30) Instituto de Estudios de Ocio. *Ed. Universidad de Deusto (2006)*

Estudio 2668. Encuesta deliberativa sobre ocio juvenil nocturno. Avance de resultados. *CIS (2006)*

La noche: un conflicto de poder. Rev. de Estudios de Juventud (núm. 50). *Ed. Instituto de la Juventud (2001)*

El botellón como fenómeno global. J. A. López Rey; M. M. Chaves e col. *Cuadernos de Antropología-Etnografía (núm. 23) (2003)*

ANEXO I

ENQUISA REALIZADA A PERSOAS MAIORES DE 26 ANOS

NIVEL DE ESTUDOS

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
PRIM	42,2	49,2	33,5	45,9	41,2	33,8	33,7	67,2	46,3	29,1	32,5	61,4	37,9
SEC	34,4	26,8	38	34	41,2	44,6	34,1	23,7	37,3	41,1	36,4	25,0	28,4
UNIVE	23,4	24,0	28,5	20	17,6	21,7	32,2	9,1	16,4	29,8	31,2	13,6	33,7

SITUACIÓN DE CONVIVENCIA

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
FAM	89,3	89,1	90,9	88,4	88,2	92,4	92,8	81,9	95,5	97,2	85,7	98,9	80
PART	8,2	5,5	8,0	9	9,8	7	6,7	12,1	4,5	2,1	12,6	1,1	9,5
OUTR	2,5	5,5	1,1	2,6	2,0	0,6	0,5	6	0	0,7	1,7	0	10,5

SITUACIÓN SOCIO-PROFESIONAL

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
ASALARIADO	50,8	46,4	49,4	52,8	51	54,1	50,0	55,2	47,8	54,6	46,8	39,8	52,6
AUTONOMO	11,1	10,9	13,0	10,0	12,7	8,9	16,3	3,9	17,9	11,3	12,6	17,0	5,3
DESEMPREG	15,0	14,8	13,2	16,2	18,6	15,9	13,5	17,7	6,0	12,8	15,6	17,0	12,6
XUBILADO	21,1	26,2	21,6	19,5	17,6	21,0	16,3	22,0	28,4	20,6	20,3	25	27,4
ESTUDANTE	2,0	1,6	2,7	1,6	-	-	3,8	1,3	-	0,7	4,8	1,1	2,1

REGULARIDADE COA QUE SAE A DIVERTIRSE

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
NUNCA	11,5	16,4	13,2	9,2	13,7	8,9	6,3	9,9	11,9	17,0	11,3	14,8	17,9
RARAS	25,6	23,5	28,5	24,3	33,3	21	10,6	34,9	20,9	31,9	35,1	10,2	35,8
<1 MES	12,1	10,4	11,4	13,0	10,8	13,4	14,9	12,1	4,5	14,2	26,8	11,4	9,5
>1 MES	26,6	19,1	23,5	30,6	29,4	26,8	29,8	34,5	19,4	25,5	14,7	21,6	16,8
SEM	18,8	19,1	19,4	18,5	9,8	24,2	30,8	7,3	28,4	9,9	6,5	23,9	14,7
>DIAS	5,3	11,5	4,1	4,4	2,9	5,7	7,7	1,3	14,9	1,4	2,6	18,2	5,3

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

OPCIÓN S CANDO SAE A DIVERTIRSE POLA NOITE

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
SÓ	12,6	18,0	14,8	9,9	15,7	8,9	7,2	10,3	11,9	17,0	14,3	18,2	17,9
AMIGOS	18,7	13,7	24,4	16,5	15,7	15,9	25,0	9,5	14,9	11,3	35,1	12,5	14,7
PARELLA	23,1	27,3	24,6	21,0	20,6	28,0	13,9	22,8	31,3	17,7	26,8	31,8	23,2
PARELLA E AMIGOS	27,6	36,6	28,0	25,0	36,3	40,1	24,0	10,8	37,3	45,4	14,7	33,0	40,0
FAMILIA	8,4	1,6	5,0	12,3	9,8	3,2	9,1	22,4	1,5	4,3	6,5	1,1	2,1
FAMILIA E AMIGOS	9,5	2,7	3,2	15,3	2,0	3,8	20,7	24,1	3,0	4,3	2,6	3,4	2,1

HORA DE CHEGADA CANDO SAE A DIVERTIRSE POLA NOITE

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
12-1	25,8	29,4	26,7	24,5	26,5	31	24,5	19,1	24,6	35,0	22,1	34,7	25,3
1-2	16,6	11,8	12,3	20,4	9,8	17,4	20,7	27,0	1,5	16,4	12,8	10,7	12,6
2-3	23,1	23,5	21,6	23,9	36,3	21,3	18,8	24,8	26,2	22,1	19,9	24	23,2
3-4	15,9	17,1	17,9	14,4	17,6	14,8	9,1	17,4	21,5	7,1	23,5	13,3	20,0
4-5	6,9	8,2	6,5	6,8	4,9	8,4	5,8	7,4	12,3	7,9	4,0	5,3	10,5
>5	11,7	10,0	15,1	10,1	4,9	7,1	21,2	4,3	13,8	11,4	17,7	12,0	8,4

FRECUENCIA DE CONSUMO DE BEBIDAS ALCOÓLICAS

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
NSNC	2,9	2,7	5,5	1,3	3,9	1,3	1,4	1,7	1,5	-	10,0	-	5,3
NUNCA	13,5	23	14,8	10,2	22,5	20,4	5,8	38,4	13,4	23,4	10,0	29,5	16,8
OCASIONAL	30,9	26,8	23,0	36,9	41,2	38,9	31,7	11,6	11,9	40,4	15,6	19,3	33,7
VARIAS/SEM	12,3	4,9	13,9	13,3	18,6	7,6	16,8	15,5	25,4	13,5	10,8	3,4	6,3
FIN DE SEMANA	16,5	11,5	20,3	15,5	2,9	12,7	23,6	32,8	35,8	10,6	21,6	14,8	8,4
ACOTIO	23,9	31,1	22,6	22,9	10,8	19,1	20,7	-	11,9	12,1	32,0	33,0	29,5

IDADE COA QUE CONSUMIU ÁLCOOL POR PRIMEIRA VEZ

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
<12	6,4	11,5	6,4	5,2	4,9	5,1	10,1	12,9	4,5	X,1	9,5	14,8	8,4
12-14	20,8	11,5	27,3	19,2	7,8	15,9	34,1	47,4	6,0	11,3	43,3	11,4	11,6
15-17	30,0	26,8	23,5	34,9	29,4	37,6	21,6	32,8	25,4	29,1	19,5	31,8	22,1
18-20	22,0	25,7	17,5	23,9	29,4	20,4	13,9	4,7	29,9	22	11,3	29,5	22,1
21-25	8,5	9,3	8,2	8,4	18,6	7,0	8,7	0,4	7,5	18,4	2,2	6,8	11,6
>25	2,5	7,7	2,3	1,3	1,0	3,2	1,0	0,4	3,0	5,7	-	-	14,7
NUNCA	5,5	6,0	7,7	3,9	8,8	6,4	3,4	0,4	13,4	10,6	4,3	4,5	7,4
NSNC	4,3	1,6	7,1	3,3	-	4,5	7,2	0,9	10,4	0,7	10	1,1	2,1

CONSUMIU ALGUNHA VEZ ALGUNHA DESTAS DROGAS

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
DESEÑO	2,0	1,1	3,0	1,6	3,9	-	1,9	1,3	4,5	3,5	2,2	1,1	1,1
BRANDAS	15,7	16,9	15,5	15,6	17,6	15,9	25,5	5,6	16,4	27,0	8,2	11,4	22,1
DURAS	2,4	6,6	1,4	2,0	7,8	1,3	1,4	0,4	6,0	1,4	-	2,3	10,5

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

OPINIÓN SOBRE A MOCIDADE. GRAO DE ACORDO NA VALORACIÓN

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
A xuventude desaproveita moitas oportunidades	64,0	48,7	67,9	65,6	52,9	85,3	48,0	73,7	79,1	80,1	57,1	71,6	27,4
Os mozos non teñen ideais	43,6	31,7	46,9	44,6	34,3	49	27,9	61,3	26,8	53,9	48,5	40,9	23,2
A sociedade esíxelle cada vez máis	52,6	38,2	48,7	58,8	58,8	51,6	58,6	63,8	50,8	35,5	56,3	46,6	48,4
Os mozos só pensan en divertirse	57,9	41,5	62,4	59,2	31,4	54,8	41,9	90,1	56,7	64,5	62,8	54,5	29,4
Cada vez tense menos en conta a súa opinión	39,9	29,0	36,9	44,7	50,0	49,6	56,2	28,4	31,4	34	40,3	31,9	26,3

REALIZACIÓN DO BOTELLÓN NAS INMEDIACIÓNS DO FOGAR

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
SI	18,0	11,5	14,8	21,7	22,5	31,2	38,0	99,6	98,5	40,4	3,0	9,1	13,7
NON	70,6	88,0	72,4	64,8	77,5	66,9	18,3	0,4	1,5	56,7	74,5	90,9	85,3

PUBS/DISCOTECAS ABERTOS ATÉ ALTAS HORAS DA MADRUGADA PRÓXIMAS

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
SI	26,0	15,3	14,6	36,1	42,2	42,0	44,7	21,6	97,0	26,2	10,8	96,6	27,4
NON	66,8	84,2	76,1	56,5	57,8	56,1	31,7	78,4	3,0	68,1	74,9	1,1	72,6

TIPO DE PROBLEMA DO BOTELLÓN

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
Orde pública	36,5	47,0	42,1	30,2	18,6	24,8	32,2	37,1	16,4	29,1	57,6	30,7	62,1
Saúde pública	12,4	26,8	12,5	8,6	15,7	15,3	-	8,6	7,5	9,2	16,0	28,4	25,3
Non é problema	9,2	5,5	10,0	9,7	2,9	3,2	16,3	11,2	7,5	3,5	14,7	10,2	1,1
Saúde e Orde	41,9	20,8	35,3	61,5	62,7	56,7	61,4	43,1	68,7	58,2	11,7	30,7	11,6

CONSIDERA CIVICO O COMPORTAMENTO DOS ASISTENTES AO BOTELLÓN

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
SI	18,6	19,7	17,8	18,9	20,6	17,2	18,8	19,4	20,9	17,0	17,3	30,7	9,5
NON	81,4	80,3	82,2	81,1	79,4	82,8	81,3	80,6	79,1	83,0	82,7	69,3	90,5

CAUSAS DO BOTELLÓN

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
Excesivo mimo xuventude	40,7	32,8	42,8	41,3	19,6	21,7	58,2	49,1	10,4	30,5	59,7	34,1	31,6
Falta de espazos de lecer	46,7	44,8	50,8	44,6	53,9	59,2	53,8	22,4	85,1	45,4	44,2	52,3	37,9
Sempre se bebeu en España	16,2	21,3	11,8	17,6	24,5	8,3	27,4	12,1	3,0	27,0	5,2	11,4	30,5
Xuventude irresponsábel	28,6	13,1	21,2	37,3	10,8	25,2	26,0	67,2	4,5	22,7	25,1	12,5	13,7
Poucas expectativas laborais	25,8	29,0	30,3	22,2	45,1	38,2	12,5	9,9	28,4	27,0	32,9	30,7	27,4
Irresponsab pais e autoridades	42,0	59,0	43,1	36,9	46,1	47,1	22,1	39,2	68,7	47,5	32,9	59,1	58,9

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

SOLUCIÓNS AO BOTELLÓN

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
1	35,2	20,2	38,7	36,9	18,6	30,6	38	48,3	17,9	42,6	42,4	14,8	25,3
2	12,0	10,4	15,9	10,0	7,8	7,6	17,3	6	49,3	12,1	8,7	4,5	15,8
3	29,7	21,9	25,3	34,5	15,7	31,8	62	19,8	25,4	18,4	29,4	25	18,9
4	7,9	16,9	7,5	5,7	8,8	6,4	6,7	3	6	17,7	1,7	14,8	18,9
5	23,3	24,6	20,7	24,6	12,7	21	10,6	44,8	17,9	24,8	19	35,2	14,7
6	9,3	16,4	7,1	8,9	10,8	12,7	3,8	9,9	3	7,1	8,2	5,7	26,3
7	20,1	23,0	16,4	21,6	35,3	19,7	32,7	6,9	7,5	20,6	16,5	26,1	20
8	16,4	17,5	13,4	17,9	18,6	28	22,6	6,5	6	16,3	13,9	17	17,9
9	13,2	8,7	8,2	17,6	2,9	1,3	0,5	50,4	6	2,1	12,6	1,1	15,8
10	5,7	8,2	8	3,6	2,9	10,2	1,4	1,3	1,5	7,1	10,4	9,1	7,4
11	4,0	12	3	2,6	3,9	2,5	1	3,4	4,5	3,5	2,2	2,3	21,1
12	4,0	7,1	3	3,9	4,9	1,3	4,3	4,7	0	1,4	4,8	0	13,7
13	43,5	38,8	48,5	41,6	59,8	49	55,8	15,9	50,7	51,1	46,3	52,3	26,3
14	32,7	32,8	38	29,3	52,9	43,3	15,4	22	55,2	39	32,5	48,9	17,9
15	1,7	3,8	2,3	0,9	2	2,5	0	0	4,5	0,7	2,6	2,3	5,3
16	13,5	18,6	14,1	11,7	34,3	18,5	5,8	2,6	37,3	10,6	9,5	29,5	8,4
17	7,5	9,3	9,8	5,6	5,9	5,7	4,3	6,5	1,5	7,1	13,9	6,8	11,6
18	20,3	9,8	20	23,2	2	7,6	17,8	47,8	6	17,7	25,5	4,5	14,7

1. Con maior presenza policial
2. Instalando máis contentores e WC
3. Levándoo lonxe das zonas residenciais
4. Os pais débenllo prohibir aos seus fillos e fillas
5. Baixando os prezos das copas sería suficiente
6. Non fan falla novas medidas, basta con facer cumprir as leis que xa existen
7. Chegando a un acordo entre todos (por ex.: acordando unha hora prudente para que remate)
8. Prohibindo beber na rúa
9. Prohibindo beber na rúas á mocidade
10. Prohibindo beber na rúa de noite
11. Prohibindo beber na rúa de noite á mocidade
12. Non hai que intervir, hai que deixar que os mozos se divirtan como queiran
13. Ofrecendo alternativas de lecer
14. Educando aos mozos no respecto aos demais
15. Os mozos están mellor na rúa que nos bares
16. Creando postos de traballo para os mozos e facilitando a súa emancipación
17. Non ten solución
18. Habería que castigar aos mozos que se emborrachen

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

PROHIBIRÍA O CONSUMO DE ÁLCOOL A MENORES DE 18 ANOS

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
SI	78,2	83,1	69,7	82,3	79,4	82,2	91,3	75,4	88,1	81,6	57,1	77,3	88,4
NON	21,8	16,9	30,3	17,1	20,6	17,8	8,7	24,6	11,9	18,4	42,9	22,7	11,6

MEDIDAS EN CASO DE INCUMPRIMENTO DA PROHIBICIÓ

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
Sancionar aos repres. Legais	68,9	52,7	70,9	71,5	53,8	85,4	56,2	81,6	67,4	80,7	59,3	72,8	35,5
Impor traballos sociais	60,7	54,3	60,0	62,9	44,2	64,9	56,0	74,5	38,0	65,0	55,1	59,7	49,3
Máis control venda	67,3	59,6	60,9	72,8	65,3	67,8	74,4	77,1	64,1	55,9	72,3	61,8	58,0

FILLOS DE IDADES ENTRE 14-26 ANOS

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
SI	24,4	24,6	26,4	23,0	24,5	19,1	25,5	22,8	20,9	32,6	24,2	35,2	14,7

CREN QUE OS SEUS FILLOS/AS ASISTEN AO BOTELLÓN

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
SI	41,3	35,6	44,0	41,0	28,0	63,3	37,7	37,7	28,6	32,6	57,1	45,2	14,3
NON	47,5	51,1	47,4	46,6	60,0	20,0	50,9	50,9	71,4	65,2	26,8	45,2	64,3
NSNC	11,2	13,3	8,6	12,4	12,0	16,7	11,3	11,3	-	2,2	16,1	9,7	21,4

FRECUENCIA COA QUE ASISTEN

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
Sempre	7,5	6,7	7,8	7,5	12	6,7	7,5	5,7	28,6	2,2	14,3	9,7	-
Case sempre	8,4	2,2	12,1	7,5	-	16,7	3,8	9,4	71,4	8,7	17,9	3,2	-
Ocasionalmente	37,9	51,1	29,3	40,4	32,0	66,7	35,8	34,0	-	26,1	32,1	67,7	14,3
Nunca	46,3	40,0	50,9	44,7	56	10,0	52,8	50,9	-	63,0	35,7	19,4	85,7

PROHIBIU OU PROIBIRIA AOS SEUS FILLOS ACUDIR AO BOTELLÓN

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
SI	31,4	26,7	32,8	31,7	12,0	6,7	43,4	43,4	14,3	41,3	30,4	12,9	57,1
Si, pero non serviría	22,4	17,8	23,3	23,0	16,0	20,0	15,1	35,8	-	15,2	35,7	19,4	14,3
Non	36,3	44,4	37,1	33,5	48,0	46,7	32,1	20,8	78,6	34,8	28,6	61,3	7,1
NSNC	9,9	11,1	6,9	11,8	24,0	26,7	9,4	-	7,1	8,7	5,4	6,5	21,4

Percepción social do fenómeno do botellón Aplicación ao municipio de Vigo

FRECUENCIA DE CONSUMO DE ÁLCOOL DOS FILLOS

	XERAL	RUR	SEMIUR	URB	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
NSNC	8,7	6,7	12,9	6,2	4,0	13,3	9,4	-	14,3	4,3	19,6	-	21,4
Nunca	27,0	22,2	32,8	24,2	36,0	6,7	45,3	7,5	50,0	47,8	16,1	19,4	28,6
Illado	28,9	42,2	23,3	29,2	28,0	33,3	17,0	39,6	28,6	26,1	19,6	45,2	35,7
Fin de semana	34,5	26,7	31,0	39,1	28,0	43,3	28,3	52,8	7,1	21,7	44,6	35,5	7,1
